



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LINGUA FRANCESA

CURSO ESCOLAR 2022-2023

I.E.S. CORUXO

A Carrasqueira nº 68 C.P:36331. Vigo. Pontevedra.

Teléfono 886 11 10 16

E-mail: ies.coruxo@edu.xunta.es

INDICE

1. *Composición do Departamento de Francés*
2. *Introdución e contextualización*
3. *Contribución ao **desenvolvemento das competencias clave**. Concreción da **relación dos estándares de aprendizaxe** avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.*
4. *Concreción dos obxectivos para o curso 2022/23:*
 - Obxectivos da materia*
 - Obxectivos para a ESO, BACHARELATO*
5. *Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliável de:*
 - 1º. Temporalización.*
 - 2º. Grao mínimo de consecución para superar a materia.*
 - 3º. Procedementos e instrumentos de avaliación*
 - 2º ESO : contidos, obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles, criterios e instrumentos de avaliación por Unidade.*
 - 4º ESO : contidos, obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles, criterios e instrumentos de avaliación por Unidade*
6. *Concrecións metodolóxicas que require a materia.*
7. *Materiáis e recursos didácticos que se van utilizar.*
8. *Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.*
9. *Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.*
10. *Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.*
11. *Organización dos procedementos que permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios.*
12. *Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.*
13. *Medidas de atención a diversidade.*
14. *Concreción dos elementos transversáis que se traballarán no curso.*
15. *Actividades complementarias e extraescolares propostas polo Departamento de Francés.*

16. *Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.*

17. *ANEXOS: Tabla, por cursos, de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe organizados nos cinco bloques, coas competencias clave, criterios e instrumentos de avaliación, e mínimos esixibles.*

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

No curso 2022/2023, o Departamento de Francés do I.E.S. Coruxo estará composto por dúas profesoras:

María Isabel González Puga, profesora de xeografía e historia, que impartirá 2 horas de clases de Francés en 1º de ESO, e Cristina Toural Rodríguez, profesora con destino definitivo dende o curso 2021/22, e Xefa de Departamento, que asume o resto das horas da materia 18h (4h en 1º ESO, 8h en 2ºESO, 3h en 3ºESO, 3h en 4ºESO) do total de 20h que se lle asignaron a este departamento. Non se constituíu ningún grupo de francés nin en 1º nin en 2º BAC.

2. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

A programación de lingua francesa prevista para o curso 2022-2023 no IES de Coruxo (Pontevedra) para os cursos pares (2º ESO, 4º ESO) está adaptada á LOMCE.

Entorno socio-cultural do IES Coruxo:

O entorno de este centro é por un lado semi-rural, por outro de periferia (zona de Navia), e, en menor medida, este centro escolar acolle a alumnos procedentes dunha zoa máis turística ou de praias. É importante o feito de que o instituto estea situado na zoa comprendida entre Canido e Samil, Saiáns, xa que, fundamentalmente, no vran, é lugar de veraneo e hai bastante turismo por ser zoa de praias. Este aspecto semella determinante para a motivación dos alumnos a aprender linguas estranxeiras (sector hostaleiro, guías turísticos...). Por outra banda, trátase dun centro educativo preto da vila de Vigo, onde empresas francesas coma Citroën e as súas filiais tanto en Vigo, coma no entorno en Porto do Molle, en Nigrán, Alcampo (Auchan), Carrefour... poden ofrecer oportunidades de traballo interesantes a alumnos que falen francés.

A segunda lingua estranxeira francés fai que os alumnos estean máis preparados para afrontar o mundo laboral, que teñan máis opcións para as becas Erasmus, e, a nota de francés subiríalles a media do instituto, que é 60% para os seus estudos universitarios ou de FP grao superior.

A materia de francés reforza os aspectos socioculturais e lingüísticos que se desenvolven noutras linguas ampliando a perspectiva dos alumnos, implementando o

seu vocabulario, estruturas da lingua, a súa perspectiva cultural da cultura románica, na que, maila cada vez máis invasiva xermánica, vivimos e forma parte da nosa historia.

O ensino secundario é unha etapa fundamental que vai proporcionar ao alumnado a formación necesaria para poder desenvolverse como cidadán responsable, contribuíndo á súa evolución persoal e profesional. Trátase por tanto dunha educación común, con obxectivos compartidos por tódalas materias que ten como meta lograr que o alumnado provinte de calquer contexto socio-cultural, situación familiar, con expectativas, aptitudes e personalidades diferentes, sexa quen de acadar as competencias básicas. Competencias básicas que inciden naquelas aprendizaxes consideradas imprescindibles dende un punto de vista integrador, que son as que deben ter adquiridas os nosos alumnos ao termo dos seus estudos no instituto, aquelas que os capacitarán para incorporarse de xeito satisfactorio na vida adulta e no mundo do traballo.

Datos alumnado:

No noso Centro so se cursa o Francés coma Segunda Lingua Estranxeira, non se oferta na matrícula como Primeira Lingua, malia que a xefa de departamento o propuxera na última reunión de coordinación pedagóxica do curso anterior.

Francés 2ª Lingua impártese nos niveis educativos seguintes: 1º, 2º de ESO, materia obrigatoria excepto para os alumnos que necesitan reforzo, é optativa 3º e 4º de ESO.

En 3º da ESO este ano é optativa xunto con materias coma EDUCACIÓN DIXITAL (nova materia imposta na Lomloe) e que fixo diminuír o número de alumnos matriculados en francés segunda lingua en terceiro ESO, CULTURA CLÁSICA.

Este curso non contamos con ningún grupo de Bacharelato; non hai alumnos de bacharelato humanístico, e, equivocadamente, non se lle recomenda cursar a segunda lingua estranxeira aos alumnos de ciencias porque non pondera na selectividade. Idea equivocada porque aínda que, inxustamente non pondere a segunda lingua estranxeira na selectividade para esta categoría de alumnos, éstos, como está explicado máis arriba, estarían máis preparados para afrontar o mundo laboral, serían máis competitivos cunha segunda lingua estranxeira, terían máis opcións para as becas Erasmus, e a nota de francés subiríalles a media do instituto (xa que adoita haber notas altas nesta materia), que non esquezamos é 60% para os estudos posteriores.

Situación da materia de francés dentro no Centro Educativo . Número de grupos, horas e profesoras que imparten a materia.

O reparto de niveis, grupos e horas queda da seguinte maneira :

CURSO	Nº GRUPOS	Nº HORAS SEMANAIS	Nº ALUMNOS	PROFESORA
1º ESO	A	2 horas/semana	25	Isabel
	B	2 horas/semana	25	Cristina
	C	2 horas/semana	25	Cristina
2º ESO	A	2 horas semana	18	Cristina
	B	2 horas/semana	15	Cristina

	C	2horas/semana	16	Cristina
	D	2 horas/semana	17	Cristina
3º ESO	A	3 horas/semana	13	Cristina
4º ESO	A/B/C	3 horas /semana	16	Cristina
TOTAIS	9 grupos	20 horas / semana	170	ISABEL (2) CRISTINA (18)

Alumnos pendientes

Hai 1 alumn@s que ten o Francés pendente de 2º curso, que terá un seguimento durante este curso por parte da xefa de departamento.

Prospección da materia

Este curso non hai alumnos de francés nin en 1º nin en 2º de Bacharelato, tampouco hai alumnos en Francés 1ª Lingua (non se oferta máis ca o inglés primeira lingua no instituto)

É importante destacar que segundo o razoado no epígrafe Introducción e contextualización, sería moi positivo para os alumnos o feito de que os do bacharelato de ciencias ou sociais, ademais dos do bacharelato humanístico poideran cursar francés segunda lingua, e tamén calqueira alumno que se matricule no instituto tivera a liberdade de elixir entre inglés ou francés como primeira lingua. Incluso que poidera pedir o cambio de idioma en 1º BAC ou 2ºBAC:

O alumnado que en 1º ou 2º curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia primeira lingua estranxeira podera incorporarse as ensinanzas da lingua estranxeira II coa autorización do/da director/a do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso (no caso de 2ºBAC).

A solicitude de cambio á dirección do centro realizarase no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas. A dita materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

Sera requisito indispensable a superación previa da materia do primeiro curso para poder ser avaliado/a na materia de segundo.

Nos casos en que, por motivo da organización do centro, o alumnado de segundo curso non poida asistir ás clases de lingua estranxeira I, esta materia tratarase de forma análoga ás pendentes e o departamento didáctico que a imparte proporá ao alumnado un plan de traballo con expresión dos contidos mínimos exixibles e das actividades recomendadas e programará probas parciais para verificar a superación da materia.

Con respecto a estes últimos datos, referir que a xefa de departamento impartiu clases de francés primeira lingua moitos anos no centro anterior ao que estivo adscrita, e sempre se resolveron os aspectos legáis da mellor maneira para o beneficio do alumnado, principal preocupación deste departamento.

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE- CONCRECIÓN DA RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA

MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFIS COMPETENCIAIS

O Consello Europeo insta aos Estados Membros da Unión Europea a ofertar dúas linguas estranxeiras no currículo dende idades tempranas co fin de mellorar as competencias clave. Neste sentido, o Consello de Europa propón fomentar e facilitar un perfil **plurilingüe e multicultural** integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes do individuo, para que este estea *mellor preparado e teña mellores oportunidades* nos ámbitos persoal, público, educativo ou académico, ocupacional e profesional. O plurilingüismo é un dos sinais de identidade da cidadanía nunha Europa multilingüe e multicultural, significando así un factor de progreso, e fonte de riqueza.

Seguindo o sistema descritivo do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), o currículo de Primeira Lingua Estranxeira, e Lingua Estranxeira Segunda, recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que articularán estas materias, co fin de que o alumnado poida desenrolar as competencias clave que lle permitan desenvolverse en francés nas situacións máis habituais (no caso de Francés Lingua Segunda con sencillez, pero con suficiencia).

As actividades de recepción, produción e interacción orais e escrita que conforman os estándares de aprendizaxe no currículo básico integran tanto as diversas competencias comunicativas específicas, cuxa activación conxunta permite a realización desas actividades, coma as competencias básicas xerais correspondentes a cada etapa.

As competencias básicas inciden naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles dende o punto de vista integrador, e son as que debe ter desenroladas o noso alumnado ao cabo dos seus estudos de secundaria, son aquelas que o capacitarán para incorporarse de xeito satisfactorio na vida adulta.

A materia de Lingua Estranxeira, nas súas distintas modalidades, contribúe en primeiro lugar, e de maneira fundamental, ao desenvolvemento da **Competencia de Comunicación Lingüística (CCL)** xa que o feito de aprender outras linguas debe aproximarse ao proceso de adquisición das linguas maternas para producir uns resultados de carácter natural e directamente aplicables ao uso lingüístico no mundo real e por outra banda produce unha reflexión consciente e o desenvolvemento sistemático de competencias variadas que conleva a aprendizaxe de linguas estranxeiras pode estenderse ás linguas maternas co fin de mellorar as competencias nestoutras para comprender, expresarse, interactuar e articular pensamentos, sentimentos...

O uso efectivo de linguas estranxeiras supón necesariamente unha visión aberta e positiva das relacións cos demais, que se materializa nas actitudes de valoración e respecto ás outras linguas e culturas, a diferentes valores e crenzas, e tamén na apreciación do carácter relativo dos costumes e ideas, asumindo toda esa variedade como un enriquecemento mutuo. As **Competencias Sociais e Cívicas (CSC)**, e a **Competencia de Conciencia e de Expresión Culturais (CCEC)** forman así parte das habilidades que comprende unha competencia intercultural integrada na aprendizaxe de linguas estranxeiras.

No proceso mesmo de aprendizaxe desenvólvese outra competencia básica, a **Competencia de Aprender a Aprender (CAA)**, polo que o currículo básico incide no carácter procedimental de todos os seus elementos constituíntes e das súas relacións. Os *contidos* necesarios para acadar os *estándares de aprendizaxe*, cuxo grao de adquisición se valora aplicando os *criterios de avaliación* descritos tamén como accións, son considerados como *contidos competenciais*, é dicir, *todo aquilo que o alumno debe de forma simultánea saber (savoir), saber utilizar (savoir-faire) e saber incorporar ao seu perfil de competencias (savoir-être)*.

A materia de lingua estranxeira contribúe decisivamente ao desenvolvemento da **Competencia do Sentido da Iniciativa (CSI)**, en especial no que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, dende a súa mesma planificación, o alumnado ha de *tomar decisións* sobre que dicir e como dicilo, a través de que canle e con que medios, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores ou corresponsais, e todo co fin de acadar o propósito comunicativo que pretende co maior grao de éxito posible. A elección e *aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a súa execución preparan ao alumno para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas capacidades, reforzar a súa identidade e regular a súa conduta.*

A articulación clara e convincente de pensamentos e ideas e a capacidade de asumir riscos, confrontar retos ou resolver problemas, xunto coa xestión adecuada da interacción e o estímulo que supón comunicarse noutras linguas son fundamentais para o desenrolo dun espírito emprendedor. *As linguas estranxeiras son ademais a porta a un mundo de infinitas posibilidades no terreo laboral e profesional,* e o currículo básico pretende fomentar o emprendemento como atitude ante a vida incorporando actividades concretas nas que o estudante aprende a ser *crítico, creativo e comprometido* tamén nestes contextos.

Neste, e en calquer outro ámbito, a *actividade lingüística se realiza na actualidade en gran medida utilizando medios tecnolóxicos,* soportes dos textos orais ou escritos que o alumno terá que comprender, procesar e producir, polo que a **Competencia Dixital (CD)** se debe entender tamén coma parte substancial da competencia comunicativa.

Este carácter dinámico, polo tanto, é propio así mesmo das **Competencias Básicas en Ciencia e Tecnoloxía,** e outras áreas de coñecemento, ás que a Lingua Estranxeira pode contribuír facilitando e expandindo o acceso a datos, procedementos e técnicas de investigación, facendo posible o intercambio máis directo e proveitoso entre comunidades científicas.

Integrando tódolos aspectos que conforman a **comunicación lingüística,** o currículo básico se estrutura en **catro bloques** correspondentes ás distintas actividades de lingua, tal como estas se describen no MCERL: ***comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos.*** Cada un destes bloques comprende, para cada conxunto de *actividades, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis* entre os que existe unha relación non unívoca debido á especial natureza da actividade lingüística; isto supón que, para *avaliar o grao de adquisición das diversas competencias* necesarias para levar a cabo as *accións* recollidas en cada un dos *estándares de aprendizaxe,* haberán de aplicarse todos e *cada un dos criterios da avaliación* descritos para a actividade correspondente; ao tempo que, dos *estándares de aprendizaxe* haberán de derivarse os correspondentes *contidos competeciais (estratéxicos, socioculturais, e sociolingüísticos, funcionais, sintáctico-discursivos, léxicos, fonético-fonolóxicos, e ortográficos)* cuxo grao de consecución se avaliará aplicando os criterios respectivos.

Como se desprende tanto dos *estándares de aprendizaxe* como dos *criterios de avaliación xerais* para cada *bloque de actividades,* o currículo básico está orientado á acción, e dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de poñer en xogo as *actitudes, os coñecementos e as destrezas* que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Con esta comunicación efectiva e real favorécese unha *aprendizaxe autónoma* a través de accións pedagóxicas e tarefas de aprendizaxe diversas e motivadoras que teñen sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliábeis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

O feito, pois, de ensinar unha lingua viva conduce a abordar realidades transversais e interdisciplinares. Aprender outro idioma implica tamén reflexionar sobre múltiples facetas da vida cotiá, ao tempo que se compara a realidade estranxeira coa propia.

Deste xeito, a competencia de comunicación en lingua estranxeira é en si mesma unha competencia clave. Pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite, de maneira transversal, contribuír ao desenvolvemento das demais competencias clave e axuda aos alumnos a realizarse como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias garantirán a aprendizaxe ao longo das súas vidas servíndolles de base na súa evolución.

Segundo a recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 identifícanse as seguintes competencias clave para a aprendizaxe permanente:

Amáis da **Competencia de Comunicación**, hanse traballar na clase de francés a **Competencia Matemática e competencia de base en Ciencias e Tecnoloxía, Competencia Dixital, Aprender a Aprender, Competencias Sociais e Cívicas, Conciencia e expresións culturais, e Sentido de iniciativa e espírito emprendedor Conciencia y expresiones culturales**; competencias estas para as que se require do alumno un mínimo de toma de conciencia e unha actitude favorable.

Competencia en Comunicación lingüística CCL

A CCL se refire á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento das emocións e da conducta. Supón *comunicar, conversar, escoitar, exponer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar*.

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Con distinto nivel de dominio e formalización (especialmente en lingua escrita). Esta competencia significa, no caso das linguas estranxeiras, poder comunicarse nalgunha delas e así enriquecer as relacións sociais e desenvolverse en contextos distintos ao propio. Igualmente, se favorece o acceso a máis e diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

O departamento de francés propón uns estándares de aprendizaxe en relación coa comunicación lingüística segundo distintos niveis, dende o nivel debutantes A1(1ºESO), A2 (2º e 3ºESO), ao nivel B1(4ºESO, 1º e 2º BAC), acordados á LOMCE, e fixados polo *Marco Común Europeo de Referencia* (que poderían, por tanto, ser obxectivamente certificados polo *DELF*).

Ditos estándares articúlanse en 4 bloques, correspondentes ás distintas actividades da lingua (segundo o *MCER*) son: **Comprensión e Produción (Expresión e Interacción) de textos orais e escritos eixos da Competencia Comunicativa, que se traballarán enmarcados sempre por referencias esenciais á Cultura e Civilización Francesas e Francófonas**.

Os Contidos previstos se concretan en Criterios de Avaliación, que son referentes específicos para Avaliar a aprendizaxe do alumnado. Estes Contidos describen aquilo que se quere valorar e que o alumno debe lograr, tanto en Coñecementos coma en Competencias; responden ao que se quere conseguir na materia.

En termos xerais, na materia de francés primeira lingua se incide, e se afonda máis nestas cinco dimensións da lingua estranxeira, mentras que na materia de francés segunda lingua estranxeira, por ter esta a condición de optativa, estes obxectivos se dilúen nun aspecto preferiblemente lúdico e funcional...

No relativo á Competencia Comunicativa que constitúe o corazón desta materia de Lingua Estranxeira Francés 1ª e 2ª, os estándares de aprendizaxe avaliábelos da

materia que forman parte do perfil de comunicación son os seguintes:

- Comprende a información global e específica de mensaxes orais e escritas en lingua estranxeira relativa a diversas situacións habituais de comunicación, emitidas directamente por falantes ou por medios de comunicación.
- Produce mensaxes orais e escritas en lingua estranxeira, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais de comunicación para conseguir que esta sexa fluída e satisfactoria, mostrando unha actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender.
- Le de forma comprensiva e autónoma, obtendo informacións globais e específicas, textos escritos de un nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumno, relacionados co situacións de comunicación escolares e extraescolares.
- Utiliza a lectura de textos con finalidades diversas, valorando a súa importancia como fonte de información e de ocio, e como medio de acceso a culturas e formas de vida distintas das propias.
- Utiliza a lingua francesa como vehículo de comunicación na aula, facendo uso dos recursos lingüísticos e non lingüísticos nas relacións de comunicación máis habituais da vida cotiá.

A parte da propiamente académica competencia en comunicación lingüística, coa que se relaciona moi directamente a lingua francesa, polo seu aspecto comunicativo, esta materia contribúe ao desenvolvemento doutras materias, e ao desenvolvemento doutras estratexias que fundamentan a competencia de aprender a aprender. Daráselle unha importancia fundamental á competencia da autonomía e iniciativa persoal que sintetiza o resto das competencias e ten un fin propedéutico

As linguas estranxeiras contribúen ao desenvolvemento doutras competencias coma a **Competencia Matemática e competencia de base en Ciencias e Tecnoloxía**. A CMCCT consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e coa laboral.

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais na vida, xa que están estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas. Así a competencia matemática implica capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Por outra banda as competencias básicas en ciencia y tecnoloxía refírense á habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais coma nos xerados pola acción humana, de tal modo que se posibilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, das demais persoas e do resto dos seres vivos. En definitiva, incorpora habilidades para desenvolverse adecuadamente, con autonomía e iniciativa persoal, en ámbitos da vida e do coñecemento moi diversos (saúde, actividade produtiva, consumo, ciencia, procesos tecnolóxicos, etc.) e para interpretar o mundo, o que esixe a aplicación dos conceptos e principios básicos que permiten a análise dos fenómenos dende os diferentes campos de coñecemento científico involucrados. Tamén o uso responsable de recursos naturais, coidado do medio ambiente, consumo racional, promoción da saúde individual e colectiva

A Competencia en ciencia e tecnoloxía é aquela que proporciona un achegamento ao mundo físico e a interacción responsable con el dende accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e conservación da calidade de vida e o progreso dos

pobos. Estas competencias contribúen ao desenrolo do pensamento científico, xa que inclúen a aplicación de métodos propios de racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

As competencias en ciencia e tecnoloxía capacitan a cidadáns responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar, basicamente, para identificar, plantexar e resolver situacións da vida cotiá –persoal e social– analogamente a como se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas y tecnolóxicas.

Na lingua estranxeira francés, esta competencia incide nos estándares de aprendizaxe seguintes:

- Comprende problemas, operacións cos números, medidas, porcentaxes, estatísticas, datas, horas, operacións, actividades onde se require a lóxica amais do cálculo, é quen de continuar series numéricas, deducir a idade dunha persoa a partir de informacións relativas dadas..
- Pode tomar conciencia sobre a importancia do noso entorno natural e protexelo, aprender a non malgastar os recursos naturais facendo un consumo racional e responsable, achegando ao alumno o coñecemento e a interacción no mundo físico, así aproveitaremos para tratar deportes e vacacións, vida ao aire libre, protección e coidado do entorno natural, alimentación equilibrada. Importancia da natureza por si mesma e como elemento fundamental do noso ocio, defensa do medio ambiente e dos animais e plantas, fungos...
- Mantén unha actitude receptiva e crítica cara ás informacións que as linguas estranxeiras transmiten para reflexionar e actuar sobre a propia realidade

A Competencia Dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para *buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento*. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a *utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse*. En síntese, implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando fose necesario, e respectar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Con respecto ás TIC, co tratamento da información e competencia dixital se procura motivar ao alumno para que:

- Sexa quen de buscar informacións en internet, e saiba xestionar os diversos documentos, audio, vídeo, prensa..
- Poida gardar un arquivo ou unha imaxe, descargue, edite, garde unha imaxe, saiba copiar-pegar unha imaxe ou texto a un documento... Esta competencia é sobre todo instrumental (acceso a bancos de imaxes, karaokes, xogos para encerado dixital, actividades de búsqueda en Internet, preparar presentacións con power-point, comunicar con amigos, facer un blog..
- Comunique a través de soportes como o correo electrónico, aplicacións en rede
- Comprenda o papel e as posibilidades das TIC na vida diaria, na sociedade, no traballo.
- Se sensibilice sobre os riscos de Internet, redes sociais...
- Poida reflexionar sobre os riscos para a saúde dos malos hábitos ante o ordenador...

Competencia de Aprender a Aprender. (CAA)

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar *aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma*.

Esta competencia ten dimensións fundamentais:

- a adquisición da conciencia das propias capacidades (intelectuais, emocionais, físicas, comunicativas, motrices)
- coñecer o que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer coa axuda doutras persoas ou recursos
- dispoñer dun sentimento de competencia persoal que redunda na motivación, na autoconfianza e no gusto por aprender

Significa ser consciente do que se sabe e do que fai falla aprender, de como se aprende

É a *base do progreso do alumno*, propoñendo estratexias específicas de aprendizaxe, *aprendendo dos erros*, entrenando ao alumno para que recurra a elas de forma consciente a medida que *gaña confianza na súa capacidade* e adquire autonomía. Estas competencias ten un valor formativo, xa que permiten ao alumno a coñecer cales son os seus puntos débiles e cales son os fortes, as súas aptitudes e cualificacións.

- Reflexiona, no proceso de aprendizaxe, sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación como un dos medios para mellorar as producións propias
- Aplica a experiencia previa na aprendizaxe doutras linguas para aplicala á adquisición da segunda lingua para desenrolar estratexias persoais de aprendizaxe autónoma establecendo analogías, comparacións e contrastes entre as linguas do currículo
- Gaña confianza na súa capacidade
- Aprende do erro
- Reflexiona sobre os propios procesos de aprendizaxe coa axuda da autoobservación, autocorrección e autoevaluación.
- Adquire autonomía na aprendizaxe

Competencias Sociais e Cívicas (CSC)

Esta competencia fai posible comprender a realidade social na que se vive, cooperar, convivir, e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír na súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten *participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas*. En síntese, esta competencia supón comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas, e exercer a cidadanía, actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia, e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

Os códigos de conduta que se deben esperar no colexio, e na clase, incitar aos alumnos a respectar as regras de cortesía, a saudarse, a respectar os turnos de palabra, a escoitar aos demais, a respectar os seus esforzos para facerse entender a pesares das dificultades da lingua, mesmo con xestos ou coa axuda do contexto visual.

- Respecta nocións fundamentais do individuo, do grupo, da organización do traballo, da igualdade entre homes e mulleres, da non discriminación, da sociedade e da cultura, da tolerancia cara aos outros e a outras culturas.
- Establece boas relacións cos compañeiros e profesores, respecto aos demais, á familia, ao traballo voluntario.
- Participa na clase co diálogo, e o respecto ao turno de palabra
- Practica e promove á diversidade de ideas, a tolerancia, o sentido do humor, a cooperación (debates, traballo en grupos, exposición sobre diferentes maneiras de celebrar o samaín, o nadal, pâques segundo as distintas relixións)...

- Aprende sobre os dereitos do consumidor, algunhas normas de circulación viaria e o respecto dos sinais de circulación..
- Comprende que o respecto é a base de cada unha das nosas clases, e é quen de rexeitar sempre calqueira prexuízo sexista, xenófobo ou homófobo.
- Sabe utilizar as fórmulas de cortesía (le vouvoisement), diversidade de rexistros: familiar, estándar.. segundo o contexto social
- Pode comparar a cultura de Francia ou doutros países francófonos coa propia
- Respecta a pluralidade de culturas que cohabitan en Francia aceptando as diferenzas e vendo estas como enriquecedoras
- Amosa interese e respecto polos outros pobos e culturas
- Recoñece as festas típicas (La Toussaint, Noël, La Chandeleur, le poisson d'avril, Pâques..) o calendario de vacacións, símbolos da Comunidade Europea, símbolos de Francia, a francofonía, palabras internacionais, préstamos culinarios e lingüísticos, produtos e personaxes do mundo francófono, celebracións mundiais, sistema escolar de Francia e doutros países, desigualdade de oportunidades no traballo, turismo, cursos de idiomas no estranxeiro, utilidade das linguas estranxeiras, visión global do mundo (si existe unha ou varias razas, horarios...), feitos históricos (descuberta de América, Revolución Francesa..) personaxes e obras da historia universal, personaxes fantásticas universais, pratos típicos de distintos países, e en definitiva a importancia e as aportacións da riqueza multicultural
- Valora a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para participar nas relacións internacionais e noutros ámbitos da actividade humana.
- Aprecia a riqueza que supón a diversidade de linguas e culturas como formas distintas de codificar a experiencia, e de organizar as relacións interpersoais
- Relaciónase con outras persoas atendendo ás regras propias do intercambio comunicativo e adoptando actitudes de cooperación e tolerancia, amais de ser quen de axeitar o rexistro á situación de comunicación
- Mantén unha actitude receptiva e crítica cara ás informacións que as linguas estranxeiras transmiten para reflexionar e actuar sobre a propia realidade
- Amosa interese por viaxar a Francia ou a outros países francófonos e coñecer así directamente a cultura da lingua que está a aprender

A Competencia Social está unida ao benestar persoal e colectivo, á saúde física e mental, á hixiene postural, a alimentación, colaboración, valoración da diversidade e respecto aos demais, a aceptación de compromisos. Coñecer outro país (o/os da lingua estranxeira aprendida) dende o punto de vista político e histórico contribúe á Competencia Cívica (bandeiras, himnos, feitos históricos relevantes, perspectiva histórica, mesmo o lema “liberté, égalité, fraternité” transmite moi ben as nocións de democracia, xustiza, igualdade, ausencia de prexuízos, ou de clichés).

Competencia de Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE).

Esta competencia se refire á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como *a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata de aprender dos erros e de asumir riscos.*

A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuindo así á cultura do emprendemento. Neste senso, a súa formación debe incluír coñecementos e destrezas relacionados coas oportunidades de carreira e o mundo do traballo, a educación económica e financeira ou o coñecemento da organización e os procesos empresariais, así coma o desenvolvemento de actitudes que conleven un cambio de mentalidade que favoreza a iniciativa emprendedora, a capacidade de pensar de forma creativa, de xestionar o risco e de manexar a incertidume

- É quen de falar en público
- Supera a timidez
- Sabe facer exposicións orais utilizando diferentes soportes entre eles o informático.

- Aposar espírito crítico con respecto a unha opinión, información..
- É quen de organizarse, traballar en grupo, negociar para repartir as tarefas ao principio e durante cada etapa segundo o esquema: “Preparación, Realización, Exposición”
- Aplica a súa creatividade
- Pode transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de acadar un obxectivo previsto. Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolvan as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente a base de outras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados..

Competencia de Conciencia e Expresións Culturais (CCEC).

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente as manifestacións culturais, artísticas e deportivas que enriquecen o mundo, así coma utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e consideralas como parte do patrimonio dos pobos (tanto da propia comunidade como de outras). Dita competencia incorpora tamen un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio de aquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal.

- Aprecia e valora con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal, e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.
- Manifesta interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto na propia comunidade coma doutras comunidades.
- Valora as expresións culturais, as festas típicas (La Toussaint, Noël, La Chandeleur, le poisson d’avril, Pâques..) e implícase cociñando, elaborando carteis, decoración de cabazos, confeccionando postais, decorando ovos de pascua..
- Recoñece elementos culturais e sociais da cultura francesa (e do resto de países francófonos) coma datas e feitos históricos, escritores, pintores, músicos, científicos e as súas obras, pratos típicos da cociña francesa. Así coma ter nocións básicas de xeografía (ríos, sistemas montañosos, vilas importantes, situación de diferentes rexións..) e da importancia de Francia en Europa, así coma as súas aportacións no resto do mundo. Todos eles elementos propios da cultura e idiosincrasia do país da lingua que os alumnos están a estudar.
- Valora a súa capacidade creativa
- Desenrola a súa sensibilidade artística traballando en actividades para descubrir elementos do patrimonio cultural de Francia (monumentos representativos, cidades máis importantes, bandas deseñadas, personaxes famosos, marcas, festivais da música, festivais da banda deseñada)..
- É quen de debuxar, facer collages, confeccionar postais, respecta a “mise en page”
- Participa en karaokes, coreografías, bailes
- Coñece música tradicional e moderna da cultura francesa, cancións..

En definitiva, todas estas competencias axudan tamén a educar en valores, e a mellorar a convivencia no centro o que a súa vez redonda no ben común.

4. OBXECTIVOS PARA O CURSO 2022/23

OBXECTIVOS XERÁIS DA AREA

Os obxectivos, que integran todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, estrutúranse en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal e como estas se describen no MCERL: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Ademais de implicar unha reflexión sobre a lingua e unha inmersión na cultura francófona mediante os aspectos socioculturais e sociolingüísticos. Os obxectivos contemplados para a materia de francés son:

-Comprender e interpretar a información global e específica de mensaxes orais e escritas con dificultade progresiva en lingua extranxeira relativa a diversas situacións habituais de comunicación, emitidas directamente por falantes ou por medios de comunicación servíndose da linguaxe xestual, contidas en textos escritos de fontes variadas, desenvolvendo estratexias de aprendizaxe que axuden a comprender a información (telexornal, cancións, diálogos, prensa, extractos literarios...)

-Producir mensaxes orais e escritas en lingua extranxeira, con cohesión e coherencia e que respecten as regras do código oral ou escrito, utilizando recursos lingüísticos e non lingüísticos, nas diversas situacións habituais de comunicación para conseguir que ésta sexa fluída e satisfactoria, mostrando unha actitude de

respeto e interés por comprender e facerse comprender empregando no caso da comunicación oral o ritmo e a entonación adecuados (diálogos, exposicións orais, intervencións en debates, redacción de cartas, sinopsis, resúmenes, textos argumentativos, redaccións, comentarios literarios...)

-Ler de forma comprensiva, e de forma progresivamente máis autónoma, para obter informacións globais e específicas de textos escritos dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumno, relacionados co situacións de comunicación escolares e extraescolares.

-Utilizar a lectura de textos con finalidades diversas, valorando a súa importancia como fonte de información e de ocio, e como medio de acceso a culturas e formas de vida distintas das propias.

-Utilizar a lingua francesa como vehículo de comunicación na aula, facendo uso dos recursos lingüísticos e non lingüísticos nas relacións de comunicación máis habituais da vida cotiá.

-Reflexionar, no proceso de aprendizaxe, sobre o funcionamento do sistema lingüístico na comunicación como un dos medios para mellorar as producións propias

-Valorar a axuda que supón o coñecemento das linguas estranxeiras para participar nas relacións internacionais, no mundo laboral, e noutros ámbitos da actividade humana.

-Apreciar a riqueza que supoñen as diversas linguas e culturas como formas distintas de codificar a experiencia, e de organizar as relacións interpersoais

-Amosar interés por descubrir e comparar distintos aspectos socioculturais característicos de Francia e dos distintos países francófonos e os propios, identificando trazos básicos pero evitando estereotipos, cunha actitude positiva de coñecemento da súa cultura e rexeitando calqueira forma de xenofobia.

-Apreciar relacionarse con outras persoas atendendo ás regras propias do intercambio comunicativo e adoptando actitudes de cooperación e tolerancia

-Manter unha actitude receptiva e crítica cara á información cultural (historia, literatura, xeografía, actualidade social, deportes) que as linguas estranxeiras transmiten para reflexionar e actuar sobre a propia realidade

-Aplicar a experiencia previa noutras linguas, estratexias xa aprendidas, para desenvolver e ampliar a aprendizaxe dunha segunda ou terceira lingua estranxeira, á vez que se desenrolan estratexias de aprendizaxe autónoma e se establecen analoxías, comparacións e contrastes entre as linguas do currículo

-Reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe coa axuda da autoobservación, autocorrección e autoevaluación.

-Ampliar a competencia comunicativa integrando os elementos adquiridos o tempo que se desenrola a propia creatividade

-Recoñecer e adecuar a linguaxe según a situación e a canle de comunicación

-Redactar cartas, tarxetas e pequenos textos e organizar as ideas de xeito coherente

-Dominar a estrutura básica das frases en francés

-Coñecer e practicar as regras básicas relativas a ortografía, morfoloxía, e sintaxe

-Organizar o propio traballo con eficacia e utilizar o material de aprendizaxe de forma adecuada e como fonte de información

-Evaluar os progresos e o propio proceso de aprendizaxe da lingua

-Recoñecer e aceptar o erro como parte do proceso de aprendizaxe

-Utilizar o aprendido para autocorrexirse, e reutilizar os coñecementos adquiridos

-Aprender a utilizar o dicionario.

-Asumir con responsabilidade o rol asignado nunha tarefa cooperativa

-Usar a entoación axeitada na repetición dun trabalinguas.

- Interesarse pola pronuncia coidada, ritmo, entoación e acentuación adecuadas como aspectos fundamentais para a comprensión e a produción oral.

- Participar activamente en situacións cotiás sinxelas de comunicación espontáneas, relacionadas coas actividades de aula, e planificadas (decidir sobre un asunto, facer peticións, organizar a actividade, traballar en equipo, pedir aclaracións ou axuda, expoñer un tema...), respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.
- Participar nas situacións de comunicación con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, utilizando adecuadamente os conectores lóxicos, temporais, de causa e de comezo e peche
- Ter confianza no uso das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: do discurso.
- Usar o contexto visual e non-verbal e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, e solicitando repeticións e reformulacións para asegurarse a comprensión.
- Valorar as actividades realizadas fóra da aula nas que a lingua empregada sexa a lingua estranxeira.
- Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal acoñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.
- Amosar unha actitude crítica ante as desigualdades latentes nas mensaxes procedentes dos diferentes medios de comunicación social, audiovisuais e multimedia.
- Comprender a información xeral e específica en diferentes tipos de textos, auténticos e adaptados, breves, en soporte papel e dixital, sobre asuntos familiares, que vehiculen aspectos socioculturais dos países onde se fala a lingua estranxeira en resposta a unha tarefa previamente coñecida.
- Recoñecer a idea principal dun texto sinxelo, distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema).
- Usar progresivamente de xeito cada vez máis autónomo estratexias de lectura (utilización dos elementos do contexto visual e dos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación transferidos desde as linguas que se coñecen previamente), identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais.
- Explorar as posibilidades expresivas da lectura de mensaxes nas que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e goce destas (obras de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá...).
- Amosar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da internet e identificar valores e ideas subliminais que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación.
- Interesarse pola lectura autónoma de textos en lingua estranxeira para obter información e goce.
- Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse por escrito con rapaces e rapazas doutros lugares (chat, correo electrónico, skype) e para aprender costumes e aspectos culturais propios dos países onde se fala a lingua estranxeira e doutros nos que se estuda a lingua estranxeira (manifestacións artísticas e musicais, danzas, festivais, paisaxe, climatoloxía, patrimonio histórico, comidas, deportes, xogos tradicionais e actividades de lecer...).
- Producir textos escritos sobre temas de interese elaborados, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización e

revisión), tanto de forma individual como cooperativa, (buscando neste caso que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo), utilizando as tecnoloxías da información para a produción destes.

- Interesarse polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético.

-Compoñer textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción (planificación, xeración de ideas, textualización, organización en parágrafos, e revisión), con diversas intencións comunicativas (contar experiencias, sentimentos, preferencias, regular normas, informar de acontecementos, invitar a actuar con responsabilidade ecolóxica...).

-Empregar as TIC para producir textos e presentación coa finalidade de transmitir a outros rapaces e rapazas aspectos relacionados coa nosa identidade cultural (adaptando ou creando

poemas, lendas, cancións e describindo lugares do contorno, personaxes da nosa cultura, xogos e festas populares...).

-Utilizar elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, preposición, conectores de adición, enumeración, clasificación - primeiramente, finalmente -, comparación e causativos) que permitan recoñecer e formular enunciados.

-Utilizar de xeito progresivamente autónomo expresións fixas, enunciados fraseolóxicos, preguntas por preferencias, expresión de opinións e léxico sobre temas de interese persoal (traballos da xuventude, as festas, a amizade, as saídas, a compravenda...).

-Comprender palabras cos prefixos e sufixos máis habituais, e uso de antónimos.

-Utilizar estruturas lingüísticas e funcións comunicativas asociadas a diferentes contextos propios da idade do alumnado.

-Usar de xeito guiado esquemas textuais relativos a textos narrativos descritivos e instrucionais.

-Recoñecer e producir de maneira intelixible diferentes patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

-Aplicar diferentes estratexias para organizar, adquirir, lembrar e utilizar léxico.

-Usar estratexias que permiten a adquisición de novos coñecementos, a súa integración na propia competencia, e a súa progresiva reutilización: memorización, recuperación, comparación con outras linguas coñecidas, transferencia.

-Utilizar estratexias para producir lingua adecuadamente: repetición por imitación e recoñecemento e uso de modelos da lingua estranxeira.

-Organizar e utilizar, de xeito cada vez máis autónomo, recursos para a aprendizaxe como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.

-Analizar e reflexionar sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece o alumnado.

-Participar na avaliación da propia aprendizaxe e uso de estratexias de autocorrección.

-Valorar as capacidades persoais para progresar no coñecemento e no uso da lingua.

-Organizarse no traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

-Interesarse por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.

-Participar de maneira activa en actividades e traballos grupais ou individuais.

-Ter confianza e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

-Identificar os trazos comúns e das diferenzas máis significativas que existen entre os costumes, usos, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda respecto a patróns culturais existentes en Galicia.

-Achegarse á competencia intercultural mediante a identificación de distintos aspectos socioculturais característicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira coas culturas, se

é o caso, do alumnado, analizándoos comparativamente, evitando os estereotipos e incidindo nos trazos característicos da cultura galega. -Coñecer algúns trazos históricos e xeográficos dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación.

- Participar en conversas espontáneas, relacións coas actividades de aula, e en simulacións sinxelas e comúns con todo tipo de interaccións (parellas, grupos, equipos) dentro da aula, narrando historias ou describindo acontecementos, persoas e lugares, plans e citas, con pronuncia e entoación axeitadas para conseguir a comunicación, e colaborando co seu interlocutor para facilitarlle a comprensión, e utilizan de maneira adecuada os conectores básicos necesarios para asegurar a cohesión e coherencia do discurso.
- Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas: colaborando cos demais na interacción, verificando a comprensión propia e a dos demais.
- Ser consciente do uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde, cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto; uso dos coñecementos referenciais sobre o tema, así como identificación de palabras clave. Usar rutinas ou modelos de información que o destinatario vai recoñecer como narración, descrición ou instrucións.
- Comprender o sentido dun texto e reformular na propia lingua coa finalidade de facer o texto comprensible a un interlocutor próximo que descoñece a lingua estranxeira.
- Analizar a estrutura, contido, léxico e estruturas sintácticas dun texto para identificar o tipo de que se trata: literario, informativo, científico, etc. distinguindo os distintos núcleos de información e as relacións lóxicas de cohesión e coherencia establecidas entre eles (conectores textuais e estratexias de progresión do tema) coa axuda de elementos textuais e paratextuais (tipografía, deseño gráfico, imaxes...)
- Utilizar diferentes estratexias de lectura como a identificación do contido dun texto escrito do contexto, de dicionarios ou aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados e por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que se coñecen.
- Ler de maneira autónoma textos de certa extensión relacionados cos seus intereses superando as limitacións dos coñecementos lingüísticos mediante a utilización de estratexias de comprensión lectora, adecuadas á finalidade da lectura: intensiva, para informarse minuciosamente; selectiva, en busca dunha información específica; extensiva, lectura rápida dun texto longo; e oceánica, para facerse unha idea global do texto.
- Usar distintas fontes, en soporte papel, dixital ou multimedia, para obter información co fin de realizar tarefas individuais ou en grupo.
- Producir de maneira guiada de textos sinxelos e estruturados, utilizando elementos de cohesión máis complexos (conectores, substitucións léxicas, mantemento de tempo verbal, etc.) para marcar con claridade a relación entre ideas e utilizando adecuadamente a ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.
- Utilizar diversas estratexias de expresión como a planificación, atendendo ao destinatario e ao tipo de texto descritivo, narrativo, instrutivo que corresponda á intención de comunicación; a xeración de ideas mediante creación de listas, esquemas, remuíños de ideas colectivos...; a textualización, organizando as ideas en parágrafos e encadeando estes con recursos coma dicionarios; e a revisión do texto, nos aspectos relativos a ortografía, marcadores temporais e lóxicos necesarios, atendendo ao tipo de texto; localización de puntuación, orde das palabras e tempos verbais.

-Comunicar de maneira persoal con falantes da lingua estranxeira mediante a correspondencia postal ou utilizando medios informáticos (e-mail, chats, etc.), identificando

nestes últimos a ausencia de corrección da gramática, a sintaxe e a ortografía debidos á velocidade, á resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez.

-Presentación coidada dos textos escritos, en soporte papel e dixital -uso de marxes, espazos entre parágrafos, maiúscula ao inicio de parágrafo, guións nos diálogos, utilizando as regras básicas de ortografía e puntuación e valorando da súa importancia nas comunicacións escritas.

-Comprender o sentido dun texto, desverbalización -desligándose da formulación lingüística orixinal e reexpressión do sentido na propia lingua, explicándoo a un interlocutor próximo, que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas.

- Utilizar elementos morfolóxicos (substantivo, verbo, adxectivo, adverbio, pronomes, reposición, conectores, ordenadores do discurso (de comezo e de conclusión); de explicación

-é dicir, isto é...- de resume, causa efecto, exemplificación e condición que permitan recoñecer, formular e organizar enunciados e mensaxes.

-Usar expresións frecuentes e de locucións idiomáticas, frases feitas, circunloquios e léxico sobre temas pertinentes para a súa vida diaria e temas relacionados con contidos doutras materias do currículo.

-Usar antónimos, sinónimos e «falsos amigos», substitución léxica sinxela e formación de palabras a partir de prefixos e sufixos.

-Valorar a capacidade persoal para progresar no coñecemento e no uso da lingua.

-Organizarse no traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.

-Participar de forma activa en actividades e traballos individuais e cooperativa nos grupais.

-Ter confianza en si e iniciativa para expresarse oralmente e na escrita.

-Valorar a importancia da lingua estranxeira en todos os eidos das relacións internacionais.

-Identificar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda e respecto por patróns culturais distintos aos existentes en Galicia, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, a prensa, a internet e outras tecnoloxías da información e comunicación e evitando actitudes etnocéntricas.

-Interesarse e ter iniciativa á hora de comunicarse con falantes ou aprendices da lingua estranxeira utilizando soporte papel ou medios dixitais ou tecnoloxías da comunicación que permiten os intercambios orais e escritos.

-Valorar o enriquecemento persoal que supoñen a relación e a comunicación con persoas pertencentes a outras culturas.

- Interesarse e ter iniciativa na comunicación con falantes ou aprendices da lingua estranxeira, utilizando soporte papel, medios dixitais e informáticos.

-Tomar conciencia da diversidade lingüística e cultural europea e aceptación da propia

-Ser consciente da propia competencia para axudar, servindo de mediadores entre individuos

OBXECTIVOS DE CICLO

A Educación Secundaria Obrigatoria comprende dous ciclos:

O primeiro de tres cursos académicos e o segundo ciclo, o cuarto curso da ESO, que ten un carácter fundamentalmente propedéutico.

OBXECTIVOS PARA O PRIMEIRO CICLO DA ESO (1ºESO, 2ºESO e 3ºESO) na área de lingua estranxeira tradúcense nun currículo básico que, integrando todos os aspectos que conforman a comunicación lingüística, se estrutura en catro bloques correspondentes ás distintas actividades da lingua, tal como estas se describen no MCER: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Os contidos previstos concréntanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que os alumnos deben lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir en cada materia.

No relativo á competencia comunicativa, que constitúe o corazón da materia segunda lingua estranxeira, os criterios de avaliación para o 1º ciclo da ESO (BOE do 3 de xaneiro de 2015) son os seguintes.

Bloque 1. Comprensión de textos orais

Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.

Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer), condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), comportamento (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto (p. ex. unha petición de información, un aviso ou unha suxestión) e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico oral de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos.

Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

Producir textos breves e suficientemente comprensibles, tanto en conversacións cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe moi sinxela, en que se dá, solicita e intercambia información sobre temas cotiás e asuntos coñecidos ou de interese persoal e educativo, aínda que se produzan interrupcións ou vacilacións, se fagan necesarias as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións, e o interlocutor teña que solicitar que se lle repita ou reformule o devandito.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves en forma de monólogo ou de diálogo e de estrutura moi simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe aos recursos de que se dispón, ou a reformulación ou explicación de elementos.

Incorporar á produción do texto oral en forma de monólogo ou de diálogo os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, actuando coa suficiente propiedade e respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións principais demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos sinxelos de uso máis común para organizar o texto.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente e de mecanismos sinxelos de cohesión e coherencia (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais de uso moi frecuente).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico oral suficiente para comunicar información e opinións breves, sinxelas e concretas, en situacións habituais e cotiás. Pronunciar e entoar de maneira suficientemente comprensible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro, se cometan erros de pronuncia esporádicos, e os interlocutores teñan que solicitar repeticións ou aclaracións. Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que haxa que interromper o discurso para buscar palabras ou articular expresións e para reparar a comunicación. Interactuar de maneira simple en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou manter a quenda de palabra, aínda que poidan darse desaxustes na adaptación ao interlocutor.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos

Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral, os puntos máis relevantes e información importante do texto. Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, condicións de vida e contorna, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no centro educativo, no ámbito público), e convencións sociais (costumes, tradicións).

Distinguir a función ou funcións comunicativas máis importantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis frecuentes, así como patróns discursivos sinxelos de uso común relativos á organización textual (introdución do tema, cambio temático e peche textual).

Aplicar á comprensión do texto os constituíntes e a organización de estruturas sintácticas de uso frecuente na comunicación escrita, así como os seus significados xerais asociados (p. ex. estrutura interrogativa para facer unha suxestión).

Recoñecer léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiás e a aspectos concretos de temas xerais ou relacionados cos propios intereses ou estudos, e inferir do contexto, con apoio visual, os significados de palabras e expresións que se descoñecen.

Recoñecer as principais convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común (p. ex. >, %), e os seus significados asociados.

Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción

Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese, nun rexistro neutro ou informal, utilizando recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis frecuentes.

Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple, p. ex. copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto.

Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía e de etiqueta máis importantes nos contextos respectivos.

Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando os expoñentes máis frecuentes das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual para organizar o texto escrito de maneira sinxela.

Mostrar control sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso frecuente, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos ou bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipses, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes).

Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar informacións breves, simples e directas en situacións habituais e cotiás. Coñecer e aplicar, de maneira suficiente, para que a mensaxe principal quede clara, os signos de puntuación elementais (p. ex. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p. ex. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións ortográficas frecuentes na redacción de textos moi breves en soporte dixital.

Este curso están convivindo dúas leis educativas así que neste departamento aplicamos tamén os obxectivos por curso segundo a Logse:

2º CURSO ESO

-Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos e articulados con claridade e pausadamente.

-Participar con progresiva autonomía en conversas sespontáneas relativas ás necesidades na aula, e en simulacións nas que se narre ou describa experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas moi sinxelas, as expresións máis usuais de relación social nos rexistros familiar e neutro, o vocabulario básico dos temas e ámbitos estudados e unha pronuncia comprensible que non impida a comunicación. Poder desenvolverse en situacións interactivas habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). Valorar se a utilización das estratexias básicas para apoiar a comprensión e expresión oral: uso do contexto visual e non-verbal, soletreo e solicitude de repeticións para asegurar a comprensión.

-Participar comprensivamente en situacións de comunicación escritas (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios escritos e empregando formas lingüísticas e non-lingüísticas. Interaccionar en situacións comunicativas necesarias na vida diaria (pedir algo, cubrir un formulario, aceptar unha invitación...). Atenderase tamén á actitude coa que se participa nos intercambios: mirar a quen se dirixe e o interese pola composición de textos a partir de modelos.

-Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística dos alumnos e alumnas, en soporte papel e dixital.

OBXECTIVOS 4º ESO

-Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais curtas emitidas de forma clara, breve e organizada, en situacións de comunicación interpersoal ou polos medios audiovisuais, sobre temas concretos e coñecidos polo alumnado, así como sobre temas relacionados con aspectos cotiáns e socio culturais (organización do sistema escolar, da Seguridade Social, das vacacións...), relativos ao país ou paí ses nos que se fala o idioma estudado.

-Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación. Desenvolverse en conversas con intencións comunicativas básicas diversas (establecer relacións, narrar, dar a súa opinión, describir), utilizando as normas de interacción adecuadas ao rexistro familiar ou neutro derivado do contexto, e as estratexias e os recursos básicos que aseguren a comunicación cos interlocutores (preguntar, pedir que se soletree ou se fale máis a modo...). Os intercambios comunicativos conterán elementos de coordinación e subordinación básica que poden presentar algunhas incorreccións que non dificulten da comunicación. Valorar recursos lingüísticos adquiridos e a súa adecuación sociolingüística. Valorarse igualmente a independencia progresiva dos modelos e o interese e iniciativa na comunicación.

-Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada sobre temas traballados na aula e tamén que vehiculen aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira recoñecendo feitos e opinións, identificando, se é o caso, a intención comunicativa do autor, e utilizando as estratexias requiridas pola finalidade da lectura.

-Redactar de forma guiada textos diversos, atendendo ao destinatario e ao esquema textual que corresponda á intención de comunicación, coidando o léxico, ás estruturas lingüísticas, e algúns elementos máis complexos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector e revisando o produto final para verificar ortografía, puntuación, orde de palabras e tempos verbais.

-Reformular na propia lingua o sentido dun texto tanto oral como escrito que conteña temas traballados na aula para facelo comprensible a un interlocutor

próximo, que descoñeza a lingua estranxeira e garantir a relación fluída entre falantes e culturas. Mediar, cunha actividade de interpretación informal, cando o receptor descoñece a lingua orixinal. Trátase de valorar a capacidade de desligarse da formulación lingüística orixinal e de explicar o sentido do texto de tal xeito que se poidan evitar malentendidos en un contexto social multilingüe.

-Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosan do interese polo seu uso. Utilizar as tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas, sendo consciente, no caso dos chats, do pouco coidado na escritura das frases e da ausencia de corrección da gramática, a sintaxe, e a ortografía debidos á velocidade da resposta instintiva e impulsiva que xera a súa inmediatez. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.

5. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

- A) Temporalización
- B) Grao mínimo de consecución para superar a materia
- C) Procedementos e instrumentos de avaliación

INTRODUCCIÓN ESTÁNDARES APRENDIZAXE

Os contidos previstos concretáanse en criterios de avaliación, que son referentes específicos para a avaliar a aprendizaxe do alumnado, e se reflicten nos estándares de aprendizaxe. Éstes describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se quere conseguir na materia.

A materia de Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción.

Os estándares de aprendizaxe se desenvolven en relación con 5 bloques:

Bloque 1 Compresión de textos orais

Bloque 2 Produción de textos orais: expresión e interacción

Bloque 3 Compresión de textos escritos

Bloque 4 Produción de textos escritos: expresión e interacción

Bloque 5 Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

A) TEMPORALIZACIÓN

2º CURSO ESO

1º Trimestre:

- Preséntase e fala de si (idade, familia, gustos)
- Presenta amigos, familia, animais de compañía
- identifica algúns trazos físicos e de carácter
- fai preguntas con est-ce que, inversión de suxeito
- Diferencia o uso entre *oui* e *si*
- É quen de preguntar e dar datos persoais: nome, dirección, número de teléfono, data de nacemento, data actual
- Pode atender unha conversa telefónica
- Sabe falar do tempo que fai e as estacións
- É quen de falar do sistema educativo francés
- Pode contar e dicir unha data, a hora, ou en que ano, século sucedeu un feito determinado, ou histórico
- Sabe avisar dun perigo *mettre en garde*
- Utiliza a negación *ne...pas/plus/rien/personne/jamais*
- É quen de utilizar os adxectivos posesivos
- Sabe usar o determinante demostrativo

- Utiliza os adverbios de intensidade très, trop
- Sabe utilizar os pronomes tónicos
- Pode falar dunha sensación física: j'ai faim, j'ai soif, j'ai froid, j'ai chaud...
- É quen de falar do seu tempo de lecer
- invita, acepta e rexeita unha invitación
- fala de deportes

2º Trimestre:

- Dar indicacións para unha receita expresando as cantidades e utilizando o partitivo
- Sabe falar das compras e dos tipos de tendas. É quen de pedir un prezo. Sabe orientarse nuns grandes almacéns
- Sabe facer frases con adverbios de cantidade: un peu/assez/pas assez/trop (de)
- Utiliza o condicional de cortesía e pide as cousas por favor
- Diferencia entre tutoiement e vouvoiement
- Pode falar de medidas precisas
- É quen de preguntar e dar información sobre o aloxamento identificando obxectos domésticos, mobeis. Sabe describir unha casa ou un piso. Pode describir o seu cuarto, o centro de ensino
- Sabe situar no espazo: Sabe utilizar as preposicións e adverbios de lugar
- É quen de facer comparacións moins, plus, aussi...que
- Indica o orden cos números ordinais (en que piso vive)
- É quen de dicir se hai ou non hai algo "il y a " "il n'y a pas de/d"
- explica que tarefas domésticas fai
- expresa a frecuencia
- Fala das actividades extraescolares
- expresa as preferencias

3º Trimestre:

- É quen de pedir e dar permiso (pouvoir+inf)
- Sabe expresar a posibilidade
- da a súa opinión
- Pode expresar a obriga (devoir+inf, il faut+inf)
- É quen de dar consellos
- Pode falar das normas e dos valores
- É quen de situar no tempo, dicir unha data, o acontecido nun século...
- Pode expresar a causa: pourquoi et parce que, a consecuencia: alors e a oposición: mais
- É quen de falar do pasado, utilizando o Passé Composé
- Utiliza as preposicións de lugar adecuadamente e sabe situar e situarse

- Utiliza a estrutura faire du/de la/de l' +actividade ou jouer du/de la/de l'/des +instrumentos, il faut + infinitivo, o partitivo cos incontables, e abstractos, o pronome "en"
- Sabe conxugar en presente de indicativo verbos da 1ª conxugación en –er, e aqueles que teñen particularidades (-cer, -ger, -yer, -ter, -eler..), verbos da 3ª conxugación: faire, aller, dire, écrire, prendre, partir, sortir, lire, venir, mettre... e verbos pronominais
- Sabe utilizar a forma afirmativa e negativa do imperativo
- Fai previsións co futuro simple, expresa accións recentes
- Utiliza o passé composé prestando atención ao auxiliar, á concordancia, á forma negativa, ás expresións temporais
- Pode concordar adxectivos en xénero e número
- é quen de expresar a restricción ne...que
- é quen de facer interrogacións das tres maneiras posibles e tamén de facer frases interrogativo negativas
- Expressa unha condición.
- expresa a cantidade
- fala dos gustos no que respecta aos alimentos e describe pratos, compón menús, fai unha comanda
- expresa o desexo
- Convida e acepta unha invitación.
- Expressa unha decisión.
- Poder facer unha exposición oral sobre a súa casa, familia, entorno próximo, actividades e ocio seguindo unha estrutura determinada, aportando bibliografía e apoiándose en imaxes ou soporte dixital, con power-point...
- Fala dos medios de transporte
- Sabe expresións relacionadas co que está permitido e que está prohibido
- Expressa simultaneidade.
- Expressa causalidade.
- Expressa unha apreciación negativa.
- É quen de utilizar os presentativos: c'est/ce sont
- Recoñece e situa no tempo obras de Autores franceses, pintores, artistas, persoaxes célebres
- Utiliza a preposición axeitada cos medios de transporte
- Coñece e utiliza os pronomes "y", "en"
- Manexa o vocabulario relacionado coas casas ou apartamentos, pisos, partes da casa, móbeis, actividades cotiás, días da semana, momentos do día, horas, meses, estacións, séculos, tarefas domésticas e a frecuencia coa que se levan a cabo, actividades de ocio e deportes, adxectivos para describir persoas, animais, roupa, tendas, comida, cores, alimentos, medios de transporte, elementos da paisaxe...

1º Trimestre

- Saúda, pregunta e di como vai
- preséntase e presenta
- É quen de utilizar os presentativos: c'est/ce sont
- Sabe dicir unha data, a hora
- É quen de preguntar e dar informacións persoais: onde vive, o número de teléfono
- Sabe pedir información co condicional de cortesía e utilizando s'il vous plaît
- Pode atender o teléfono e seguir unha conversa
- Sabe avisar dun perigo mettre en garde
- É quen de describir o aspecto físico e tamén de aportar rasgos de carácter
- Pode falar dos seus gustos e preferenzas
- Sabe describir as súas tarefas cotiás
- É quen de facer unha comanda no restaurante
- Pode invitar e aceptar ou rexeitar unha invitación
- Coñece o vocabulario referente aos países e nacionalidades, aos animais domésticos, dos días da semana, dos meses do ano, dos números, da familia, das profesións, da identidade, do aspecto físico e de carácter, as preposicións e adverbios de lugar
- É quen de saber utilizar os pronomes persoais suxeito, os verbos être, avoir, aller en presente. Pode conxugar os verbos en –ir da 2ª conxugación e o verbo faire
- Coñece o uso dos artigos definidos, indefinidos, partitivos, a formación do feminino, a formación do plural, os adxectivos posesivos, a frase interrogativa, a frase negativa, c'est/il est, sabe conxugar os verbos do primeiro grupo, os verbos aller e venir, Sabe contraer os artigos, sabe utilizar os pronomes tónicos, o pronome on, os adverbios interrogativos,
- Utiliza ben as preposicións à de/d' e as súas contraccións, en, os pronomes relativos qui, que, où, os localizadores
- Sabe expresar a obriga con il faut/il ne faut pas+infinitif, je dois et je ne dois pas+ inf
- Pode concordar os adxectivos calificativos
- Sabe formar adverbios en –ment e utilízalos na frase
- Coñece as expresións da oposición: mais, par contre, alors que
- Coñece as expresións da consecuencia: donc, alors, par conséquent, c'est pourquoi, c'est pour ça que
- Coñece as expresións da causa: parce que, car, à cause de, grâce à, puisque, comme
- Pode expresar a condición: si + presente, presente
- Utiliza os pronomes posesivos
- é quen de expresar a restricción ne...que
- Sabe utilizar o partitivo, e de ou d' despois danegación

2º Trimestre

- Pode describir a roupa que leva ou a roupa que leva outra persoa

- É quen de escribir unha mensaxe amigable
 - Sabe indicar o camiño
 - Pode pedir informacións turísticas
 - É quen de saber expresar a prohibición
 - Sabe pedir permiso e utiliza as fórmulas de cortesía
 - é quen de expresar a causa: pouquoi, parece que
 - Pode expresar a obriga
 - É quen de describir un obxeto
 - Sabe expresar cantidades indefinidas
 - Coñece vocabulario referente a ocio, sabe pedir algo educadamente, facer comparacións, expresar a frecuencia, sabe decir a data e a hora, pode falar de alimentos, cantidades, comercios, pedir e dar un precio e falar das formas de pago, sabe falar das relacións familiares, da roupa e dos accesorios, da cidade, dos lugares na cidade, dos transportes, dos puntos cardinais
 - Sabe utilizar os adxectivos ordinais, coñece o funcionamento dos pronomes COD, COI, Y Domina a colocación dos pronomes complemento na frase e tamén co imperativo afirmativo. Pode conxugar os verbos pronominais en presente, imperfecto e en passé composé, coñece as irregularidades dos verbos da primeira conxugación en presente: - cer, -ger, -yer, -eler, -eter, e o verbo prendre. É quen de conxugar no imperativo afirmativo e negativo, no futuro próximo e futuro simple. Sabe usar o condicional. Pode usar o partitivo, o pronome en, Os adverbios très e beaucoup, sabe conxugar o imperativo afirmativo e negativo, pode expresar a obriga con il faut+inf, devoir +inf. sabe conxugar être, avoir, faire, aller, devoir, pouvoir, prendre, savoir, vouloir, voir, sortir, ouvrir, accueillir. Sabe utilizar o determinante demostrativo. Pode conxugar un verbo no futuro próximo. Sabe conxugar os verbos en Passé Composé. Pode facer comparacións, sabe utilizar as preposicións cos países, vilas e nomes xeográficos...
 - Sabe precisar a duración
 - Describe caracteres e atitudes
 - Cita fontes, webgrafía
 - Sabe xustificarse
 - Utiliza ben pourquoi e parece que, sabe preguntar e expresar a causa
 - Pode relatar un suceso, referir un conflito, rumores
 - é quen de expresar a simultaneidade
 - Sabe expresar a condición con Si+presente, futuro
 - Sabe utilizar o subxuntivo presente para expresar a obriga: il faut que +subjunctif présent
 - é quen de expresar a simultaneidade con tandis que, pendant que
 - Pode situar no pasado: il y a, depuis, pendant
 - Sabe concordar o participio pasado dos passés composés conxugados con être ou avoir
- 3º Trimestre
- Pode facer unha reserva nun restaurante, nun hotel.

- Sabe facer unha comanda, pedir a nota
- Pode ir de compras e preguntar canto custa e como pagar
- Sabe protestar ou reaccionar e pedir ou expresar unha opinión
- É quen de saber expresar o interese e a indiferenza, gustos e preferencias, un desexo ou unha vontade
- Manexa vocabulario referente ás cores, ás formas, a tipos de materiais, medidas, informática, viaxes, aeroporto e avións, tipos de billetes, estación de tren, hoteis, aloxamento, a casa, as partes dunha casa, móbéis e equipamento, tarefas domésticas
- Pode facer comparacións, sabe utilizar o superlativo e distinguir o uso de mieux e meilleur
- É quen de utilizar os adxectivos de cor, os adxectivos beau, nouveau, vieux. Sabe utilizar os pronomes relativos qui e que. Coñece as particularidades dos artigos. Sabe utilizar os pronomes interrogativos variables do tipo lequel. Sabe utilizar os pronomes demostrativos e posesivos. Sabe facer preguntas con inversión de suxeito. Coñece a formación dos adverbios de maneira... Coñece o uso de algúns adxectivos e pronomes indefinidos.
- Describe un lugar, un obxecto
- Coñece o rexistro de lingua dos adolescentes
- Comprende abreviacións
- É quen de escribir unha estrofa en rima e con ritmo
- é quen de usar os pronomes en e y
- Pode conxugar un verbo en presente, presente progresivo, imperfecto de indicativo, PC, imperativo. Pode utilizar o subxuntivo para indicar o desexo ou a vontade: je veux/j'aimerais que tu viennes
- Sabe conxugar os verbos connaître, écrire, mettre, vendre, recevoir, conduire, lire, rompre, e se plaindre.
- É quen de facer frases condicionais utilizando Si + imparfait de l'indicatif + conditionnel présent
- Sabe expresar a finalidade, le but: afin de, afin que, pour, pour que (+subjonctif présent)
- Expresa a intensidade con Si, tellement
- Coñece o vocabulario relativo a actividades deportivas e ocio, adxectivos que describan a personalidade, as partes do corpo, estado físico e síntomas, o material escolar, lugares turísticos, particularidades culturais

()De non acadar os obxectivos especificados nun curso determinado deberán retomarse no seguinte curso co fin de que o alumno teña boa base para poder seguir progresando na adquisición da lingua.*

B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

MÍNIMOS ESIXIBLES 2º CURSO ESO FRANCÉS 2ª LINGUA

Funcións comunicativas:

Preséntase e fala de si (idade, familia, gustos). Presenta amigos, familia, animais de compañía

Sabe saudar, decir a súa idade, o seu teléfono a súa data e lugar de nacemento, e facer as preguntas.

Pode concordar adxectivos en xénero e número e identifica algúns trazos físicos e de carácter

Describe a roupa que leva e as cores. Indica a nacionalidade (concordancia en xénero e número) e as preposicións de país. Falar das tarefas domésticas e de pequenos traballos

Utiliza comparativos de cualidade: máis longo ca...

Expresa a cantidade, pregunta e di un prezo. Di onde vive e con quen

Fai preguntas où, quand, pourquoi, comment, qui, quoi...

Describe unha casa ou un piso (partes da casa, e exteriores). Describe o seu cuarto e móveis

Indica o orden cos números ordinais (en que piso vive)

Utiliza as preposicións de lugar adecuadamente e sabe situar e situarse

Fala do tempo metereolóxico

Expresa a frecuencia: tous les jours, souvent...

Indica a orde dos acontecementos, enumeración de etapas: d'abord, après, ensuite, puis, finalement

Da a súa opinión: je pense que... Expresa as preferencias

Expresa a causa, a obriga con il faut/il ne faut pas+infinitif

Sabe utilizar expresións coma j'ai envie de, j'ai besoin de, j'ai sommeil, j'ai soif, j'ai faim, j'ai peur

É quen de pedir permiso, pide educadamente, con condicional de cortesía je voudrais e s'il vous plait. expresa o desexo: je voudrais+infinitif

Fala das actividades extraescolares, deportes e horarios, frecuencia

Invita, acepta ou rexeita unha invitación

Expresa a negación e resposta a preguntas negativas e afirmativas (oui e si)

Describe accións pasadas e accións recentes. Utiliza o passé composé prestando atención ao auxiliar, á concordancia, á forma negativa, ás expresións temporais de presente, pasado

Fai previsións co futuro simple e futuro próximo. Fala sobre proxectos de vacacións.

Di que está permitido, prohibido.

Sabe conxugar verbos da 1ª conxugación en –er, e aqueles que teñen particularidades (-cer, ger, -yer, -ter, -eler..), e verbos da 3ª conxugación: faire, aller, dire, écrire, prendre, partir, sortir, lire, venir, mettre... verbos pronominais. Sabe dicir o que hai ou non: il y a, il n'y a pas de/d'....

Coñece o imperativo afirmativo e negativo, e sabe dar ordes e consellos

Sabe utilizar os artigos definido, indefinido e partitivo

Sabe situarse no espazo e situar coas preposicións de lugar, e indicar e preguntar a dirección. Indicar un itinerario. Indicar onde se vai e de onde se vén

É quen de facer interrogacións das tres maneiras posibles e tamén de facer frases interrogativo-negativas

Utiliza a estrutura faire du/de la/de l' +actividade ou jouer du/de la/de l'/des +instrumentos.

Expresa a obriga con il faut + infinitivo.

Sabe utilizar o partivo cos incontables, e abstractos. Explicar unha receita de cociña.

Utiliza a negación ne...pas/que/plus/rien/personne/jamais, os adxectivos demostrativos, as cores, os comparativos, as causais pourquoi et parce que, o plural dos nomes e adxectivos

Utiliza a preposición axeitada cos medios de transporte

É quen de preguntar e dicir un prezo

Fala das expresións relacionadas co tempo metereolóxico, futur proche: vai chover...

Manexa o vocabulario relacionado coas casas ou apartamentos, pisos, partes da casa, móbeis, actividades cotiás, días da semana, momentos do día, horas, meses, estacións, tarefas domésticas e a frecuencia coa que se levan a cabo, actividades de ocio e deportes, adxectivos para describir persoas, roupa, adxectivos para describir a roupa, cores, alimentos, medios de transporte, elementos da paisaxe...

Contidos sintácticodiscursivos:

Presente dos verbos en –er, être, avoir, pronominais, faire. Faire du, de la, de l', des. Pouvoir e Vouloir

Jouer du ... / jouer au ... Aller au / à la / aux Venir du / de la / des O futuro próximo On = tout le monde *Je voudrais* (politesse). O pretérito perfecto composto. Participios pasados en [y], [i], [e]. O futuro simple: formación e verbos irregulares. Os pronomes COD co presente e co futuro. Os pronomes COD co imperativo (afirmativo e negativo)

A expresión da cantidade. O pronome En. O pretérito pasado composto. (formación e auxiliares). Os interrogativos. Presentación C'est un, une ... qui Os adxetivos posesivos. (varios posuidores). Preposicións de lugar (vilas e países) Avoir mal au / à la / aux. O comparativo e o superlativo.

Contidos lexicais:

Roupa e cores. Material escolar. As cantidades. Adxectivos de descrición. Países e nacionalidades. As sensacións (fame, sede, doer algo) A cidade: lugares e itinerarios As profesións As actividades de lecer. Compras e tendas de alimentación. Os alimentos. A casa: cuartos, mobles, decoración.

Expresións de lugar. As receitas de cociña. Os utensilios da mesa. Expresións de tempo (frecuencia)

As estacións e a meteoroloxía. Os animais domésticos e salvaxes. Os grandes números (medidas e cantidades). Expresións de tempo (futuro) Enumeración en etapas: d'abord, après... finalement

Patróns sonoros e ortográficos

Revisión de sons vocálicos, consonánticos e entoacións de base. Os sons nasais e as súas grafías O son [uj]

[b] / [v] / [f] - [oe] / [ø] - Grafías -é(e)s / -er / -et / -ez = [e] - [s] / [z] - [R] / [gr], [kr] / [tr] - Grafías -g(e) / -g(i) -et j = [ʒ] - [ʃ] / [s] - [ʃ] / [ʒ] - Grafías -c(e) / -c(i) / ç / -s / ss / t(i) = [s] - [aj], [ɛ] Os sons [y], [u], [i] - [ɛ] pode escribirse: ai, é, ê, e(II), e (rr), e(tt) ou ei - [k], [g] - [d], [t] Grafías -gn = [ɲ]

Aspectos socioculturais:

Reactivar coñecementos previos sobre Francia. Cuestións culturais sobre Francia e países francófonos, persoaxes históricos, xeografía. A Unión Europea. As festas tradicionais en Francia.

MÍNIMOS ESIXIBLES 4º ESO FRANCÉS 2ª LINGUA

Funcións comunicativas:

Sabe saudar, presentarse, presentar, dicir a súa idade, o seu teléfono a súa data e lugar de nacemento, e facer as preguntas relativas. É quen de dar datos persoais, ou de

pedir información. É quen de falar das actividades deportivas e de ocio que realiza expresando a frecuencia. Sabe situar vilas, rexións e países utilizando os puntos cardinais. Coñece os termos para comparar e o superlativo. Sabe caracterizar (describir físicamente e aportar rasgos de carácter) concordando en xénero e número. Pode pedir e dar autorización Sabe dicir a data e a hora, as estacións. É quen de falar da meteoroloxía e dos pronósticos. Distingue as expresións de prohibición e sabe utilizalas. Entende expresións para orientarse e sabe dalas (preposicións e adverbios de lugar). Preséntase, presenta aos amigos, familia expresando a posesión. Pode falar do seu carácter e da súa personalidade. Sabe propoñer ou invitar e é quen de aceptar ou rexeitar unha proposta. Sabe dar consellos e órdenes, e comprende as instrucións (imperativo). Expresa o prezo, a cantidade. Pode falar de males e remedios (*J'ai mal au dos. Fais des exercices*). Sabe expresar os gustos e preferencias. Sabe expresar emocións, sentimentos e sensacións, describir e comentar fotos. Sabe aportar apreciacións positivas sobre viaxes. Sabe dicir alguna función dun obxecto. É quen de falar de vantaxes e de inconvenientes.

Pode falar do futuro, en futuro próximo e en futuro simple. Sabe expresar a duración e preguntar pola duración de algo. Sabe expresar a simultaneidade con *pendant que*. É quen de xustificarse. Pode relatar de xeito sucinto, referir un suceso, ou contar en pasado. Sabe utilizar os artigos definido, indefinido e partitivo. Sabe utilizar o partitivo "de" despois de negación. Coñece a forma de expresar un desexo unha vontade: *je voudrais*. Pode describir un lugar de xeito sinxelo. Pode facer unha receita e explicar enumerando os pasos por orden: *d'abord, après... finalement/ premièrement, deuxièmement...* Pode comprender algunhas abreviacións. Sabe utilizar expresións coma *j'ai envie de, j'ai besoin de, j'ai sommeil, j'ai soif, j'ai faim, j'ai peur*. Sabe contraer os artigos coas preposicións *à* e *de*. É quen de facer hipóteses, predicións. Pode relatar feitos e palabras doutros (estilo indirecto). Sabe informarse, solicitar información precisas, describir diferentes momentos dunha acción, contar a evolución dos seus hábitos. É quen de falar das súas actividades diarias precisando o momento do día e a frecuencia (materias, deportes, tarefas domésticas). Pode expresar unha restricción *ne...que*. É quen de expresar dúbida antes de responder. Sabe expresar a súa opinión.

Utiliza os pronomes relativos *qui, que, où*, os localizadores. Sabe expresar a obriga con *il faut/il ne faut pas+infinitif*. Sabe formar adverbios en *-ment* e utilízalos. Coñece as expresións da oposición: *mais, par contre, cependant, pourtant*. Coñece as expresións da consecuencia: *donc, alors, par conséquent*. Coñece e utiliza os pronomes relativos: *qui que dont où*. Coñece as expresións da causa: *parce que, à cause de*. Sabe expresar a finalidade, le but con algunhas expresións: *afin de, pour*. Pode expresar a condición: *si + présent--- présent*. Coñece o uso dos pronomes posesivos e demostrativos. Pode usar os pronomes COD, COI, EN e Y cos verbos e co imperativo afirmativo e negativo. Pode situar no pasado: *il y a, depuis, pendant*

Coñece o vocabulario relativo a actividades deportivas e ocio, adxectivos que describan a personalidade, as partes do corpo, estado físico e síntomas, les maladies, o material escolar, lugares turísticos, particularidades culturais, noms de pays et nationalité, les vêtements, les vacances. Tarefas domésticas. Internet.

Contidos sintáctico discursivos:

Os tempos: *présent, passé composé, imparfait et futur o, imperativo, subxuntivo presente, pluscuamperfecto (plus-que-parfait), O condicional*. Expresión da necesidade e da obriga. Expresión da causa con *parce que* e *comme*, Os usos do subxuntivo:finalidade, desexo, opinión. As diferentes formas da interrogación. Determinantes e pronomes interrogativos. Os pronomes relativos *qui, que, où, dont*. Determinantes e pronomes demostrativos. pronomes persoais tónicos Determinantes e pronomes posesivos. O discurso indirecto en presente. Os momentos da acción coas perífrases: *venir de, aller e être en train de + inf. A mise en relief : C'est moi qui ... ; c'est à moi de ...*A restrición con *ne..que*

Contidos lexicais:

As emocións, sentimentos e sensacións.O corpo. Adxectivos descritivos (trazos faciais).

Transportes. Profesións. Cidades e países. Xentilicios. Animáis. tarefas domésticas A vida cotiá. Características dos obxectos. Verbos introdutores do discurso .O tempo e a frecuencia. Historias policíacas e outros feitos diversos.

Patróns sonoros e ortográficos

Os sons [f] / [v], [ʃ] / [ʒ], [s] / [z] - [ɛ ɛ] e os seus compostos: [wɛ ɛ] / [jɛ ɛ]. As grafías do son [e]; participios pasados, adxectivos, infinitivos: *é(e)(s)* ou *er - [e] / [ø] / [o]- [ʀ] -* Relacionar son e grafía - [ɛ] / [œ] / [ɔ] - [aj] / [œj] / [uj] / [ɛj] - [y] / [ø] / [œ] / [ə] / [a] - [br] / [kr] / [tr] / [gr] / [pr] / [dr] / [fr].As grafías : ai / ais

Aspectos socioculturais:

Cultura francesa e francófona: literatura, xeografía, historia, arte... Desplazarse e viaxar a bo prezo. Descubrir algunhas invencións francesas. Caligramas. As fábulas de Esopo à La Fontaine O planeta e a ecoloxía.

Dous grandes detectives da literatura: Maigret e Hercule Poirot

Coñecer o mercadillo de Saint-Ouen.

C) PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os alumnos elaboran un caderno en cada clase de francés con apuntes, exercicios, fotocopias e tarefas, que revisarán asiduamente, e terán que ter ben organizado e con boa presentación, fichas de vocabulario, verbos. Seguirán o libro de texto, e o libro de exercicios asignado a cada curso

Realizarán probas escritas, tipo QCM, cuestionarios ou de completar/contestar/unir, respostas a preguntas desenvolvidas durante o curso, ou redacións, realizarán traballos sobre diferentes temas. E tamén contarán positivamente as intervencións diarias en clase, a participación e o grao de implicación nas distintas tarefas.

Por outra banda exporán os traballos de investigación, e/ou farán exposicións orais nas que terán que falar de si mesmos, da súa familia, dos amigos, dunha imaxe, responder/formular preguntas, dar datos, xustificar, falar dos temas que se propoñan para traballos... Visualizarán e comentarán ou representarán documentos sonoros ou visuais. Dialogarán cos seus compañeiros ou debatirán sobre un tema, segundo o nivel. Farán coreografías reforzando con movementos o vocabulario en cancións, etc. Elaborarán pratos. Respetarán os prazos previstos para a entrega de traballos, exposicións orais, tarxetas de felicitación, etc

Acordarase moita importancia a atitude positiva na clase de francés á participación, á asistencia, á puntualidade, respecto ao profesor, compañeiros, material e normas de clase, amais da entrega de traballos dentro dos prazos, presentación de traballos en tempo e forma.

A nota final da materia establécese na avaliación de xuño por ser unha materia de avaliación continua. E no caso de non ser superada a materia na 3ª avaliación, o alumno poderá recuperala na avaliación final*. Esta nota dependerá do nivel de adquisición das competencias, dos estándares de aprendizaxe e dos obxectivos que en todo caso deben superar os mínimos esixibles (especificados no epígrafe desta programación: Grao mínimo de consecución para superar a materia)

(*) Como aclaración especifícase que na avaliación final a nota máxima do exame escrito será 6. Mais 2 puntos se o alumno entrega, según as pautas establecidas durante o curso, todos os traballos realizados durante o ano escolar. A exposición oral, imposible de levar a cabo para a avaliación final contaría eses 2 puntos máis que sumarían os 10, que podería acadar o alumno na 3ª, pero na final a nota máxima sería 8: contando o examen escrito, realizado sen fallos, 6 puntos, máis a entrega de todos os traballos perfectos sería de 8 puntos. Se o alumno ten unha calificación positiva na exposición oral, ou proxecto de final de curso, gardaríase a nota de 2 puntos que se engadiría a esa nota total de 6+2 (traballos)+2(exposición oral final de curso ou proxecto final)

Avaliación dos alumnos coa materia pendente:

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

No caso dos alumnos coa materia pendente matriculados en lingua francesa no presente curso, nun curso superior, a profesora fará un seguimento especial do alumno na aula propoñéndolle actividades extra para a recuperación do curso pendente, e no caso de que supere as probas orais e escritas do curso superior actual darase por aprobado o curso pendente. Se o alumno non cursa a materia de francés durante o presente curso reuniránse coa profesora semanalmente (unha ou dúas horas), tempo

no que se lle explicarán os aspectos de máis dificultade e se lle proporán exercicios e actividades que lle permitan adquirir o nivel do curso pendente. Os alumnos coa materia de francés pendente terán a posibilidade de aprobar a materia entregando boletíns de traballo quincenalmente, e realizando dous exames escritos con unha parte oral; o primeiro dos exames en febrero e o seguinte en maio. O departamento de francés informará aos alumnos pendentes das datas destes exames.

6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A metodoloxía de aprendizaxe desta materia baséase no desenvolvemento dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será activa e participativa, baseada na *aprendizaxe en espiral* e favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

Atenderemos ao currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do MCERL, que está orientado á **acción**, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de poñer en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situación específicas no mundo real, que lle permitan unha **comunicación efectiva por medio dun uso espontáneo e creativo da lingua**.

Metodoloxía polo tanto cun ENFOQUE ACCIONAL, e aprendizaxe en espiral baseándose no adquirido nun progreso gradual. O enfoque comunicativo adáptase á diversidade dos contextos de aprendizaxe. Organízase a redor de obxectivos de comunicación, a partir de funcións (actos da fala) e de nocións (léxico, gramática, fonética, etc). Preséntase de xeito interactivo, dinámico e responde a unha búsqueda de autenticidade, à imaxe da lingua que se utiliza na vida cotiá.

Igualmente cognitivo, ten en conta, no alumno, a existencia dunha interlingua, sen considerala como unha debilidade no proceso de aprendizaxe. O profesor guía o cara ao descubrimento.

A aportación do enfoque accional é o concepto TAREFA, non necesariamente lingüística, a realizar en situacións auténticas dando lugar a unha realización concreta. Detrás de cada Tarefa escóndese unha razón, unha necesidade, un obxectivo a acadar, un destinatario explícito.

Actuar á vez no uso e na aprendizaxe, é a forza motriz deste enfoque cuxo obxectivo é a realización dunha tarefa, mediante actividades preparatorias. A tarefa en si mesma é proxectada como un detonante para actuar coa lingua.

No Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas estranxeiras establece que *“o usuario e o alumno dunha lingua deben ser considerados ante todo como actores sociais que teñen tarefas (non so lingüísticas) para realizar nunhas circunstancias e un entorno dados, no interior dun campo de acción particular (...). Hai “Tarefa” na medida en que a acción é o feito dun (ou varios) suxeitos que movilizan estratéxicamente as competencias das que dispoñen con miras a conseguir un resultado determinado”*.

A **tarefa** obedece entón a unha preocupación de autenticidade, contextualiza a aprendizaxe e prepara aos alumnos para converterse en actores sociais. Ten por obxeto un resultado concreto que require a posta en marcha dun conxunto de competencias e favorece o seu compromiso personal na aprendizaxe. Co fin de evitar a rutina no proceso de ensino-aprendizaxe, se reviste de diferentes formas (xogos, posters, calendarios). Lúdica, pide un traballo cooperativo (en grupo ou en parella) de xeito que os alumnos comuniquen entre eles oralmente ou por escrito. Apóiase e susténtase igualmente na realidade cotiá, tanxible que estimula ao alumno e o empuxa a utilizar e a apropiarse da lingua.

Para comunicar nunha lingua estranxeira, os alumnos deben adquirir coñecementos e competencias para ser capaces de transmitir, recibir e intercambiar información e mensaxes cos demais, por escrito e oralmente.

A principal ferramenta para chegar a este obxectivo reside na **comunicación lingüística**: os alumnos teñen necesidade de aliar os seus coñecementos de **vocabulario, de gramática, de fonética e de expresión oral (actos da fala)**, para poder expresarse, comprender e facerse comprender en francés.

Outro aspecto da comunicación é primordial para que os alumnos consigan comprender e facerse comprender oralmente: **a comunicación paralingüística**. Á hora da transmisión dunha mensaxe, unha serie de competencias paralingüísticas acompañan e poden mesmo chegar a reemprazar o discurso. Trátase dos **xestos, da musicalidade (entoación), e da expresión corporal** para transmitir emocións e sentimentos. Traballar este aspecto da comunicación na aprendizaxe do francés permite ao alumno acadar un nivel de comunicación real.

O teatro na clase de FLE, convírtese nunha ferramenta de enfoque accional e da comunicación global no sentido en que o alumno, no centro da súa aprendizaxe, convírtese nun verdadeiro actor, no interior dun espazo escénico definido. Na interpretación, utiliza de maneira evidente todas as dimensións da **COMUNICACIÓN GLOBAL**: xestos, expresión corporal, entoación, movemento, emoción...

O alumno adquire outra personalidade coa que pode **experimentar, pode cometer erros**, esa liberdade que lle confire outra identidade permítelle **desinhibirse**.

Por outra banda, debe respetar as regras da interpretación (quedando a lingua nun segundo plano). O alumno debe reaccionar rápido dando lugar a intercambios **espontáneos** e máis naturais. Cando interpreta o alumno toma **confianza en si mesmo e síntese valorado** polo profesor e os compañeiros.

Dende o punto de vista da aprendizaxe, co teatro, que permite traballar a lingua oral de maneira **lúdica**, a clase gana **dinamismo**, e os alumnos aprenden que a parte da palabra o xesto é moi importante na comunicación. O teatro é un motor de **motivación**.

Por outra banda o teatro favorece a **cohesión de grupo**, os alumnos habitúanse a concentrarse, a escoitarse uns a outros, respetan turnos de palabra.. Axúdanse, son solidarios. As relación entre bos e malos alumnos cambia e créase un novo equilibrio.

O Teatro axuda ao alumno a **memorizar frases e léxico, a través da memoria corporal, sensorial e emocional**.

O Departamento de Francés pretende contribuír ao desenrolo humanístico dos alumnos a través do pracer das artes, intentando fomentar o seu espírito creativo e artístico, co obxectivo de crear cidadáns máis críticos, capaces de analizar e opinar sobre diversos aspectos do mundo cultural, artístico, publicidade, xornalístico, modas, cociña, etc. na idea de combatir a inercia consumista na que se verían envoltos se seguen todas as tendencias sociais sen escepticismo. O modelo de alumno con pensamento crítico, e capaces de argumentar a súa opinión, sendo alumnos responsables, non obedientes, que reflexionen sobre o mundo e se responsabilicen de poder cambiar os aspectos negativos polos que camiña a humanidade. Seguimos a **corrente Art Thinking**, promovida polas profesoras universitarias María Acaso e Clara Megías que imparten clase na Complutense de Madrid (2017), prona que “asumir unha verdade sin cuestionala e memorizala para repetila nun exame é todo o contrario ao que se necesita para crear una sociedade máis responsable e activa”.

Este departamento quiere fomentar fundamentalmente a creatividade e o espírito crítico dos alumnos, á vez que lles facilita as ferramentas a través da lingua francesa.

Para que o alumno poida facer, un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, convén que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como o da aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os propios alumnos poderán comprender e producir, de xeito que as accións pedagóxicas e as *tarefas de aprendizaxe*, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre coma característica común a contribución á *consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliados para cada conxunto de actividades lingüísticas* na etapa respectiva.

A metodoloxía para o ensino de francés lingua estranxeira primeira ou segunda, fomenta a **autonomía da aprendizaxe** do alumno proporcionándolle unha maior *conciencia lingüística* e axudándoo a adoptar o seu propio proceso de aprendizaxe, de maneira que poida valorar os seus progresos ao tempo que gañará en *autoestima*. Ademais se lle proporcionarán diferentes recursos e estratexias de aprendizaxe para que el mesmo poida adaptar o seu ritmo. Darase unha especial importancia a iniciativa por parte do alumnado así como á súa creatividade.

A metodoloxía empregada potenciará a *acción e a autonomía* do alumno, tendo como *guía ao profesor*.

A metodoloxía basearase en diferentes tipos de aprendizaxe:

- **aprendizaxe significativa:** na que o proceso de ensino-aprendizaxe esté dirixido polo profesor, tendo sempre como referencia o nivel do alumno, e partindo dos seus coñecementos previos, recordándoos e activándoos de forma sistemática, xa que sobre estes asentaranse os novos; explicitar a utilidade dos contidos para aumetar a implicación dos alumnos; suscitar a interacción na aula, fomentando o *protagonismo do alumno como principal actante no proceso de aprendizaxe*.

- **aprendizaxe comunicativa:** desenvolvendo progresivamente os aspectos de comprensión e expresión tanto a nivel oral como escrito, utilizando maioritariamente o francés como lingua de comunicación na aula

- **aprendizaxe interactiva:** proxectando unha gran variedade de exercicios, actividades e recursos que trate temas significativos, reais, e cercanos ao alumno: lectura, búsqueda de información, cancións, exercicios estruturais, resumos, exposicións orais, presentacións..., intercambios de información entre os alumnos da aula, traballos en grupo...

-**aprendizaxe formativa:** cun plantexamento comunicativo actividades que promovan o respecto e a tolerancia. O traballo en grupo facilita o intercambio de experiencias e a cooperación.

-**aprendizaxe global** pola interrelación dos diferentes contidos da lingua (gramaticais, léxicos, fonéticos, estruturais, culturais...). Se proporán actividades *graduando a dificultade* das mesmas (dirixidas ao principio, e máis libres despois), unindo actividades anteriores e posteriores de maneira progresiva, *correxindo erros* e ensinando ao alumno a *aprender deles*. Se atenderá a que o propio alumno reflexione sobre o seu proceso de aprendizaxe, a súa evolución. **Se flexibilizará e adaptará a organización do espazo aula** para ás distintas actividades. E na produción final, *a tarefa*, será onde cristalicen todos os **savoirs**, onde conflúan os estándares de aprendizaxe que foron aprendendo para levar a cabo unha comunicación efectiva, para a cal o alumno poderá utilizar tódolos recursos que considere oportunos: mesmo axudarse da súa lingua materna, tamén con *xestos*, e utilizando recursos informáticos (power-point...)

A metodoloxía utilizada intentará integrar os logros das primeiras metodoloxías (método directo, audiovisual..) e das diversas tendencias comunicativas e

funcionais dos últimos anos: trátase de conseguir unha aprendizaxe da lingua francesa esencialmente *comunicativa*, tanto oral como escrita, sobre todo **funcional** e **centrada no alumno**, nas súas necesidades, tal e como preconizan as teorías cognitivas e constructivistas da aprendizaxe, cun **profesor-guía**

Polo tanto utilizaremos en cada sesión de clase, ou polo menos en cada unidade as **4 habilidades ou skills**: comprensión oral, e escrita, expresión oral e escrita (sen esquecer a reflexión sobre a lingua), para tratar os diferentes temas, e as nocións culturais inherentes a cada un, sen perder de vista o que poidan ser de interese para o alumno.

Para traballar a **comprensión oral** se utilizarán soportes visuais e sonoros que a faciliten, dramatizacións e pequenos diálogos, seleccionando temas próximos ós intereses dos alumnos e tamén ás súas necesidades. Fixando sempre as cuestións clave: quen, onde, porque, como, cando. Exercicios de escoita onde o alumno terá que comprender o fundamental dun audio do seu nivel, cancións, *ditados*, verdadeiro ou falso, completar espazos en branco

Para practicar a **comprensión escrita** se utilizarán procedementos como ler textos (con estruturas e vocabulario para acadar os obxectivos específicos, ou exercicios de consolidación de coñecementos) dos que terán que extraer informacións diversas segundo o seu nivel: B.D., contos tradicionais, artigos de xornais, extractos de prensa en xornais virtuais, folletos, descrições, cancións, diálogos, anuncios, carteis, documentos en internet nos que haxa que buscar unha información global ou específica, coa axuda de preguntas orientativas, ou QCM, actividades de relacionar, verdadeiro ou falso, de completar espazos en branco. En fin, libros de lectura nivelados que buscan captar o seu interese e fomentar o desexo de ler polo simple pracer de facelo.

A **expresión oral**: trátase de estimular o uso do francés na aula mediante actividades que fomenten a interactividade, individuais, por parellas, en grupo, grupo-clase, tanto cos demais compañeiros coma co profesor, dirixidas a que o alumno acade progresivamente unha real competencia comunicativa.

Aprender a tomar notas sobre o que se vai dicir axuda a organizar o discurso e dará seguridade ao alumno.

Estas actividades son moi variadas e se adaptarán ao nivel do alumnado, poderanse propoñer modelos (escritos no encerado a partir dunha chuvia de ideas por campos semánticos...), ou propostos no libro de texto, para que utilicen as expresións, vocabulario, ou discursos cunha finalidade determinada –argumentacións, descrições, enumeracións...: Jeux de rôles, facendo que os alumnos se identifiquen con diferentes personaxes de maneira que se plantexen diferentes situacións que máis tarde poderán aplicar en situacións reais de comunicación, facer hipóteses sobre un feito determinado, comentar unha imaxe ou describila utilizando o vocabulario axeitado, responder a preguntas sobre un texto, imaxe, película, sobre a mensaxe dunha canción..., resumir, ou saber relatar un feito pasado ou que vai suceder, que fixeron nas vacacións, fin de semana, cales son os seus proxectos para o verán..., facer presentacións orais co apoio informático

Para exercitar a **expresión escrita**, nun primeiro tempo, se familiarizará aos alumnos con diversos tipos de textos (cartas, poemas, cancións, chistes, adiviñas...), propoñendo algúns como modelo –onde teñan que utilizar expresións, vocabulario, ou algunha estrutura discursiva determinada (argumentacións, descrições, enumeracións...); textos máis ou menos curtos segundo o nivel, e cunha estrutura fácil, que progresivamente se irá complicando. Poden encher formularios con respostas curtas, encrucillados...

Cando a aprendizaxe progresa o texto escrito vai adquirir máis relevancia; os tipos de textos se diversificarán e se abordarán situacións simuladas ou reais en cartas (relación epistolar cun collègue ou lycée francés), postais, toma de notas, borradores, escribir pequenos artigos, resumir películas, libros, facer descrições, argumentacións... comentar unha imaxe ou describila utilizando o vocabulario axeitado, responder a preguntas sobre un texto, imaxe, película, sobre a mensaxe dunha canción..., fabricar carteis, publicidades, saber relatar feito pasado, presente, ou contar os proxectos futuros, redaccións... fabricar postais de felicitación co vocabulario e estrutura típicos da festa da que se trate...

Prestarase especial atención á ***mise en page*** (fomentando e valorando sempre a creatividade),

Co obxectivo de adquirir recursos para aprender a comunicarse noutras linguas estranxeiras, hase procurar unha **reflexión sobre a lingua francesa**, a través de baterías de exercicios variados desenrolando a técnica da observación sistemática das realizacións orais (mesmo da linguaxe xestual) e escritas específicas do francés, para ir *deducindo* as regras de funcionamento do sistema lingüístico inherente a esta lingua. Esta reflexión se complementará con unha *comparación coas súas linguas maternas* (galego, castelán), e con outras linguas románicas como o portugués, o italiano... Suliñaranse as semellanzas e as diferenzas entre elas. Guiarase ao alumno para que aprenda dos *erros*, e *que os vexa como unha incidencia positiva*. Proporanse técnicas de estudo de linguas estranxeiras que o alumno adaptará ao seu ritmo de aprendizaxe.

Polo que respecta a **cultura e civilización francesas ou francófonas**, hase procurar sempre nas clases que haxa referencias a lugares, persoaxes célebres, cadros, obras, feitos históricos, xeografía... Ou ben será nalgúns temas obxecto de investigación ou estudo por parte dos estudantes, a través de traballos/exposicións orais individuais ou de grupo.

O conxunto das actividades para o alumno terán relación coa vida práctica e cultura francófona (cociña francesa, celebracións, xeografía, persoaxes históricos, literarios e de actualidade, cancións, etc). Tentaremos que as actividades sexan dinámicas para contribuir ao non sedentarismo do alumnado: pezas de teatro, jeux de rôle, coreografías...)

Coas actividades relacionadas coa cociña, ou cos alimentos, ou hábitos diarios promoveremos un estilo de **vida saudable en cuestións de alimentación, hixiene e deporte**.

ADAPTACIÓN AO DELF e/ou PROBAS DE SELECTIVIDADE

As distintas actividades adaptaranse aos límites ou pautas que se propoñen nos exames do **DELF**, ou **selectividade**, segundo as necesidades dos alumnos

Dende o curso 2020/21 no IES Coruxo desapareceron as AULAS TEMÁTICAS, desapareceu a AULA DE FRANCÉS, por mor do Protocolo Covid. Dende este departamento estase a solicitar á dirección un **AULA DE FRANCÉS**, sobre todo para os alumnos de optativa Francés a partir de 3º ESO. Esta aula é parte da metodoloxía da materia, xa que permitiría ter unha variedade de materiais ao alcance: libros de lectura, BD, fichas, crucigramas, dicionarios, mapas físicos, cartéis... O diferente ritmo de aprendizaxe dos alumnos e a **atención á diversidade** sería moito máis factible e eficaz con esta accesibilidade. Esta aula proporcionaría tamén ao alumno un ambiente favorable á inmersión na cultura francófona.

A Biblioteca, ou a aula de informática serán outros espazos nos que os alumnos de francés realizarán traballos de investigación, etc

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Recursos impresos: libros de texto, libros de consulta, prensa, libros de lectura, mapas, dicionarios, BD...

Recursos audiovisuais e TIC: canón de imaxe, cine, cancións, recursos internet, bancos de imaxes, páxinas de exercicios en rede, aula virtual, ordenadores, plataforma edixgal, Moodle, videoconferencia...

Outros recursos: cociña e utensilios cociña, circuitos para roteiros...

Os libros de texto previstos para o curso 2022/23 son:

1º ESO 2ª Lingua: Transit 1 + cahier Santillana

2º ESO 2ª Lingua: Parachute 2 + cahier Santillana

3º ESO 2ª Lingua: En ligne 1 + cahier Edebé

4º ESO 2ª Lingua: Parachute 4 + cahier Santillana

Os métodos elixidos polo Departamento dispoñen de libro dixital (manuel numérique), CD incorporado ao cahier d'exercices e material complementario dentro do libro do profesor

Amais do libro de texto asignado para cada curso se utilizarán fichas, fotocopias, ou páxinas web con exercicios de gramática para repasar ou practicar estruturas, exercicios para completar ou relacionar, QCM, mots-croisés, mots mêlés, textos sinxelos, publicidades, documentos auténticos como artigos de revistas e xornais, folletos turísticos, bandes dessinées..., ademais de audicións de música francófona, vídeos musicais, karaokes, documentáis, películas, e o inestimable banco de datos Internet (coa debida xestión dos distintos documentos: audio, vídeo, escritos, reportaxes...). Estes materiais de traballo teñen a finalidade de estimular a expresión en lingua estranxeira e de achegar ao alumno á cultura francesa dunha forma amena. Por outra banda, sabendo que o soporte informático é un recurso básico, o departamento propondrá incursións na internet a páxinas previamente seleccionadas para extraer unha información determinada, para investigar sobre un tema dado, ou simplemente para facer exercicios de gramática, vocabulario, consulta de mapas etc. Amais da utilización de ordenadores (ben sexan Abalar, ou non) son necesarios un canon e os altosfalantes.

Solicitamos un AULA DE FRANCÉS, con ordenadores, un canón, altosfalantes. Co canón e altosfalantes poden aproveitarse tódolos recursos multimedia. Todos os materiais están ao alcance dos alumnos, e do profesor: os dicionarios, mapas, revistas, libros de consulta, bandas deseñadas, libros de lectura, etc. Nunha clase de idiomas se utilizan soportes diversos e que é imposible estar trasladando de aula en aula. Deste xeito, nun aula de francés, pódese cambiar de actividade con moita máis facilidade, segundo o ritmo do grupo, ou utilizar os dicionarios para facer xogos, o que redundará tamén na adquisición de rapidez de búsqueda por parte dos alumnos, amais de procurarlles certa autonomía no caso concreto dos exercicios con dicionarios. Por outra banda a inmediatez de poder sinalar unha cidade, río,... lugar nun mapa de Francia, fai que esa imaxe reforce a explicación e a asimilación dun contido determinado. O feito de ter aula específica, ou aula propia do departamento contribúe a que sexa o alumno o que se desprace, se airee e aprenda, savoir-faire, a chegar a súa hora, sentarse sen facer ruído, e recolocar a cadeira ao saír. Aspectos básicos de educación que lle serán moi útiles toda a vida.

No que respecta á *Biblioteca*, hai pouco material en francés: algunhas películas, e unhas poucas bandas deseñadas de Astérix et Obélix, Titeuf. Temos no departamento algúns títulos con varios exemplares para os alumnos. Tamén dispoñemos de dicionarios no departamento e pediremos para a biblioteca do

instituto. O departamento de Francés do IES de Coruxo desapareceu este curso co que se perdeu bastante material. Aínda así no novo departamento que compartimos con Inglés, gardamos libros de lectura e material de interés pedagógico como fonte de recursos para as profesoras que impartimos a materia de francés. Dende o Departamento de francés fomentamos a lectura, e as visitas á biblioteca con fin didáctico e contribuimos ao **Proxecto Lector**

Este departamento propón actividades de aproveitamento desta sala e os seus recursos, invitando aos alumnos a coñecer as súas instalacións e fomentando a lectura.

Os alumnos disporán de ordenadores Edixgal, co que se facilitará o acceso individualizado á recursos multimedia;o noso departamento non se incorpora ao proxecto E-Dixgal porque consideramos que o libro de texto proporciona ao alumno unha base física sobre a que apoiar toda a variedade dos recursos que imos utilizar.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria na materia de francés será continua, formativa e integradora. O proceso de avaliación estará centrado non só nos contidos, senon tamén na forma de traballar no progreso e na disposición conductual do alumno. Os procedimentos van relacionados cos conceptos, e coas competencias que desenvolve o alumno durante todo o curso polo que á hora de valoralos o faremos en conxunto, relacionándoos cos estándares de aprendizaxe. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será integradora teranse en conta como referentes últimos a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación facilita que se realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas. Ao longo de cada curso realizaranse, para cada curso, tres sesións de avaliación según a modalidade de avaliación continua. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación da materia pendente, se fora o caso.

As probas e tarefas serán de orde diverso de xeito que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos das destrezas lingüísticas, máis os aspectos culturais (xeografía, historia, arte e civilización...) da cultura francófona. Realizaranse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conxugación, gramática, redacción, pronuncia, e tamén sobre os ditos aspectos culturais. O traballo acotío e o bo comportamento respectando ás persoas, normas e materiais son esenciais no proceso de aprendizaxe. Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da ou das unidades didácticas nas que se encaixen.

Os PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN no proceso avaliador levarase a cabo tendo en conta os seguintes aspectos: a) A observación directa do alumnado, tendo en conta as súas actitudes , iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos en grupo ou de posta en común, os seus hábitos de traballo, os seus avances procedimentais e conceptuais. b) A supervisión do traballo dos alumnos, realizado na aula (preguntas sobre aspectos tratados da materia) e fóra da mesma (traballo na casa), obtendo información sobre a expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita e desenvolvemento das actividades, e tarefas, uso práctico da tecnoloxía, búsqueda adecuada de fontes de

información, reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe, progreso, evolución das súas destrezas... c) A realización periódica de probas orais e escritas de diferente natureza nas que se avaliará o progreso e a calidade comunicativa (adecuación a situación comunicativa, xusteza da información, organización e coherencia do discurso oral e/ou escrito) e a calidade lingüística (corrección gramatical e lexical, pronunciación nas probas orais, presentación dos traballos escritos: ortografía, presentación, mise en page, puntuación), presentación de actividades e tarefas en tempo e forma, respectando sempre as consignas requiridas, sexan traballos escritos, resumos, dictados, redaccións, realización de tarxetas de felicitación, exposicións orais.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe. Os alumnos elaborarán un caderno en cada clase de francés con apuntes, exercicios, fotocopias e tarefas, que revisarán acotío, e terán que ter ben organizado e con boa presentación, fichas de vocabulario, verbos. Seguirán, tamén, o libro de texto e o cuaderno de exercicios.

Realizarán probas escritas, tipo QCM, cuestionarios ou de completar/contestar/unir, respostas a preguntas desenvolvidas durante o curso, ou redaccións, realizarán traballos e exposicións orais sobre diferentes temas. Contarán positivamente as intervencións diarias en clase, cando sexan acertadas, as respostas ás preguntas da profesora sobre os aspectos a revisar, a participación, a actitude, o respecto ás normas (competencias de aprender a aprender e cívica –saber estar), e o grao de implicación nas distintas tarefas, presentación apropiada dos traballos, escritos (marxes, títulos, epígrafes, parágrafos), pulcritude, orde e boa escritura. Por outra banda, exporán os traballos de investigación, e/ou farán exposicións orais nas que terán que falar de si mesmos, da súa familia, dos amigos, animal de compañía, de rexións francesas, persoaxes do ámbito cultural francófono (pintores, cantantes, escritores...), parques de atraccións (segundo o curso), dunha imaxe, respostar/formular preguntas, dar ou pedir datos, xustificar, falar dos temas que se propoñan para debates... Visualizarán e comentarán ou representarán documentos sonoros ou visuais (fotografías, pinturas –explicando: no primeiro plano, ao fondo, etc...), definicións, resumos, biografías, comentarios, etc. Dialogarán cos seus compañeiros (jeux de rôles), ou debatirán sobre un tema, segundo o nivel educativo. Realizarán coreografías reforzando con movementos o vocabulario das cancións, etc. Elaborarán pratos e receitas, para degustacións respectando as normas de convivencia na clase. Respetarán os prazos previstos para a entrega de traballos, exposicións orais, tarxetas de felicitación, exercicios, fichas etc. que entregarán sempre en tempo e forma. Acordarase moita importancia a actitude positiva na clase de francés, á participación, á asistencia, á puntualidade, respecto ás persoas, ao profesor, compañeiros, turno de palabra, material e normas de clase, utilización de fórmulas de cortesía. Os alumnos deben seguir as consignas do profesor e facer os traballos de investigación, redacción, sen plaxiar a información dunha web, nin copiar entre si, nin abusar e facer un mal uso dos tradutores online, nin presentar exercicios/traballos feitos polas súas familias, profesores particulares, etc. As malas praxis conlevarán unha repetición do traballo para comprobar que son eles os autores, e se nesta segunda oportunidade non se respetan as consignas, non haberá máis oportunidades e o traballo non contará.

Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. Na materia de francés está prevista a realización de, mínimo, un exame escrito por trimestre. A nota dependerá do nivel de adquisición dos contidos, das competencias, dos estándares de aprendizaxe e dos obxectivos, traballo diario e comportamento axeitado. En todo caso, para acadar a nota de 5 deben superar os mínimos esixibles e teren presentado todos os traballos do curso segundo as consignas e en prazo. Aplicarase a avaliación continua, de xeito que se o alumno aproba a 2da avaliación queda recuperada a 1ª avaliación, e se suspende a 1ª e a 2da pode recuperar as anteriores na 3ª. O alumno que aprobe na terceira avaliación aprobará toda a materia (ver “Especificacións” máis abaixo). Se non aprobara a terceira avaliación, pode recuperala no exame da recuperación final (de mínimos –ver “Especificacións” máis abaixo). A cualificación da avaliación ordinaria obtense da última avaliación, ou da recuperación final.

Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso, segundo especificamos máis arriba, que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes

obxectivos e contidos das cinco destrezas, aspectos culturais, e competencia cívica. Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, probas de adquisición de léxico e conxugación, xeografía, cultura, probas de pronuncia, exposicións orais, definicións, etc. Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos...

Os criterios de cualificación para a materia de francés basearanse nos seguintes parámetros:

- 1) 20% - Participación e traballo diario na clase con respostas correctas ás preguntas da profesora sobre os temas traballados, exercicios, actividades, deberes, libreta (ordenada, con todas as anotacións ao día), corrección de exercicios pola pizarra verificando adecuadamente, lectura de libros ou extractos propostos, demostrando ter estudado e os apuntes ao día, deberes ben feitos, rapports de lecturas, definicións, pequenos exposés sobre o tema de cada unidade, representacións, redaccións, traballos, proxectos e tarefas entregados en tempo e forma, diálogos con preguntas e respostas respectando as consignas, probas orais. Coñecemento da lingua, gramática, sintaxe, vocabulario, cultura.
- 2) 60% Probas escritas. Realizarase unha por trimestre.
- 3) 10% Exposición oral, tarefa final* de curso que englobe todo o estudado durante o curso
- 4) 10% Atitude (competencia cívica, respecto das normas, comportamento, esforzo, progreso)

O cento por cen destas rúbricas no seu desenvolvemento óptimo por parte do alumno representaría a nota de 10.

Para aprobar curso o alumno debe demostrar que ten adquiridos os obxectivos mínimos.

(*)Os alumnos deberán de realizar unha tarefa final, exposé con power-point, ou semellante, so cun esquemático guión, no que falen en francés –sen ler- de todos os aspectos aprendidos no curso. A execución adecuada deste traballo representará 10 por cento da nota final. Será indispensable entregar previamente este traballo escrito á man e en papel á profesora, para a súa corrección e visto bo.

“Aclaracións”:

-Se a primeira e segunda avaliación están suspensas a nota da terceira avaliación será, como máximo, 7: 5 puntos o exame escrito (no que so aparecerán os mínimos esixibles), 1 punto traballos *entregados correctamente* fóra de tempo, e 1 puntos a exposición oral, tarefa final de curso, sempre que sexa realizada sen fallos, sen ler e respectando todas as consignas. Os 3 puntos restantes ata 10 non son recuperables xa que na materia de francés as intervencións en respostas acertadas durante as clases durante os 3 trimestres, co seguimento e traballo diarios e na libreta, os diálogos realizados durante as clases contan na nota daqueles alumnos que foron aprobando e esforzándose trimestre a trimestre traballando a diario sobre todos os contidos, non so os mínimos.

-Se a materia non fora recuperada na 3ª avaliación, o alumno pode aprobar o curso nun exame escrito cos mínimos esixibles correspondentes.

-Se o alumno non fora quen de superar os mínimos esixibles poderá recuperar a materia pendente nos prazos establecidos do seguinte curso escolar.

-O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos): -A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5. - Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre. - Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre e non ter chamadas de atención por molestar en clase.

- Aquel alumno que falte sistemática e inxustificadamente perderá o dereito a avaliación trimestral tendo a posibilidade de presentarse á proba final. Sendo condición indispensable para aprobar a materia a asistencia a clase, chegar sempre a tempo, e a xustificación coherente das faltas, amáis dos aspectos propios da materia e curso antes descritos.

-Non superarán a materia os alumnos que abandonen a materia. Consideramos abandono a asistencia non continuada e inxustificada á clase, non traer o material reiteradamente, non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa ou deixar sistemáticamente os exámenes en branco, e non responder adecuadamente ás preguntas durante a clase relativas á materia que se leva traballado.

-Non puntuarán positivamente os traballos individuais ou colaborativos nos que se falte ao respecto de compañeiros ou se faga mofa dos erros, nin

os traballos copiados doutro compañeiro ou plaxiados de internet ou outros medios.

-Os alumnos que teñan problemas de comportamento (con parte de incidencias) durante o curso non poderán asistir ás saídas extraescolares xa que pode supoñer un risco para a súa seguridade o feito de que non respete as normas tampouco nas saídas escolares.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación. b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando sexa requerido tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo. c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

O alumnado que promocionou coa materia de francés pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo do mes de outubro. Recibirá información do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase ao profesorado titor deste alumnado. O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente: xaneiro - abril - examen final: maio (recuperación de toda a materia). Para recuperar a materia o, e ao longo do curso, o alumnado deberá entregar 5 traballos (de decembro a abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os traballos substituirán aos exames e servirán para a recuperación da materia: 5 traballos, igual a 5 puntos. Propóranse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinariedade. O alumnado recibirá igualmente unha guía de traballo, con tarefas e unha temporalización recomendada, coa intención de facilitarlle a preparación das probas. O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nesas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e valoración, e reorientalo se fose preciso. O alumnado que se presente unicamente ás probas finais optará deste xeito ao 100% da súa cualificación, que será sobre mínimos, e obterá como nota máxima 5, que é a nota mínima para aprobar o curso. Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios.

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRACTICA DOCENTE

Nas reunións do Departamento de Francés, que se levarán a cabo unha vez ao mes, tratarase da progresión da materia nos diferentes cursos, revisando a metodoloxía empregada, adaptando a programación prevista e modificando aqueles aspectos que permitan mellorar o rendemento. Estas revisións serán máis pormenorizadas despois de cada avaliación valorando os resultados, a adquisición dos contidos, e readaptando a programación por cuestións de tempo

A nivel del Departamento, a Programación, e o seu desenvolvemento nos distintos cursos, será revisada ao longo de todo o curso nas reunións de departamento que realizamos semanalmente; nelas estudiaremos o grao de cumprimento dos obxectivos nos diferentes grupos de cada curso e os problemas, ou incidencias xurdidos, así como a actualización, renovación ou necesidades de material. Nestas reunións valoraremos as actividades en función das circunstancias, propostas de saída, actividades extraescolares, etc.

Nas ditas reunións de departamento observaremos a idoneidade dos contidos eleixidos, da metodoloxía aplicada e dos recursos que dispoñemos para mellorar o rendemento de cada grupo ou alumno en particular. Valoraremos os resultados das directrices proxectadas nesta programación e os criterios pedagóxicos utilizados, ou aportaremos ideas que contribúan ao enriquecemento e adaptacións do programa previsto.

Partindo da avaliación inicial veremos a necesidade de adaptación significativa e non significativa dos diferentes grupos e/ou alumnos en concreto. Nas reunións de departamento proporemos as modificacións da programación para os cursos en cuestión, e teremos en conta estas variacións para o futuro.

O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas. Estableceranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades educativas especiais.

Durante o curso as profesoras de francés prestamos atención aos resultados académicos dos alumnos na nosa materia, e observamos en que grado se adecúan os materiais utilizados, as obras de teatro, libros de texto e de lectura, recursos multimedia, evaluando a mesma programación para adaptala aos distintos cursos e necesidades dos nosos alumnos. Tamén analizamos o número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para os alumnos, as propostas de aprendizaxe cooperativa, a motivación dos alumnos, o uso das TIC, a inclusión de *temas transversais*, a coordinación e o aproveitamento de *actividades de carácter interdisciplinar*, establecendo redes colaborativas. A autoavaliación é constante no noso departamento e tamén a avaliación do proceso de ensino, que ven determinado polo nivel de éxito na consecución dos obxectivos por parte dos alumnos de francés, e por enquisas ou cuestionarios onde se reflicten os parámetros anteriormente citados, recollendo propostas para melloralas se fora preciso.

Esta programación queda aberta a calquera modificación para adaptala as circunstancias deste curso. Os membros do departamento de francés procuramos cada ano adaptarnos as novidades e aproveitalas para a performance do noso traballo, que sexa á vez motivador, creativo, práctico e productivo.

Contemplantase en todo momento a adecuación da actividade aos obxectivos marcados curso por curso. O obxectivo deste exame continuo é que sirva de mecanismo para posibles reajustes ben do aprendizaxe do alumno ben do proceso de ensino.

Unha vez por trimestre, rematadas as avaliacións do proceso de aprendizaxe, o departamento procederá á valoración da programación con respecto aos resultados obtidos e tomará nota dos cambios que se terán que facer na programación do curso lectivo seguinte quedando este recollido ao final do curso na MEMORIA que se entregará no mes de xuño.

10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Avaliación dos alumnos coa materia pendente:

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

No caso dos alumnos coa materia pendente matriculados en lingua francesa no presente curso, nun curso superior, a profesora fará un seguimento especial do alumno na aula propoñéndolle actividades extra para a recuperación do curso pendente, e no caso de que supere as probas oráis e escritas do curso superior actual darase por aprobado o curso pendente. Se o alumno non cursa a materia de francés durante o presente curso reuniránse coa profesora semanalmente (unha ou dúas horas a acordar, preferiblemente nos recreos para que os alumnos non perdan outras clases), tempo no que se lle explicarán os aspectos de máis dificultade, o/a alumna expresará as súas dúbidas, e se lle proporán exercicios e actividades escritos e oráis que lle permitan adquirir o nivel do curso pendente ao tempo que a profesora lle fai un seguimento da súa evolución. Eventualmente, un alumno coa materia de francés pendente poderá superar a dita materia se aprobara a materia de francés do curso do nivel superior. É dicir un alumno que teña o francés de 1º de ESO e aprobe o francés de 2º ESO terá aprobado automaticamente o francés de 1º ESO.

No mes de outubro os alumnos coa materia de francés pendente son convocados e informados do traballo de recuperación que deben facer ao longo do curso, así coma se lle facilitará e/ou informará do material do que dispoñen para preparar a materia. O traballo que será supervisado pola xefa de seminario ou no curso superior, pola profesora que lle dea clase. O traballo de recuperación consta dunha parte escrita (exercicios de gramática, léxico, redacción) e dunha parte oral (lectura, conversación...). O temario reflíctese no epígrafe correspondente ao curso do que se trate nesta programación. Comentaremos calqueira incidencia co titor para que sempre estea ao corrente da súa marcha e poida actuar coordinando a actuación de pais e profesores para lograr que superen as dificultades propias de ter materias pendentes.

Os alumnos coa materia de francés pendente terán a posibilidade de aprobar a materia entregando os traballos parciais, boletíns, que lles propoña o departamento, e que entregarán cada dúas semanas, realizado dous exames escritos cunha parte oral; o primeiro dos exames terá lugar en febreiro e o seguinte previsiblemente no mes de abril. En todo caso tentarase non interferir no período de exames xerais.

Os alumnos con francés pendente poden, tamén, facer un exame trimestral, coincidindo con cada avaliación, e no mes de febreiro e de abril poderán presentarse a un exame para superar a materia. Según os criterios de avaliación seguintes:

Criterios de calificación: Actividades/Traballos/tarefas/boletíns: 50% da nota, entregados en tempo e forma e ben feitos, ben presentados, con orde, pulcritude e boa escritura. Examen: 50% da nota.

Polas características das probas, e dos exercicios, que atenderán aos mínimos esixibles de cada curso, os alumnos non poderán acadar máis puntuación ca 5.

O departamento de francés informará aos alumnos pendentes das datas destes exames.

11. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNO ACREDITAR OS COÑECIMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS.

Os currículos de francés adáptanse a titulacións proveitosas para a vida académica ou laboral dos alumnos: ADAPTACIÓN AO **DELFDALF** e/ou **PROBAS DE**

SELECTIVIDADE

As distintas actividades adaptanse aos límites ou pautas que se propoñen nos exames do DELF/DALF, ou selectividade/reválida segundo as necesidades dos alumnos.

Este curso non temos clase en Bacharelato.

12. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS SEUS RESULTADOS

A **avaliación inicial** vaise desenvolver durante os primeiros 15 días de setembro, realizando exercicios de repaso, tanto de comprensión e expresión oral coma de expresión e comprensión escrita. No caso de 1º ESO destacaremos os coñecementos que os alumnos poden ter da cultura francófona previos ao estudo da lingua francesa.

Nos demais niveis levaranse a cabo diferentes probas onde se recollan os contidos mínimos explicados no curso anterior. Esta proba escrita non será tida en conta para a cualificación do alumno pero dará unha idea aproximada do nivel de adquisición de contidos e obxectivos vistos no curso anterior nos diferentes cursos. A partir dos resultados se repasarán aqueles aspectos nos que teñan máis dificultades e, ao mesmo tempo, se irán introducindo novos contidos e afondando coa metodoloxía de *aprendizaxe en espiral*.

As profesoras de francés habilitamos unha batería de enquisas, probas escritas e orais, exercicios varios, e a observación directa para valorar o nivel medio dun determinado curso de francés, mais tamén detectar as necesidades especiais de algún alumno. Aspectos que temos en conta no día a día das nosas clases, aportando material de reforzo ou de *élargissement* (prolongación) se fose o caso, xa que pode haber alumnos cun alto nivel de francés.

As probas de Avaliación Inicial, polo tanto, realízanse a través de cuestionarios oráis, dictado e un exame escrito con cuestións que repasen os temas principais que deberían estar adquiridos no curso anterior (excepto no caso de 1ºESO). En ningún caso computan na avaliación do alumno.

A avaliación inicial permite levar a cabo accións que axudan a identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa: Tamén analizamos os informes de avaliación individualizados do curso anterior.

13. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Este departamento ten previsto para cada curso materiais e actividades complementarias de consolidación, e *prolongación* para aqueles alumnos cun nivel máis avanzado ou *de reforzo* para os que teñan problemas de aprendizaxe, distinto ritmo, NEAE. A finalidade é motivar ao alumnado atendendo ás súas características, necesidades e gustos dentro do posible.

Na adaptación dos tempos, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a

secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Prestarase atención as propostas que, en relación a avaliación, figuran nos plans, nos proxectos, nos programas, nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Aproveitando que as nosas clases non son moi numerosas tentamos atender as necesidades duns e doutros valorando as súas aportacións, contribucións persoais, en cada caso, ao grupo clase.

Este departamento ten a firme intención de motivar e impulsar o ritmo de todos os alumnos de francés con todos os medios dos que se dispoña.

Hai que dicir neste punto que os alumnos de 1º e 2º ESO, con necesidades de apoio escolar, saen de francés para teren reforzo educativo.

As Reunións de Departamento serven tamén para analizar e valorar os resultados da avaliación inicial coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Permiten a revisión dos obxectivos de área ou materia en cada nivel, así como das competencias clave que o alumnado podera lograr como consecuencia da adaptación das programacións.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa **participación e implicación** no desenvolvemento das accións educativas.

Os plans de reforzo e recuperación formarán parte das programacións didácticas, así como da PXA.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias.

14. TRANSVERSALIDADE NA MATERIA DE FRANCÉS

En educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns das materias de cada etapa, entre as que está a lingua estranxeira francesa, se fomentará a *comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias fomentarán o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, e diversidade sexual, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.*

Se fomentará a aprendizaxe da *prevención e resolución pacífica de conflitos* en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender en todo caso a *prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia*, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación.

Os currículos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato incorporarán elementos curriculares relacionados co *desenvolvemento sustentable e o ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e maltrato ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das tecnoloxías da información e a comunicación, así como coa protección ante emerxencias e catástrofes.*

Os currículos de educación secundaria obrigatoria e bacharelato incorporarán elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do *espírito emprendedor*, á adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e ao fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial. As administracións educativas fomentarán as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Se fomentará a *actividade física e a dieta equilibrada*, que formen parte do comportamento xuvenil. Para estes efectos, se aconsellará a práctica diaria de deporte e do exercicio físico por parte dos alumnos e alumnas durante a xornada escolar, nos termos e condicións que, seguindo as recomendacións dos organismos competentes, garantan un desenvolvemento adecuado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. O deseño, coordinación e supervisión das medidas que para estes efectos se adopten no centro educativo serán asumidos polo profesorado con cualificación ou especialización adecuada nestes ámbitos.

No ámbito da educación e a *seguranza viaria*, se promoverán accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Xunto coas competencias, a *interdisciplinidade* fai que se fomente e poña de manifesto a relación que existe, non só no contexto escolar, mais tamén na vida cotiá, entre todos os coñecementos que unha persoa vai adquirindo o longo do tempo; sendo este outro aspecto importante de todo *proceso da aprendizaxe*.

Algúns dos aspectos que atinxen á INTERDISCIPLINARIEDADE na materia de francés son: Historia (personaxes célebres, datas de feitos históricos), Literatura (vida e obra de escritores franceses e/ou persoaxes históricas francófonos, bandas deseñadas, poemas, literatura policíaca, diferentes tipos de textos, contos, desenrolo do gusto pola lectura), Matemáticas (cálculos, porcentaxes, problemas, estadísticas), Xeografía (mapa de Francia, ríos principais, xeografía do territorio, países francófonos e capitais), Ciencias Naturais (le développement durable (desenrolo sostido), fauna e flora e características rexionais), Lingua (préstamos lingüísticos, semellanzas e diferencias entre linguas románicas, categorías gramaticais, etimoloxía, crucigramas, presentación de traballos (esquemas, resumos, análise sintáctica e morfolóxica...), Psicoloxía (test de personalidade) Música e Artes Plásticas (recoñecemento de obras de arte, pintura, arquitectura, esculturas, cancións, karaokes, análise de vídeo-clips, debuxos, collages, pintores e as súas obras). Con respecto ás TIC traballaremos aspectos básicos coma gardar un arquivo, descargar unha imaxe, converter arquivos, cortar e pegar imaxes ou textos nun documento, traballar coa ferramenta power-point, ou similar.. Expresividade corporal: Teatro, coreografías (Educación Física), cociña; reforzaremos normas básicas de comportamento, educación (Valores Éticos), Filosofía (Simone de Beauvoir –on ne naît pas femme on le devient, existencialismo, positivismo de Comte, O método de Descartes –je pense donc je suis, cartesianismo...)

Coa materia de francés tamén se contribúe á EDUCACIÓN EN VALORES. A aprendizaxe do francés parte da premisa dunha formación completa do alumno que progresivamente irá adquirindo unhas COMPETENCIAS sólidas e a metodoloxía de aprendizaxe contempla tódalas dimensións de este apartado, contribuíndo

activamente ao desenvolvemento persoal do alumno (relacións, aspectos sociais, de valores como a *tolerancia* e o *respecto dos demais e das normas*, do entorno natural, do patrimonio artístico, das diferentes culturas...). Este punto está máis desenvolvido no epígrafe das Competencias desta programación (**3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave estandares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais**)

Dende o Departamento de francés contribuímos tamén ao **PROXECTO LECTOR**, xa que, como é natural en clase de lingua francesa traballárase **A comprensión lectora**, que, en FLE, ten como obxectivo conducir ao alumno progresivamente ao sentido dun escrito, a comprender e a ler diferentes tipos de texto (diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro, etc...)

Nesta dimensión tamén se trata de aprender a ler o que está implícito aprendendo a desenvolver progresivamente estratexias de lectura que favorezan unha actitude activa de descubrimentos que leven aos alumnos a enriquecerse, contribuíndo ao desenvolvemento no alumno de diferentes habilidades e particularmente a comprensión escrita e a fluidez oral que os alumnos poderán aproveitar en situación auténticas. Lectura rápida, destacar o importante dun texto, resumir... e seu aporte cultural.

A materia de lingua francesa contribúe a fomentar o pracer de ler, a través de diversas actividades: coa lectura realizada en cada sesión de clases, lecturas de extractos de obras de escritores franceses ou francófonos, biografías de escritores ou personaxe de interese cultural co seu contexto histórico e literario. Traballaremos a **entoación** coa lectura de contos tradicionais, de B.D., e con pequenas representacións teatrais, a estrutura dunha carta formal e informal (**fomentando o intercambio epistolar con centros escolares franceses**)

Se levarán a cabo lecturas dramatizadas da obra de teatro que os alumnos de francés terán a oportunidade de ver representada (ver máis abaixo, no epígrafe **15.1. Saídas Programadas nas Actividades complementarias e extraescolares programadas polo departamento de francés**) Os alumnos deberán realizar diversas tarefas a partir da lectura destes libros adaptados ao seu nivel, incluso teatralización dos diálogos.

Por outra banda, o departamento de francés propón extractos de obras principais e libros adaptados ao nivel dos alumnos: **Verne, Molière, Le Petit-Prince...** A proposta de **ASISTIR A UNHA REPRESENTACIÓN TEATRAL** está relacionada con este punto.

Desta maneira os alumnos a parte de ver a lingua francesa como medio de comunicación aprenderán a apreciar a lectura como unha fonte de pracer, e incluso a valorar a súa utilidade para acceder a textos científicos e de intercambio de coñecementos no mundo universitario e empresarial

En outro orden de cousas, nas clases de francés contribuímos ao desenvolvemento das TIC: No que respecta á Incorporación das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (**TIC**), son un recurso infinito porque permiten o acceso directo e instantáneo a outros países, outras culturas. Favorecen tamén o traballo das cinco competencias orais e escritas, a aprendizaxe a distancia e o acceso a documentos auténticos en tempo real.

Ademais suscitan o interese, a curiosidade e a motivación do alumno, e redunda nun compromiso personal acrecentado pola súa parte. Ocupan, hoxe, un lugar de preferencia no proceso de aprendizaxe dunha lingua.

Internet será unha base de datos inagotable para as consultas dos alumnos, ou de exercicios en liña de todo tipo. E por outra banda estes practicarán o

tratamento de textos, amais de crear, participar en blogs, ou a utilidade das redes sociais para as comunicacións con alumnos franceses (whatsApp, Skype...).

E finalmente destacar a contribución da materia de francés ao PLAN DE CONVIVENCIA, coa participación e implicación en celebracións festivas concretas relacionadas coa materia e con celebracións de **festas tradicionais francesas**, con **envío de postais de nadal** entre os membros da comunidade educativa do IES, aportacións culinarias de diversa índole e con diferentes temas (tendo en conta o aspecto de convivialité da gastronomía tanto na nosa cultura coma na francesa).

Por outra banda as profesoras de francés coñecemos o plan de actuación en caso de acoso escolar, participamos na difusión dos deberes e dereitos dos alumnos e normas de convivencia e respecto e o noso departamento está totalmente implicado no deseño de actividades que melloran o clima de convivencia, amáis de compartir **actuacións dos nosos alumnos cos centros de primaria máis próximos**

En definitiva, con todas estas actuacións queremos contribuir ao desenvolvemento persoal, social e cívico dos nosos alumnos.

15. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

15.1. Saídas programadas

15.2. Conmemoracións

15.3. Festivales

15.4. Outras actividades, e saídas pendentes de confirmación

Nota importante:

Os alumnos que teñan problemas de comportamento, partes de incidencias, durante o curso non poderán participar nas saídas extraescolares propostas por este Departamento xa que pode supor un risco para a súa seguridade o feito de que non respete as normas. En caso de alumnos con partes de incidencias por problemas de comportamento valorarase a súa participación noutras actividades nas que poida molestar ou impedir o bo desenvolvemento das mesmas.

15.1. SAÍDAS PROGRAMADAS

-*Saída Teatro, 2 de marzo* seguida de unha visita/excursión sen determinar polo de agora

- Visita á escultura monumento a JULES VERNE: O calamar xigante na Estación

marítima de Vigo, onde se explicará a relación do escritor co inventor galego Sanjurjo Badía, as súas dúas visitas á cidade maila mención da Ría de Vigo na súa obra *20.000 lieues sous les mers*

- *Saída Restaurante*

-*Saída turística praias do entorno para elaborar Guía*

15.2. FESTAS, CONMEMORACIÓNS, CONFERENCIAS, RECITAIS

-Outubro/Novembro

-LA TOUSSAINT Elaboración e degustación de postres típicos locais e franceses: chulas, tartas de cabazo... Narracións de historias de terror...

-Decembro

-NOËL **Chants de Noël** (panxoliñas) e/ou cantos corais no FESTIVAL DE NADAL.

-Confección, envío, depósito nunha **BOÎTE AUX LETTRES** e posterior reparto de CARTES DE VOEUX a todos os membros do instituto

Pequenas exposicións/concurso de tarxetas de nadal, calligrammes, cartéis...

-Febreiro/marzo

-**La Chandeleur**: Elaboración e degustación de crêpes

-LA SAINT-VALENTIN. Le jour des amoureux (le 14 février). Lectura de poesías, fabricación e entrega de cartes de voeux

-CARNAVAL. Journées gastronomiques. Gâteaux et pâtisseries typiques

- Recital de poesía de Stella Maris

-Conferencia sobre Jules Verne, a batalla de Rande, relación de Verne con Sanjurjo Badía

-Abril:

-LE POISSON D'AVRIL (Santos inocentes) Découpage poisson avril, Blagues, histoires drôles...

-PÂQUES. Elaboración e degustación de ovose d Pascua

-Maio/Xuño:

-Actuación Colexios da contorna

-FESTIVAL FIN DE CURSO: Coreografías de cancións francesas ou francófonas, cancións, ou play-back, en francés, representacións teatrais, lectura de poesía, exposición dos traballos que os alumnos de francés realizaron durante o curso, proxección da curtametraxe realizada polos alumnos, etc.

-Festival da chanson française de Vilagarcía de Arousa

-Xornadas de gastronomía francesa (cociñar seguindo receitas de pratos típicos para a posterior degustación, ou ben celebrar unha comida nalgún restaurante de comida francesa: crêperie ou similar) Esta actividade poderá coincidir coa celebración dalgunha conmemoración

-Xogos populares: Os alumnos de francés de 3º e 4º ESO proporán no segundo recreo durante 3 días xogos populares aos alumnos de francés de 1º e 2º ESO

-Actividades relacionadas co día da Muller: arredor do 8 marzo

-Celebracións internacionais: Amais das datas de celebración de festas tradicionais francesas, dedicaremos (na medida do posible) especial atención a celebracións coma, día internacional da democracia 15 de setembro, día europeo sen coches 22 de setembro, día europeo das linguas 26 de setembro, día mundial dos animais 4 de outubro, día mundial da alimentación 16 de outubro, día da tolerancia 16 de novembro, día da infancia 20 de novembro, día das persoas con discapacidade 3 de decembro, día dos dereitos humanos 16 de decembro, o día da paz 30 de xaneiro, día da lingua materna 21 de feb, día da muller traballadora 8 marzo, día do pai 19 de marzo, día da primavera 20-21 marzo, día internacional da auga 22 de marzo, día mundial da saúde 7 de abril, día internacional do libro 23 de abril, día *internacional da liberdade de prensa 3 de maio*, día da nai (primeiro domingo de maio), *día de Europa* 9 de maio, día internacional da familia 15 de maio, día das letras galegas 17 de maio... Comprometidos para formar cidadáns activos e comprometidos coa xustiza social e coa convivencia pacífica e democrática (UNICEF)

15.3. OUTRAS ACTIVIDADES

O Departamento de Francés propondrá, ademais, as seguintes actividades:

- **Correspondencia epistolar / Rendez-vous Skype con alumnos de centros educativos franceses** (coa posibilidade de facer presentacións por Skype (sempre que coincidan os horarios, ou nalgunhas tardes por determinar)

- **Proxeccións de películas** francesas ou francófonas subtituladas ao longo do curso, seguidas de **debates**.

Estas proxeccións de películas así como audicións de cancións, ou o seguimento da actualidade francesas a través dos mass media, reflicten tamén o contorno social do país veciño e do mundo francófono

- **Realización dunha curta-metraxe** e posterior visualización da mesma

- **Representacións teatrais**

- **Exposicións orais** dos traballos realizados polos alumnos *na súa aula ou diante de outros alumnos de francés de outros cursos* –sempre que haxa compatibilidades horarias

- Organización dun **desfile**

- **Conferencia do Profesor-Historiador Antonio Giráldez** en relación co escritor **JULES VERNE** e a súa presenza no Vigo do século XIX: Sanjurjo Badía e a súa transcendencia como inventor

- **Recital de poesía (Stella Maris)** no mes de marzo co gallo do día da poesía

- **Visita á fábrica de automoción Stellantis** (pendente de confirmación)

Hai interese por parte deste departamento por realizar unha visita a algunha empresa con relacións comerciais con Francia (como hai moitas en Vigo destas características). O obxectivo sería amosar

aos rapaces a *importancia dunha segunda lingua estranxeira*, e de falar francés en concreto, no mundo laboral para ser cadro nunha empresa internacional, ou mesmo para conseguir un bo traballo, con mellores remuneracións.

- **Excursión a algún lugar turístico na contorna do Instituto, co fin de facer unha reportaxe para un folleto turístico (fotografías), un cartel...**

O feito de que este centro, o IES Coruxo, estea situado nunha zoa bastante turística (cun camping, e preto das praias) na que o sector da hostalaría precisa coñecementos de linguas estranxeiras debería ser tamén un acicate para a motivación dos nosos alumnos.

- Concurso de redacción, de realización de BD. Proxecto fotográfico ou de debuxo
- **Actuación (cancións, coreografías, teatro) en centros educativos do contorno**
- **Asistencia a unha actividade da Alianza Francesa de Vigo** (aínda por determinar)
- **Asistencia a conferencias de algunha persoa de relevancia, ou persoas relacionadas co francés que contén as súas experiencias**
- **Ruínas Fortaleza de San Sebastián** (Historia da Reconquista)
- **Museo Etnográfico Liste** Rúa Pastora nº 22 - 36210 Vigo. Tfno: 986 244 698 Fax: 986 29 82 29
- **Centro de Artesanía Tradicional (CAT)** Calle Subida ao Castelo nº 10 Tfno.: 986 227 424 / 986 220 758 - hoxe.vigo.org/artesania e-mail: cat.concello.vigo@telefonica.net

Promoción y divulgación de sete oficios tradicionais: los ferreiros, las texedoras, los guarnicioneiros, los canteiros, los carpinteiros, los alfareiros y los cesteiros

- **Museo do Mar** (Taller de arqueoloxía. Elementos da cultura común celta)
- **Ecimat**

Todas estas actividades pretenden motivar aos alumnos e fomentan o traballo en equipo e a iniciativa persoal, desenvolver as relacións interpersoais, a capacidade organizativa, o respecto, e a integración.

Ditas actividades poderán levarse a cabo na medida na que sexa posible introducilas na programación, xa que dispoñemos de poucas horas de clase á semana por curso nesta materia -2 horas semanais na maioría dos cursos.

O departamento de francés ofrece a súa colaboración a outros departamentos para a realización de actividades (documentación Historia, Xeografía, Literatura, Música...)

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Na memoria de fin de curso reflectiranse as adaptacións e o grado de cumprimento da programación así coma a análise dos resultados académicos e proxectos de mellora a ter en conta para o próximo curso.

Remitimos neste punto ao **epígrafe 9** de esta Programación Didáctica: *INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRACTICA DOCENTE*, onde se propoñen as vías de revisión desta programación.

Xefe de Departamento de Francés:

Cristina Toural Rodríguez

17. ANEXOS: Tabla, por cursos, de contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe organizados nos cinco bloques, coas competencias clave, criterios e instrumentos de avaliación, e mínimos esixibles.

2º ESO- SEGUNDA LINGUA EXTRANXEIRA (SL)

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, organízanse en cinco bloques comúns a todos os cursos e niveis da materia cursada como primeira ou como segunda lingua e refírense as competencias clave que se han de adquirir a través de todos os bloques e de todos os contidos:

Bloque 1: Comprensión de textos orais.	Competencia en comunicación lingüística.	CCL
Bloque 2: Produción de textos orais.	Competencia matemática e competencias en cienciae tecnoloxía.	CMCCT
Bloque 3: Comprensión de textos escritos.	Competencia dixital.	CD
Bloque 4: Produción de textos escritos.	Aprender a aprender.	CAA
Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe.	Competencias sociais e cívicas.	CSC
	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.	CSIEE
	Conciencia e expresións culturais.	CCEC

O material curricular de base para o alumnado de **segunda lingua (SL)** é o **Método Parachute 2**. Todos os bloques da materia se contextualizan e organizan en sete unidades temáticas que se traballarán ao longo do curso segundo a seguinte temporalización:

1ª AVALIACIÓN			2ª AVALIACIÓN		3ª AVALIACIÓN	
UNIDADE 0	UNIDADE 1	UNIDADE 2	UNIDADE 3	UNIDADE 4	UNIDADE 5	UNIDADE 6
COMPLETA	COMPLETA	COMPLETA	COMPLETA	COMPLETA	COMPLETA	COMPLETA

Esta temporalización estándar estimada podería variar en función do grupo-clase e das sesións efectivas que se produzan en cada avaliación. En función destas circunstancias axustaranse tamén os contidos programados e se informará ao alumnado dos cambios efectuados.

2º ESO - PRIMEIRA AVALIACIÓN : Unidades 0 , 1 e 2 - CONTIDOS DAS UNIDADES DIDÁCTICAS PROGRAMADAS:

UNIDADE 0: "C'est la rentrée!"	UNIDADE 1: "Qui se ressemble, s'assemble"	UNIDADE 2 : "Au centre ville"
Funcións comunicativas: Reactivar coñecementos previos Describir unha escea Falar do retorno ás clases Falar das súas actividades Comunicarse en clase	Funcións comunicativas: Describir físicamente unha persoa e un animal Informarse sobre a identidade de alguén nacionalidade e o país Indicar a nacionalidade e o país Expresar o que un sente	Funcións comunicativas: Indicar un itinerario Indicar onde se vai e de onde se vén Facer propostas, aceptar, rexeitar Falar dos seus proxectos inmediatos
Contidos sintáctico discursivos: Presente dos verbos en – er Presente do verbo faire Faire du, de la, de l', des. Jouer du ... / jouer au ... Os interrogativos	Contidos sintáctico discursivos: C'est un, une ... qui Preposicións de lugar (vilas e países) Avoir mal au / à la / aux Os verbos Pouvoir e Vouloir	Contidos sintáctico discursivos: Aller au / à la / aux Venir du / de la / des O futuro próximo On = tout le monde
Contidos lexicais: Roupa e cores O material escolar As cantidades (ata 1 millón)	Contidos lexicais: Adxectivos de descrición Países e nacionalidades As sensacións (fame, sede, doer algo)	Contidos lexicais: A cidade: lugares e itinerarios As profesións As actividades de lecer
Patróns sonoros e ortográficos Revisión de sons vocálicos, consonánticos e entoacións de base	Patróns sonoros e ortográficos Os sons nasais e as súas grafías O son [uj]	Patróns sonoros e ortográficos Os sons [b] / [v] / [f] Os sons [oe] / [ø]. Grafías -é(e)s / -er / -et / -ez = [e]
Aspectos socioculturais: Reactivar coñecementos previos sobre Francia	Aspectos socioculturais: A Unión Europea Os anuncios	Aspectos socioculturais: A seguridade vial Eslogáns campaña de comunicación
Competencias clave: CCL- CSC- CMCCT	Competencias clave: CCL- CSC- CCEC	Competencias clave: CCL- CMCCT- CSC- CSIEE

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E MÍNIMOS ESIXIBLES:

2º ESO UNIDADE 0: " C'EST LA RENTRÉE ! " .- Criterios e instrumentos de avaliación:

<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Recoñecer situacións de comunicación (presentacións, descricións...) Relacionar personaxes e accións. Reactivar coñecementos adquiridos no curso pasado. Descibir unha escea cotiá. Falar do inicio de curso e das actividades escolares. Comunicar en clase.</p>	55	<p>Instrumentos de avaliación:</p> <p>Comprensión e expresión oral: Actividades de aula. Interaccións. Lectura. Exercicios do Cahier. Probas. Comprensión e expresión escrita: Actividades do libro. Exercicios do Cahier. Probas.</p>
---	----	---

2º ESO UNIDADE 0 : “ C’EST LA RENTRÉE ! “ - Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles:

<p>Bloque 1: Comprensión de textos orais: Desenvolver estratexias para comprender as informacións esenciais de textos curtos orais. Exercer a facultade de concentración e de atención visual e auditiva. Recoñecer e comprender preguntas para poder presentarse. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral. Distinguir a función ou funcións comunicativas máis relevantes do texto oral</p>	<p>Mínimos esixibles: Ser capaz de captar e entender a información máis importante de actos de fala cotiá. Comprender nunha conversación informal (descricións, narracións e opinións) na que participa. Comprender e captar o principal un texto oral de dificultade baixa</p>
<p>Bloque 2: Producción de textos orais: Preparar a súa produción oral e desenvolver estratexias para facerse entender. Preparar as actividades de lectura propostas. Describir unha escea (personaxes, accións...) Memorizar e cantar unha canción en voz alta.Facer preguntas e contestar. Comunicar na lingua estranxeira.</p>	<p>Mínimos esixibles: Identificar personaxes dunha ilustración. Identificar nomes de persoa nunhacanción. Definir a situación dun diálogo. Contestar a preguntassimples. É capaz de ler a letra dunha canción.</p>
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos: Desenvolver estratexias para comprender as informacións esenciais a través das imaxes, da identificación do contexto comunicativo e dos seus coñecementosprevios</p>	<p>Mínimos esixibles: Comprender diálogos curtos e contestar preguntas. Captar a información principal dos aspectos da volta ao cole.</p>
<p>Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos Entender a información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión da idea xeral Coñecer, e utilizar para a comprensión do texto, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá.</p>	<p>Comprender as cantidades. Recoñecer as diferentes actividades extraescolares.</p>

<p>Bloque 4: Producción de textos escritos: Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas habituais en situacións cotiás ou do propio interese. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple. Incorporar á produción do texto escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos. Coñecer e utilizar un repertorio léxico escrito suficiente para comunicar información e breves. Contestar a preguntas.</p>	<p>Mínimos esixibles: Completar un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou afeccións. Escribir notas e mensaxes (SMS, WhatsApp, Twitter), nos que fai comentarios moi breves. Escribir correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social.</p>
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: Os verbos en presente do 1º grupo (-er) Verbo Faire. Faire du, de la, de l', des. Jouer au, à la, à l', aux / jouer du, dela, de l', des. Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Material escolar, os números ata 1 millón, vocabulario da vestimenta, as cores. Aspectos socioculturais: As actividades extraescolares. Signos de puntuación: sinal de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos</p>	<p>Mínimos esixibles: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Sabe dicir e escribe un verbo do primeiro grupo. Sabe dicir e escribe o verbo faire. Sabe completar diálogos coas estruturas referidas ao verbo faire. Saber contar por escrito ou oralmente. Aspectos socioculturais: Reutilización do vocabulario do curso anterior. As actividades extraescolares. Comunicar na clase. Participar e respectar a quenda de palabra dos demais. Personaliza o caderno de francés co que aprendeu nesta unidade.</p>

2º ESO UNIDADE 1 : « QUI SE RESSEMBLE S'ASSEMBLE » - Criterios e instrumentos de avaliación:

<p>Criterios de avaliación: Describir físicamente a unha persoa ou a un animal. Saber recoller información sobre a identidade de alguén. Saber indicar a nacionalidade e o país. Saber expresar o que se sente. Saber expresar o que se quere e o que se pode facer. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente. Producir textos breves e bastante comprensibles Manexar frases curtas e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios</p>	<p>Instrumentos de avaliación: Comprensión e expresión oral: Actividades de aula. Interaccións. Lectura. Exercicios do Cahier. Probas. Comprensión e expresión escrita: Actividades do libro. Exercicios do Cahier. Probas. Escribir un anuncio. Caderno do alumno.</p>
---	--

2º ESO UNIDADE 1 : « QUI SE RESSEMBLE S’ASSEMBLE » - Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles:

<p>Bloque 1: Comprensión de textos orais: escoitar, observar ilustracións para descubrir o vocabulario. Extraer informacións globales dun diálogo. escoitar e adiviñar as nacionalidades dos personaxes. Asociar un personaxe á súa cidade e país. Lembrar as réplicas dun diálogo. Comprender preguntas curtas.</p>	<p>Mínimos esixibles: Ser capaz de entender frases curtas. Comprender minidiálogos escoitados descriptivos. Recoñecer preguntas para poder presentarse. Comprender a descrición xeral de alguén ou de algo.</p>
<p>Bloque 2: Producción de textos orais: Asociar ilustracións en función do seu parecido físico. Crear frases co fin de reutilizar as estruturas estudadas. Preparar unha presentación sobre un personaxe famoso. Crear e memorizar un diálogo. Describir físicamente a un personaxe. Preguntar pola saúde de alguén, contestar expresando sensacións. Xogar cos ritmos. Memorizar diálogos e fórmulas comunicativas.</p>	<p>Mínimos esixibles: Ser capaz de presentarse / describirse. Ser capaz de describir persoas ou animais. Ser capaz de expresar sensacións. Expresar desexos. Ser capaz de dicir a nacionalidade. Ser capaz de pronunciar os sons [ɔ]ε / [ɑ ε] / [ε]ε Saber leer diálogos curtos para saudar e presentarse Saber expresar o dor</p>

<p>Reutilizar vocabulario visto na clase. Utilizar as estruturas estudadas dunha forma lúdica utilizando a mímica.</p>	<p>Intentar facerse entender.</p>
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos: Comprender globalmente informacións escritas. Ler un documento co fin de atopar o que di cada personaxe. Comprender preguntas, buscar información en textos curtos. Comprender un texto curto e aprender a extraer información del.</p>	<p>Mínimos esixibles: Comprender e interpretar imaxes, símbolos e mapas. Servirse dos coñecementos na lingua propia e das imaxes que ilustran os textos para intentar comprender os documentos escritos de forma autónoma Ser quen de ordear un pequeno diálogo que expresa sensacións.</p>
<p>Bloque 4: Producción de textos escritos: Redactar unha descrición dun personaxe famoso. Reutilizar as estruturas estudadas e redactar frases seguindo modelo. Buscar información sobre a Unión Europea. Escribir un anuncio para que adopten un animal. Preparar unha ficha sobre un personaxe famoso. Redactar unha presentación a partir de modelos, reutilizando ao máximo todo o adquirido nesta unidade e as precedentes. Reutilizar as estruturas estudadas e redactar frases seguindo o modelo.</p>	<p>Mínimos esixibles: Saber describir a unha persoa ou a un animal. Ser quen de escribir un pequeno diálogo. Ser quen de escribir nun mapa de Europa os diferentes lugares. Saber escribir un anuncio.</p>
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: <i>C'est un / une... qui...</i> <i>Il / elle est + nationalité.</i> As preposicións de lugar (ciudades e países). <i>Avoir mal au / à la / à l' / aux + nome.</i> Os verbos pouvoir e vouloir. Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Os adxectivos de descrición. Os países e as nacionalidades. As sensacións (ter fame, sede, medo, doer). Signos de puntuación: sinal de interrogación, de exclamación e puntos suspensivos. Saber pronunciar e escribir palabras que conteñan os sons [ɔ ɛ] / [ɑ ɛ] / [ɛ]ε. [ɑ ɛ]. O son [uj] Aspectos socioculturais: A Unión Europea. Os ídolos. Os anuncios.</p>	<p>Mínimos esixibles: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Saber presentar/ presentar. Saber indicar a nacionalidade. Saber completar diálogos coas estruturas referidas ao dor. Coñecer o vocabulario referido aos países, localidades. Discriminar nunha serie de palabras os sons nasais. Distinguir una entoación interrogativa dunha exclamativa Aspectos socioculturais: Personalizar o caderno de francés co que se coñeza da xeografía de Francia e de Europa. Completar ou redactar diferentes anuncios.</p>

2º ESO UNIDADE 2 : “ AU CENTRE VILLE “ - Criterios e instrumentos de avaliación:

<p>Criterios de avaliación: Saber formular un itinerario ou indicar un enderezo. Indicar a onde imos ou de onde vimos. Saber facer unha proposta e saber aceptar ou rexeitar a unha invitación. Falar dos proxectos máis inmediatos. Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral. Coñecer e utilizar para a comprensión do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá. (lugares, profesións, ocios) Recoñecer situacións de comunicación futuras. Recoñecer cando se fala dunha xeneralidade. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso frecuente.</p>	<p>Instrumentos de avaliación: Comprensión e expresión oral: Actividades de aula. Interaccións. Lectura. Exercicios do Cahier. Proba. Comprensión e expresión escrita: Actividades do libro. Exercicios do Cahier. Proba. Caderno do alumno. Actividades de aula.</p>
---	--

2º ESO UNIDADE 2 : “ AU CENTRE VILLE “ - Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles:

<p>Bloque 1: Comprensión de textos orais: Desenvolver estratexias para comprender as informacións esenciais de textos curtos orais. Recoñecer e comprender preguntas para poder presentarse. Entender os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas. Comprender, nunha conversación informal na que participa, descrições, narracións e opinións formulados en termos sinxelos sobre asuntos prácticos da vida diaria. Comprender, nunha conversación formal na que participa preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos. Comprender un itinerario ou unhas indicacións para despalzarse. Comprender as diferentes sensacións expresadas por alguén.</p>	<p>Mínimos esixibles: Saber recoñecer unha proposta. Saber recoñecer cando se rexeita ou se acepta unha proposta. Saber recoñecer cando alguén expresa sensacións. Comprender a información principal en mensaxes orais de xoves que expresan os seus gustos. Comprender ás diferentes señalizacións viales.</p>
<p>Bloque 2: Producción de textos orais: Preparar a súa produción oral e desenvolver estratexias para facerse entender.</p>	<p>Mínimos esixibles: Saber facer unha proposta. Rexeitar ou aceptar.</p>

<p>Preparar as actividades de lectura propostas. Facer presentacións breves e ensaiadas, seguindo un guión escrito. Desenvólverse coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). Participar en conversacións informais breves, cara a cara ou por teléfono. Desenvólverse de maneira simple nunha conversación formal ou entrevista.</p>	<p>Saber indicar a onde vas ou de onde ves. Saber dicir o que vas facer próximamente. Comunicar a información principal en mensaxes orais de xoves que expresan os seus gustos. Saber expresar aspectos da seguridade viaria. Manter unha conversación por teléfono.</p>
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos: Desenvolver estratexias para comprender as informacións esenciais a través das imaxes, da identificación do contexto comunicativo e dos seus coñecementos previos. Comprender correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades. Entender a idea xeral de correspondencia formal. Comprender un texto curto e aprender a extraer del información. Comprender textos curtos coa axuda das ilustracións e de palabras transparentes. Desenvolver a súa competencia en comprensión escrita a partir de documentos auténticos ou semi-auténticos cun importante contido social.</p>	<p>Mínimos esixibles: Ler asociando o texto ás imaxes que o ilustran. Completar textos co vocabulario proposto. Ler e comprender a personaxes que se presentan e falan dos seus gustos. Recoñecer informacións xa coñecidas polo alumno.</p>
<p>Bloque 4: Producción de textos escritos: Producir as preguntas para un cuestionario. Seguir un modelo para producir os seus propios textos. Mobilizar todas as competencias desenvolvidas para realizar unha actividade práctica: <i>Des solutions pour une planète</i>. Escribir unha carta de presentación</p>	<p>Mínimos esixibles: Redactar un texto enumerando os problemas medio ambientais máis importantes e as posibles solucións Describir as vantaxes e os inconvenientes dunha profesión Saber escribir unha carta ou un @ para responder a un anuncio no que se oferta un traballo Saber escribir preguntas para un cuestionario</p>
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Coñecer as diferentes formas da interrogación Coñecer os adxectivos e os pronomes interrogativos</p>	<p>Mínimos esixibles: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Saber formular preguntas de distinta forma Saber completar cuestións con adxectivos e pronomes interrogativos: quel?</p>

<p>Os momentos da acción: perífrases: <i>venir de, aller e être en train de + inf</i></p> <p>As grafías do son [e]; participios pasados, adxectivos, infinitivos: <i>é(e)(s) ou er</i></p> <p>Coñecer o léxico da unidade: profesións, expresións idiomáticas relacionadas co clima, expresións para falar de vantaxes e de inconvenientes</p> <p>Aspectos socioculturais: Sensibilizarse con problemas ambientais e implicarse como cidadán na conservación do planeta</p>	<p>Lequel?...</p> <p>Saber utilizar as perífrases verbais para describir a secuencia dunha serie de imaxes</p> <p>Coñecer o léxico da unidade, en particular o relativo aos fenómenos naturais e ás expresións para falar de vantaxes e de inconvenientes</p> <p>Aspectos socioculturais: Interactuar con compañeiros para debater dos problemas ambientais e das solucións que nos alcance</p>
--	--

4º ESO 2ª AVALIACIÓN -UNIDADE 4 : “ Aujourd’hui, ménage à fond ! - Criterios e instrumentos de avaliación:

<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Saber protestar e defenderse dunha acusación.</p> <p>Saber enfatizar utilizando <i>c’est +pron., pers. tónico+ qui ... e c’est à +pron., pers. tónico+ de ...</i></p> <p>Saber expresar unha restricción con <i>ne...que = seulement</i></p> <p>Saber dar un consello e e expresar unha obrigação e unha prohibición utilizando o modo subxuntivo e estruturas con infinitivo.</p> <p>Coñecer o vocabulario da unidade: as tarefas domésticas, a vida cotiá, o deporte, o mundo do circo.</p> <p>Coñecer expresións idiomáticas relacionadas coas tarefas domésticas. Acadar os mínimos esixibles en comprensión e produción oral</p> <p>Acadar os mínimos esixibles en comprensión e produción escrita</p> <p>Acadar os mínimos esixibles en coñecemento da lingua.</p>	<p>Instrumentos de avaliación:</p> <p>Comprensión e expresión oral: Actividades de aula. Interaccións. Lectura. Exercicios do Cahier. Proba das unidades 3-4.</p> <p>Comprensión e expresión escrita: Actividades do libro. Exercicios do Cahier. Proba das unidades 3-4. Proba de gramática e vocabulario da unidade 4</p>
--	--

4º ESO 2ª AVALIACIÓN -UNIDADE 4 : “ Aujourd’hui, ménage à fond ! » - Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles:

<p>Bloque 1: Comprensión de textos orais:</p> <p>Comprender información global e detallada de textos presentados na unidade relacionados con: as tarefas domésticas; unha mensaxe no contestador; situación de protesta , de conflito; unha canción; -unha entrevista a unha deportista; -un ditado.</p>	<p>Mínimos esixibles:</p> <p>Comprender información global e detallada de textos presentados na unidade relacionados con: as tarefas domésticas; unha mensaxe no contestador; situación de protesta , de conflito</p>
---	--

<p>Bloque 2: Producción de textos orais: Practicar a produción dos monólogos da unidade (reclamar, continuar unha historia). Producir pequenos diálogos en liña coas situacións de comunicación específicas. Presentar un traballo sobre a felicidade. Falar sobre a repartición de tarefas domésticas Defenderse dunha acusación. Sbaer dar un consello Esforzarse para achegarse á correcta pronuncia dos sons [e] / [ø] / [o] e do son [ʀ]</p>	<p>Mínimos esixibles: Practicar a produción dos monólogos da unidade (reclamar, continuar unha historia). Falar sobre a repartición de tarefas domésticas Defenderse dunha acusación.Saber dar un consello</p>
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos: Comprender as preguntas e saber buscar a información específica nos documentos. Deducir o significado das palabras polo contexto</p>	<p>Mínimos esixibles: Comprender as preguntas e saber buscar a información específica nos documentos. Deducir o significado das palabras polo contexto.</p>
<p>Bloque 4: Producción de textos escritos: Escribir unha reclamación sobre as actividades domésticas, seguindo un modelo. Describir as súas obrigacións cotiás reutilizando as estruturas lingüísticas da unidade Expór un problema nun foro Dar un consello a alguén que expón un problema</p> <p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Coñecer e saber utilizar as estruturas enfáticas: <i>C'est moi qui...</i> / <i>C'est à moi de...</i> Coñecer e saber utilizar a negación restrictiva : <i>ne ... que</i> equivalente a <i>seulement</i>. Coñecer a formación regular do subxuntivo presente e a dos verbos irregulares máis usuais: avoir, être, aller, vouloir... Saber expresar a obrigación e a prohibición: <i>Il (ne) faut (pas) que</i> + subxuntivo / outras estruturas + infinitivo. Coñecer as expresións útiles para protestar ou defenderse dunha acusación Coñecer a s expresións útiles para dar un consello Coñecer as expresións idiomáticas relacionadas coas tarefas domésticas</p> <p>Aspectos socioculturais: Coñecer a unha gran deportista: Andrea Fuentes. Coñecer o mundo do circo e a vida dentro do Circo do Sol.Coñecer o vocabulario das tarefas domésticas</p>	<p>Mínimos esixibles: Describir as súas obrigacións cotiás reutilizando as estruturas lingüísticas da unidade Expór un problema nun foro Dar un consello a alguén que expón un problema</p> <p>Mínimos esixibles: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Coñecer e saber utilizar as estruturas enfáticas: <i>C'est moi qui...</i> / <i>C'est à moi de...</i> Coñecer e saber utilizar a negación restrictiva : <i>ne ... que</i> equivalente a <i>seulement</i>. Coñecer a formación regular do subxuntivo presente e a dos verbos irregulares máis usuais: avoir, être, aller, vouloir... Saber expresar a obrigación e a prohibición: <i>Il (ne) faut (pas) que</i> + subxuntivo / outras estruturas + infinitivo. Coñecer o vocabulario das tarefas domésticas Coñecer as expresións útiles para protestar ou defenderse dunha acusación Saber dar un consello con estruturas básicas como devoir+ infinitif</p> <p>Aspectos socioculturais: Interesarse polas condicións de vida dun deportista profesional Interesarse polo funcionamento da compañía do Cirque du soleil</p>

4º ESO TERCEIRA AVALIACIÓN. Unidades 5 e 6 – Contidos das unidades programadas :

UNIDADE 5: “Portraits-robots”	UNIDADE 6 : “L’objet mystère”
<p>Funcións comunicativas: Describir a alguén de forma detallada Expresar dúbida antes de responder Indicar unha acción anterior á outra no pasado Expresar a causa Animar a alguén a tomar unha decisión</p>	<p>Funcións comunicativas: Describir un obxecto Negociar un prezo Falar de feitos ou de accións hipotéticas Solicitar algo con educación Saber expresar a finalidade, o desexo, a opinión.</p>
<p>Contidos sintáctico discursivos: O pluscuamperfecto (plus-que-parfait) A expresión da causa con <i>parce que</i> e <i>comme</i> Os pronomes demostrativos</p>	<p>Contidos sintáctico discursivos: O condicional (formación e uso). Os usos do subxuntivo: finalidade, desexo, opinión.</p>
<p>Contidos lexicais: Os adxectivos descritivos (trazos faciais). As historias policíacas e outros feitos diversos.</p>	<p>Contidos lexicais: As características dos obxectos. A psicoloxía (interpretación dos soños, problemas persoais)</p>
<p>Patróns sonoros e ortográficos Os sons [ɛ] / [œ] / [ɔ]. Os sons [aj] / [œj] / [uj] / [ɛj].</p>	<p>Patróns sonoros e ortográficos Os sons [y] / [ø] / [œ] / [ə] / [a]. Os sons [bʀ] / [kʀ] / [tʀ] / [gʀ] / [pʀ] / [dʀ] / [fʀ]. As grafías : ai / ais</p>
<p>Aspectos socioculturais: Dous grandes detectives da literatura: Maigret e Hercule Poirot</p>	<p>Aspectos socioculturais: Coñecer o mercadillo de Saint-Ouen. Descubrir algunhas invencións francesas.</p>
<p>Competencias clave: CCL- CSC-CCEC</p>	<p>Competencias clave: CCL- CD-CSC-CSIIE-CMCCT</p>

4º ESO 3ª AVALIACIÓN -UNIDADE 5 : “Portraits-robots” - Criterios e instrumentos de avaliación:

Crterios de avaliación: Saber describir a alguén de forma detallada Saber expresar dúbida antes de responder Saber indicar unha acción anterior á outra no pasado	Instrumentos de avaliación: Comprensión e expresión oral: Actividades de aula. Interaccións. Lectura. Exercicios do Cahier. Comprensión e expresión escrita:
--	---

Saber expresar a causa Saber animar a alguén a tomar unha decisión Memorizar o novo vocabulario e empregalo nunha situación. Acadar os mínimos esixibles en comprensión e produción oral Acadar os mínimos esixibles en comprensión e produción escritaAcadar os mínimos esixibles en coñecemento da lingua	Actividades do libro. Exercicios do Cahier.
--	---

4º ESO 3ª AVALIACIÓN -UNIDADE 5 : “ Portraits-robots ” - Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles:

Bloque 1: Comprensión de textos orais: Comprender textos breves de diversa natureza: unhas descrições físicas; -un diálogo; un interrogatorio policial; unha situación nunha tenda; -unha canción; -un ditado;	Mínimos esixibles: Comprender información detallada dun retrato robot Comprender información global nun suceso policial coma un roubo Comprender diálogos en que se anima a alguén a tomar unha decisión
Bloque 2: Producción de textos orais: Ser quen de describir a alguén en detalle. Saber facer unha presentación da caricatura dun personaxe.Saber animar a alguén a tomar unha decisión. Facer unha presentación dunha novela dos autores estudados Reutilizar as produções orais dirixidas nas actividades. Practicar a produción dos monólogos da unidade Practicar a pronuncia dos sons [ε] / [oe] / [ɔ] e o sons [aj] / [oej] / [uj] / [εj]. Interactuar cos seus compañeiros para producir pequenos diálogos en liña coas situacións de comunicación. Facer uso da vacilación antes de responder, para gañar tempo.	Mínimos esixibles: Ser quen de describir a alguén en detalle. Saber animar a alguén a tomar unha decisión. Interactuar cos seus compañeiros para producir pequenos diálogos en liña coas situacións de comunicación. Practicar a produción dos monólogos da unidade Practicar a pronuncia dos sons [ε] / [oe] / [ɔ] e o sons [aj] / [oej] / [uj] / [εj]
Bloque 3: Comprensión de textos escritos: Analizar as imaxes e interpretalas. Comprender as preguntas e saber buscar a información específica nos documentos. Comprender resumos de historias na contraportada dos libros	Mínimos esixibles: Comprender as preguntas e saber buscar a información específica nos documentos. Comprender resumos de historias na contraportada dos libros
Bloque 4: Producción de textos escritos: Escribir a continuación dunha canción.	Mínimos esixibles: Saber describir un retrato robot

Mobilizar todas as competencias desenvolvidas para realizar unha tarefa práctica: <i>Faire une caricature.</i> Escribir un resumo dun libro.	Saber escribir o resumo dun libro
Bloque 5: Coñecemento da lingua: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Coñecer o uso do pluscuamperfecto (plus-que-parfait) para situar unha acción anterior a outra no pasado Saber expresar a causa con <i>parce que</i> e <i>comme</i> Coñecer os pronomes demostrativos seguidos de: <i>-ci / -là</i> ; dos pronomes relativos <i>que/qui</i> e da preposición <i>de</i> Ser quen de relacionar as grafías cos sons vistos na unidade Coñecer o léxico relativo aos trazos faciais e as expresións habituais para mostrar dúbida e para animar a alguén a tomar unha decisión Aspectos socioculturais: Ter interese por descubrir dous grandes detectives: o comisario Maigret e Hércules Poirot; así como os seus creadores. Ser quen de presentar as obras e autores poílciacos preferidos	Mínimos esixibles: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Relacionar frases a partir de imaxes con accións en pasado utilizando o plus-que-parfait Transformar frases que expresan a causa con <i>parce que</i> e <i>comme</i> Ser quen de completar diálogos coas formas dos pronomes demostrativos seguidos de <i>-ci / -là</i> ; dos pronomes relativos <i>que/qui</i> e da preposición <i>de</i> Coñecer o léxico relativo aos trazos faciais e as expresións habituais para mostrardúbida e para animar a alguén a tomar unha decisión. Aspectos socioculturais: Ler con interese os contextos que presentan ao comisario Maigret e a Hércules Poirot; así como os seus creadores.

4º ESO 3ª AVALIACIÓN –UNIDADE 6 : “ *L’objet mystère* ” - Criterios e instrumentos de avaliación:

Criterios de avaliación: Saber describir un obxecto. Coñecer a formación e os usos do modo condicional Coñecer os usos do subxuntivo para expresar finalidade, desexo, opinión Saber formular hipóteses. Acadar os mínimos esixibles en comprensión e produción oral Acadar os mínimos esixibles en comprensión e produción escritaAcadar os mínimos esixibles en coñecemento da lingua.	Instrumentos de avaliación: Comprensión e expresión oral: Actividades de aula. Interaccións. Lectura. Exercicios do Cahier. Proba das unidades 5-6. Comprensión e expresión escrita: Actividades do libro. Exercicios do Cahier. Proba das unidades 5-6.
--	--

4º ESO 3ª AVALIACIÓN -UNIDADE 6 : “ *L’objet mystère* ” - Estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles:

Bloque 1: Comprensión de textos orais: Comprender textos de diversa natureza: descrición de obxectos, diálogos; un programa de radio; un ditado.	Mínimos esixibles: Comprender información básica en textos que describan obxectos, que falen de invencións para unha vida mellor ou que describan soños. Comprender unha emisión de radio: protagonistas, tema do que falan ...
--	--

<p>Bloque 2: Producción de textos orais: Facer unha presentación dun invento. Interactuar cos seus camaradas para producir pequenos diálogos, en liña coas situacións de comunicación da unidade. Negociar un prezo. Falar dos seus sonhos. Falar de feitos ou situacións hipotéticas. Memorizar o novo vocabulario e empregalo nunha situación. Reutilizar as producións orais dirixidas nas actividades. Practicar a pronuncia dos sons [y] / [ø] / [oe] / [ə] / [a] e os sons [br] / [kr] / [tr] / [gr] / [pr] / [dr] / [fr]. Practicar a produción dos monólogos da unidade.</p>	<p>Mínimos esixibles: Saber describir un obxecto (forma, cor, finalidade...) Saber utilizar as expresións para negociar un prezo Saber formular hipóteses Interactuar cos seus compañeiros para producir pequenos diálogos, en liña coas situacións de comunicación da unidade. Practicar a produción dos monólogos da unidade</p>
<p>Bloque 3: Comprensión de textos escritos: Comprender as preguntas e saber buscar a información específica nos documentos que describen obxectos, invencións. Comprender textos que describen sonos problemas psicolóxicos Comprender textos que formulen hipóteses para unha vida mellor</p>	<p>Mínimos esixibles: Comprender definicións de obxectos nun dicionario Comprender textos que formulen hipóteses para unha vida mellor</p>
<p>Bloque 4: Producción de textos escritos: Saber redactar un proxecto para solicitar a súa realización Saber resumir un pesadelo, un sono estraño Mobilizar todas as competencias desenvolvidas para realizar unha tarefa práctica: <i>Nos meilleurs moments en français</i></p>	<p>Mínimos esixibles: Saber redactar un proxecto para a súa escola. Saber resumir un pesadelo, un sono estraño</p>
<p>Bloque 5: Coñecemento da lingua: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Saber conxugar e coñecer os usos do condicional. Coñecer os usos do subxuntivo para expresar finalidade, desexo, opinión Saber formular hipóteses.</p>	<p>Mínimos esixibles: Estructuras sintáctico-discursivas, léxico, sons e ortografía: Saber conxugar e coñecer os usos do condicional. Coñecer os usos do subxuntivo para expresar finalidade, desexo, opinión Saber formular hipóteses.</p>
<p>Coñecer o léxico da unidade Relacionar sons e grafías</p> <p>Aspectos socioculturais: Coñecer o mercadillo de Saint-Ouen. Descubrir algunhas invencións francesas</p>	<p>Coñecer o léxico da unidade Achegarse na correcta pronuncia dos sons vistos na unidade</p> <p>Aspectos socioculturais: Opinar sobre as invencións francesas presentadas na unidade e indagar máis nalgunha delas.</p>

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019426	IES Coruxo	Vigo	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Francés	3º ESO	3	105

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	5
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	39
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	40
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	40
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	44
6. Medidas de atención á diversidade	45
7.1. Concreción dos elementos transversais	47
7.2. Actividades complementarias	49
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	51
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	54
9. Outros apartados	54

1. Introducción

Segundo regula o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, a presente programación desenvolve o currículo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 3º ESO no centro educativo 36019426 - IES CORUXO VIGO

A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

Entorno socio-cultural do IES Coruxo:

O entorno de este centro é por un lado semi-rural, por outro de periferia (zona de Navia), e, en menor medida, este centro escolar acolle a alumnos procedentes dunha zona máis turística ou de praias. É importante o feito de que o instituto estea situado na zona comprendida entre Canido e Samil, Saiáns, xa que, fundamentalmente, no vran, é lugar de veraneo e hai bastante turismo por ser zona de praias. Este aspecto semella determinante para a motivación dos alumnos a aprender linguas estranxeiras (sector hostaleiro, guías turísticos...). Por outra banda, trátase dun centro educativo preto da vila de Vigo, onde empresas francesas coma Citroën e as súas filiais tanto en Vigo, coma no entorno en Porto do Molle, en Nigrán, Alcampo (Auchan), Carrefour... poden ofrecer oportunidades de traballo interesantes a alumnos que falen francés.

A segunda lingua estranxeira francés fai que os alumnos estean máis preparados para afrontar o mundo laboral, que teñan máis opcións para as becas Erasmus, e, a nota de francés subiríalles a media do instituto, que non esquezamos é 60% para os seus estudos universitarios ou de FP grao superior. Isto sen ter en conta que os aspectos socioculturais que se desenvolven nesta materia amplían a súa perspectiva cultural da cultura románica, na que, maila cada vez máis invasiva xermánica, vivimos e forma parte da nosa historia.

A lingua francesa permítelle aos alumnos ampliar o seu vocabulario xa que se trata dunha lingua románica, e polo tanto reforzan as linguas oficiais galego e castelán. Esta materia reforza tamén a aprendizaxe lingüística de estruturas da lingua, sintaxe, morfoloxía das súas linguas maternas. Ademais axúdalles a mellorar a comprensión lectora, a comprensión e expresión oral e escrita na súa lingua, a organizar o discurso, facer parágrafos na escrita, deixar marxes. Aspectos comunicativos que enriquecen o bagaxe lingüístico dos alumnos.

O ensino secundario é unha etapa fundamental que vai proporcionar ao alumnado a formación necesaria para poder desenvolverse como cidadán responsable, contribuíndo á súa evolución persoal e profesional. Trátase por tanto dunha educación común, con obxectivos compartidos por tódalas materias que ten como meta lograr que o alumnado provinte de calquer contexto socio-cultural, situación familiar, con expectativas, aptitudes e personalidades diferentes, sexa quen de acadar as competencias básicas. Competencias básicas que inciden naquelas aprendizaxes consideradas imprescindibles dende un punto de vista integrador, que son as que deben ter adquiridas os nosos alumnos ao termo dos seus estudos no instituto, aquelas que os capacitarán para incorporarse de xeito satisfactorio na vida adulta e no mundo do traballo.

A materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés impártese en 3º ESO como "Optativa autonómica" e conta cunha carga semanal de 3 sesións.

No contexto definido no PEC, na PXA, no DOC e nas NOFC do 36019426 - IES CORUXO VIGO o Departamento de Francés ten encomendada a docencia de 1 grupo da materia 2ª Lingua estranxeira - Francés en 3º ESO con 13 alumnos. Non hai alumnado coa materia de francés pendente de 2º ESO.

Ao iniciar o 3º curso da educación secundaria obrigatoria, o alumnado leva dous cursos en contacto con polo menos dúas linguas estranxeiras polo que xa estivo en relación, cando menos elementalmente, con culturas e interaccións diferentes ao seu contexto habitual. Neste curso, preténdese que o alumnado continúe progresando na súa madurez lingüística e social para ampliar as marxes da súa competencia plurilingüe e pluricultural.

No actual contexto de globalización, o coñecemento de linguaS (en plural) é un requisito imprescindible. Mediante a competencia plurilingüe e pluricultural, o alumnado poderá mobilizar o repertorio plural dos recursos lingüísticos e culturais das linguas que conformen o seu repertorio lingüístico (linguas cooficiais da nosa comunidade, linguas estranxeiras -vivas ou clásicas- e linguas de migración, se é o caso) e así enfrontarse á necesidade de comunicar

noutra lingua estranxeira apoiado polos coñecementos e experiencias lingüísticas e culturais adquiridos en todas as linguas coñecidas ou aprendidas.

A ensinanza de linguas estranxeiras é un proceso complexo que implica definir unha apropiada metodoloxía, unha concepción da linguaxe e a aplicación dunha estratexia didáctica que facilite ao alumnado o desenvolvemento das súas habilidades lingüísticas de acordo coas súas necesidades comunicativas. Ademais, a forma de ensinar linguas estranxeiras está relacionada co enfoque lingüístico predominante. Isto significa que existe unha estreita relación entre a teoría lingüística vixente e a metodoloxía aplicada na aula de linguas estranxeiras.

Na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, preténdese que o alumnado valore a nivel persoal e académico a riqueza que supón o coñecemento da lingua francesa, lingua falada nos cinco continentes por máis de 200 millóns de persoas no mundo enteiro. Na Unión Europea, ocupa o 2º posto como lingua materna. Trátase da 2ª lingua máis ensinada do mundo.

Esta programación adopta o enfoque comunicativo que o Consello de Europa promove no Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe das linguas estranxeiras.

No marco do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o Departamento de Francés propón como obxectivo específico a preparación do alumnado para a obtención da certificación do DELF escolar (Diplôme d'Études en Langue Française) de forma integrada na programación, desenvolvendo as estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación.

Os criterios de avaliación da materia, na súa formulación competencial, aseguran a consecución dos obxectivos aos que están vinculados. A nivelación dos criterios de avaliación está adecuada á madurez, experiencias de aprendizaxe lingüísticas previas e desenvolvemento psico-evolutivo do alumnado de 3º de educación secundaria obrigatoria.

Esta programación estrutúrase en 6 unidades didácticas cun peso na materia progresivamente ascendente e cun peso específico para cada un dos tres bloques da materia: Comunicación, Plurilingüismo e Interculturalidade, e competencias personal, social, de aprender a aprender e cidadá (70, 10, 10 e 10 % respectivamente) considerando que cada un dos criterios de avaliación se desenvolve progresivamente ao longo de cada unidade didáctica.

A programación está baseada no principio de flexibilidade, inclusión e atención á diversidade. Debe adaptarse ás modificacións necesarias en función das características, necesidades e intereses do alumnado e ter en conta no contexto sociocultural e económico do IES CORUXO - VIGO.

Todo isto obriga a ter unha maior flexibilidade á hora de programar, e sobre todo á hora de levar a cabo a práctica da programación, en función da resposta do alumnado, para inutentarse que poidan lograr unha base sólida, que lles permita comunicarse en francés cun nivel aceptable de autonomía. Neste sentido, é importante motivar e atender persoalmente a todo o alumnado, e intentar que sintan a materia como algo útil, que lles serve para comunicarse, e en moitas ocasións para poñerse ao día nos seus estudos e adquirir máis información á hora de integrarse no seu futuro campo profesional.

A interculturalidade, a transversalidade así como a interdisciplinariedade son constantes ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe competencial: historia (datos relevantes, acontecementos históricos), matemáticas (cálculos, problemas), xeografía, estudo do medio, lingua (etimoloxía, préstamos lingüísticos, crucigramas, referencia continua ás linguas propias), música e artes plásticas (cancións, debuxos, collages, cadros representativos da pintura europea), psicoloxía (tests persoais), literatura (cómicos, poemas, escritores franceses clásicos e modernos). Isto debe conseguirse mediante o exercicio do diálogo, lecturas, material audiovisual e multimedia, o que lles permitirá asemade reforzar os seus coñecementos noutras materias que estean estudando. As actividades complementarias propostas contribúen a estas finalidades. Tamén se procurará a integración da competencia dixital ao longo do desenvolvemento desta programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1.	[Inclúe 3 sesións de avaliación inicial] Se présenter. Les nationalités. Pronoms personnels sujets et toniques. avoir être s'appeler Décrire un copain (description physique et de caractère). Parler des goûts. Les vêtements des ados. Le pluriel en -x. Adjectifs irréguliers	10	18	X		
2	UD2.	Parler des loisirs. Parler des ses capacités et ses dons. Le comparatif des adjectifs. La restriction. La cause. savoir+infinitif Verbe Perdre. Les inventions et les découvertes. Les nouvelles technologies. Les grands nombres. Présenter la vie de personnages. Parler des événements passés. Les nombres ordinaux. Les participes passés irréguliers "Depuis" et "Il y a". Les sports. Dire où on a mal et comment on se sent. Dire pourquoi on fait un sport. La tenue de sport. Le corps. La durée. La négation ne...personne. Courir. Devoir + inf. Le but.	10	15	X		
3	UD3.	Parler des lieux du collège. Parler de l'année scolaire. Décrire un prof. Comprendre une description. Les vêtements des adultes. L'adverbe interrogatif où. Aller. Venir. Les articles contractés. Les adjectifs possessifs. Dire en quelle classe on est. Parler de son emploi du temps. Faire des appréciations sur les matières. Les matières. La journée type d'un élève. Commencer. Finir. L'heure. La fréquence. Les questions avec est-ce que. Forme négative des verbes pronominaux. L'emploi du temps. Les activités quotidiennes. Exprimer l'habitude.	15	18		X	
4	UD4.	Inviter des copains à une fête. Accepter/refuser une invitation. Le futur proche+expressions de temps. Offrir, ouvrir. Le futur proche des verbes pronominaux Parler du temps. Parler d'un pique nique. Faire des appréciations sur la nourriture. La météo de l'automne. Manger, boire,	15	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	UD4.	prendre. La négation des articles partitifs. Les adverbos d'intensité	15	18		X	
5	UD5.	Dire où on passe les vacances, où on loge. Dire ce qu'on fait en vacances. Les lieux de vacances. Le logement. Les activités de vacances. Partir. Le genre des noms géographiques. Les prépositions + noms géographiques. Raconter des événements passés. Décrire un lieu de séjour. Dire quel moyen de transport on prend. Les adjectifs ordinaux. Le passé composé avec être. Venir au PC Présenter sa famille. Exprimer un souhait. Décrire physiquement. Faire des appréciations sur le physique. Les membres de la famille. Le physique. Le futur simple: être, avoir, faire, aller, devenir. Demander/dire les métiers. Le féminin des noms des métiers. C'est/il est. Dire ce qu'on veut faire plus tard.	25	18			X
6	UD6.	Faire des achats. Demander poliment. Demander/donner/commenter un prix. Les magasins. Le conditionnel de politesse. Les pronoms person COD. Parler de son argent de poche. Exprimer la fréquence. Commerces et commerçants. Les nombres infini. La fréquence. Acheter, recevoir, payer	25	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1.	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer o sentido global e información relevante e previsible en textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos e estruturados con conectores moi básicos, sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, propios dos ámbitos persoal, educativo e público, expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Extraer cando menos o 50% do sentido global e da información relevante e previsible.	PE	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender a información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita, de xeito presencial ou telemático, e dos medios de comunicación social que aborden conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e co apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados e que íno caso da oralidade estean articuladas moi claramente, con ritmo pausado, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	Comprender cando menos o 50% da información esencial en situacións de comunicación oral ou escrita.		
CA1.4 - Comprender descricións, narracións, instrucións e opinións claras formuladas a través de diversos soportes de xeito simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese traballados previamente, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito con ritmo pausado.	Comprender cando menos o 50% das descricións, narracións, instrucións e opinións.		
CA1.6 - Redactar textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, e mensaxes e notas moi sinxelos con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros básicos de léxico, morfosintaxe...		
CA1.7 - Completar formularios e documentos moi básicos nos que se solicite información persoal, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección alto (75%) formularios e documentos moi básicos.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 75% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes de textos sinxelos e básicos: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	Recoñecer e usar algunha das estratexias básicas de comprensión (incluídas as paralingüísticas) para inferir significados.	TI	65
CA1.5 - Producir oralmente textos curtos e moi sinxelos, a partir de modelos sinxelos e básicos, sobre temas cotiás e habituais pronunciando de maneira intelixible, prestando atención ao ritmo, á acentuación e á entoación, reparando os erros básicos de pronuncia.	Producir oralmente textos intelixibles e comunicativos, aínda que conteñan erros básicos de pronuncia, léxico, morfosintaxe...		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Aplicar e compartir coñecementos e estratexias básicas para producir textos escritos (adecuación á persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia da totalidade das estratexias, aplicalas na súa maioría e ser quen de explicalas e compartilas.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas breves e sinxelas, producindo textos intelixibles e reparando os erros básicos de pronuncia cando as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas breves e sinxelas.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave se o necesita e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces. Pedir aclaracións sempre que o precise.		
CA1.11 - Interactuar respondendo e facendo preguntas e dando e comprendendo informacións sinxelas, relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, afeccións e intereses etc.), así como instrucións e peticións relativas ao ámbito escolar.	Interactuar intelixiblemente cando menos no 50% das veces.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información simple e previsible, de interese inmediato, de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, carteis, programas, folletos, palabras de menús, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, identificando aqueles factores socioculturais máis evidentes que dificulten a comunicación, e usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría. Identificar cando menos os factores socioculturais que máis dificulten a comunicación.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico, reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis claras (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas básicas...).		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar a maioría das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízos. Explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso de estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais breves, básicos e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións básicas e cotiás (identificar unha persoa, transmitir horarios, notas, costumes ou hábitos). - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: intercambiar información sobre cuestións cotiás; instrucións e ordes básicas; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións sinxelas; expresar o gusto ou o interese e emocións moi básicas; enlazar frases de forma sinxela para narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciación sucesos futuros; expresar a opinión; dar explicacións moi sinxelas; realizar hipóteses moi básicas; expresar en textos moi sinxelos a posibilidade e a dúbida. - Uso de modelos contextuais e xéneros discursivos de uso moi común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos, organización e estruturación segundo o xénero

Contidos

- (narrativo, descritivo e instrutivo).
- Utilización de unidades lingüísticas básicas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade (obxectos, persoas, accións, sucesos etc.) e as súas propiedades (existencia, inexistencia, dimensións...), cantidade e calidade (forma, tamaño, cor, idade...), o espazo e as relacións espaciais (distancia, dirección, orixe...), o tempo e as relacións temporais (datación, frecuencia, secuencia...), formas básicas da afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Utilización de léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo a identificación persoal, relacións interpersoais básicas, lugares e contornas máis habituais, lecer e tempo libre, estudos, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración e identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra, utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra, comparar, colaborar etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información como dicionarios, bibliotecas, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos, gramaticais etc.).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes e estudantes da lingua estranxeira.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos e de frases feitas e locucións básicas para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias de uso máis común (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso común, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas, comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos etc.; e os costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e

Contidos
- teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	UD2.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
Co obxectivo de adquirir recursos para aprender a comunicarse noutras linguas estranxeiras, hase procurar unha reflexión sobre a lingua francesa, a través de baterías de exercicios variados desenrolando a técnica da observación sistemática das realizacións orais (mesmo da linguaxe xestual) e escritas específicas do francés, para ir deducindo as regras de funcionamento do sistema lingüístico inherente a esta lingua. Esta reflexión se complementará con unha comparación coas súas linguas maternas (galego, castelán), e con outras linguas románicas como o portugués, o italiano. Suliñarase as semellanzas e as diferenzas entre elas. Guiarase ao alumno para que aprenda dos erros, e que os vexa como unha incidencia positiva. Proporanse técnicas de estudo de linguas estranxeiras que o alumno adaptará ao seu ritmo de aprendizaxe.

Polo que respecta a cultura e civilización francesas ou francófonas, hase procurar sempre nas clases que haxa referencias a lugares, persoaxes célebres, cadros, obras, feitos históricos, xeografía. Ou ben será nalgúns temas obxecto de investigación ou estudo por parte dos estudantes, a través de traballos/exposicións orais individuais ou de grupo.

O conxunto das actividades para o alumno terán relación coa vida práctica e cultura francófona (cociña francesa, celebracións, xeografía, persoaxes históricos, literarios e de actualidade, cancións, etc). Tentaremos que as actividades sexan dinámicas para contribuir ao non sedentarismo do alumnado: pezas de teatro, jeux de rôle, coreografías...)

Coas actividades relacionadas coa cociña, ou cos alimentos, ou hábitos diarios promoveremos un estilo de vida saudable en cuestións de alimentación, hixiene e deporte.

ADAPTACIÓN AO DELF e/ou PROBAS DE SELECTIVIDADE. As distintas actividades adaptaranse aos límites ou pautas que se propoñen nos exames do DELF, ou selectividade, segundo as necesidades dos alumnos

Dende o curso 2020/21 no IES Coruxo desapareceron as AULAS TEMÁTICAS, desapareceu a AULA DE FRANCÉS, por mor do protocolo covid. Dende este departamento estase a solicitar á dirección un AULA DE FRANCÉS, sobre todo para os alumnos de optativa Francés a partir de 3º ESO. Esta aula é parte da metodoloxía da materia, xa que permitiría ter unha variedade de materiais ao alcance: libros de lectura, BD, fichas, crucigramas, dicionarios, mapas físicos, cartéis. O diferente ritmo de aprendizaxe dos alumnos e a atención á diversidade sería moito máis factible e eficaz con esta accesibilidade. Esta aula proporcionaría tamén ao alumno un ambiente favorable á inmersión na cultura francófona.

A Biblioteca, ou a aula de informática serán outros espazos nos que os alumnos de francés realizarán traballos de investigación, etc

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira basearase nos aspectos seguintes:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe prograse cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, mais tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Interdisciplinariade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuíndo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguas, fronte á non expresión (silencio).
- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicarase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, incluíranse no plan lector do centro.
- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.
- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaríase a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade.

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- No marco dun proxecto de intercambio epistolar/ en liña/presencial cun centro educativo estranxeiro, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais e tamén a estrutura dunha carta, xa que neste curso levarase a cabo un intercambio epistolar cun collège de Normandía.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de texto (libro do alumno e cuaderno de exercicios)
Material de elaboración propia, libreta do alumno
Documentos auténticos, prensa, mapas, BD, libros de lectura nivelados, extractos de obras literarias, cancións, cuadros, esculturas, arquitectura
Páxinas web vinculadas ao FLE, cancións, video-clips, curtametraxes, extractos de películas, reportaxes, documentais, debuxos animados
Dicionarios en papel e en liña, bancos de imaxes
Recursos dixitais (quizz, tradutores, conxugadores...)
Fichas, Xogos de elaboración propia, listados de vocabulario con debuxos
Xogos comerciais aplicables á materia
Cartelería, receitas, videoconferencias, circuitos para roteiros
Probas tipo DELF e outras certificacións
libros de lectura nivelados, extractos de obras, poemas
ordenador do alumno

- O manual de referencia empregado no centro será En Ligne, da editorial Edebé (Trait d'union). Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.

- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e

constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Exporase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (dicionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.), cancións, vídeos, extractos de películas, receitas

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Adicarase á avaliación inicial as tres (4) primeiras sesións do curso. Neste caso, en 3º ESO, hai alumnado que procede dun 2º da ESO no que non impartiu clases a actual profesora de 3º, senon outra profesora, co que este período de introdución do curso servirá tamén para establecer os temas a estudar no curso e os aspectos esenciais da nova programación didáctica a coñecer polo alumnado. As probas serán as seguintes:

- Proporase unha rúbrica de autoavaliación, que se reutilizará ao longo do curso, podendo constatar os progresos realizados.

- Levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación.

- Proporase algunha proba, similar ás do DELF escolar, ben dun nivel correspondente ao fixado ao remate do curso anterior (de cara a constatar se o grao de adquisición é o requirido para comezar o curso), ben do nivel correspondente ao perfil de saída do presente curso (de cara a mostrar ao alumnado o camiño que queda por percorrer, salientando as destrezas a desenvolver).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	35	35	35	35	35	35	35
Táboa de indicadores	65	65	65	65	65	65	65

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

O proceso de avaliación estará centrado non só nos contidos, senon tamén na forma de traballar e na disposición do alumno na clase e na materia. Entendemos que os procedementos van relacionados íntimamente cos conceptos, e coas competencias que desenvolva o alumno durante todo o curso polo que á hora de valoralos o faremos en conxunto, relacionándoos cos estándares de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será integradora e se terán en conta como referentes últimos a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación facilita que se realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Ao longo de cada curso realizaranse, para cada curso, tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación da materia pendente, se fora o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que establece o calendario escolar para cada curso.

A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Os PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O proceso avaliador levarase a cabo tendo en conta os seguintes aspectos:

a) A observación directa do alumnado, tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos en grupo ou de posta en común, os seus hábitos de traballo, os seus avances conceptuais.

b) A supervisión do traballo dos alumnos, realizado na aula e fóra da mesma (traballo na casa), obtendo información sobre a expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita e desenvolvemento das actividades, e tarefas, uso práctico da tecnoloxía, búsqueda adecuada de fontes de información, reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe, progreso, evolución das súas destrezas..

c) A realización periódica de probas orais e escritas de diferente natureza nas que se avaliará a calidade comunicativa (adecuación a situación comunicativa, xusteza da información, organización e coherencia do discurso oral e/ou escrito) e a calidade lingüística (corrección gramatical e lexical, pronunciación nas probas orais, presentación dos traballos escritos: ortografía, presentación, mise en page, puntuación), presentación de actividades e tarefas en tempo e forma, exposicións orais, traballos escritos, resumos, dictados, redaccións, realización de tarefas de felicitación.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Os alumnos elaborarán un caderno en cada clase de francés con apuntes, exercicios, fotocopias e tarefas, que revisarán asiduamente, e terán que ter ben organizado e con boa presentación, fichas de vocabulario, verbos.... e seguirán, tamén, o libro de texto e o cuaderno de exercicios asignado a cada curso.

Realizarán probas escritas, tipo QCM, cuestionarios ou de completar/contestar/unir, respostas a preguntas desenvolvidas durante o curso, ou redaccións, realizarán traballos e exposicións orais sobre diferentes temas.

Contarán positivamente as intervencións diarias en clase cando sexan acertadas as respostas ás preguntas da profesora, a participación, a actitude, o respecto ás normas (competencias de aprender a aprender e cívica), e o grao de implicación nas distintas tarefas, presentación apropiada dos traballos, escritos (marxes, títulos, epígrafes, parágrafos), pulcritude, orde e boa escritura.

Por outra banda, exporán os traballos de investigación, e/ou farán exposicións orais nas que terán que falar de si mesmos, da súa familia, dos amigos, animal de compañía, de rexións francesas, parques de atraccións (segundo o curso), dunha imaxe, respostar/formular preguntas, dar ou pedir datos, xustificar, falar dos temas que se propoñan para debates.

Visualizarán e comentarán ou representarán documentos sonoros ou visuais (fotografías, pinturas ¿no primeiro plano?), a partir dos cales farán resumos, comentarios, etc.

Dialogarán cos seus compañeiros ou debatirán sobre un tema, segundo o nivel educativo.

Realizarán coreografías reforzando con movementos o vocabulario das cancións, etc.

Elaborarán pratos e receitas, para degustacións, se as normas do centro o permiten.

Respetarán os prazos previstos para a entrega de traballos, exposicións orais, tarxetas de felicitación, exercicios, fichas etc. que entregarán sempre e en tempo e forma.

Acordarase moita importancia a actitude positiva na clase de francés, á participación, á asistencia, á puntualidade, respecto ás persoas, ao profesor, compañeiros, material e normas de clase, turnos de palabra, utilización de fórmulas de cortesía.

Os alumnos deben seguir as consignas do profesor e facer os traballos de investigación, redacción, sen plaxiar a información dunha web, nin copiar entre si, nin abusar e facer un mal uso dos tradutores online, nin presentar exercicios/traballos feitos polas súas familias, profesores particulares, etc. Estas malas praxis conlevarán unha

repetición do traballo para comprobar que son eles os autores, e se desta non se respetan as consignas, non haberá máis oportunidades e o traballo non contará.

Na materia de francés está prevista a realización de, mínimo, un exame escrito por trimestre. A nota dependerá do nivel de adquisición dos contidos, das competencias, dos estándares de aprendizaxe e dos obxectivos. En todo caso, para acadar a nota de 5 deben superar os mínimos esixibles e teren presentado todos os traballos do curso segundo as consignas e en prazo. Aplicarase a avaliación continua, de xeito que o alumno que aprobe a avaliación final aprobará toda a materia.

Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua, progresiva e sumativa. O valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos das cinco destrezas, aspectos culturais, e competencia cívica. Teranse en conta os criterios de avaliación que procedan de entre os seguintes: 1.1, 1.2, 1.4, 1.5, 1.6, 1.7, 1.9, 1.10, 1.11, 2.1 e 2.2.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, xeografía, cultura, probas de pronuncia, exposicións orais, etc.

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen.

Elaborarase unha táboa de indicadores que permita avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos seguindo os criterios de avaliación que se enumeran a continuación: 1.3, 1.8, 1.12, 1.13, 2.3, 2.4, 2.5, 2.6, 3.1, 3.2, 3.3 e 3.4. Para encher esta táboa de indicadores recurrirase á observación directa na aula e á "trace écrite".

A cualificación da avaliación ordinaria obterase da suma das cualificacións trimestrais ponderadas segundo se recolle nesta programación (20% - 30% - 50% respectivamente).

A cualificación de cada unidade didáctica obterase da suma das cualificacións ponderadas das probas e tarefas realizadas en cada unidade.

Os criterios de cualificación para a materia de francés son:

- Participación diaria na clase e en exercicios, actividades (coreografías, tarxetas de conmemoracións, elaboración de postres), traballo na clase, deberes, libreta (ordenada, con todas as anotacións ao día), corrección de exercicios pola pizarra verificando adecuadamente, lectura de libros ou extractos propostos, respostas correctas de ter estudiado e os apuntes ao día, deberes ben feitos, rapports de lecturas, exposés, representacións, redaccións, traballos, proxectos e tarefas entregados en tempo e forma (Probas orais, contestar acertadamente durante as clases: coñecemento da lingua, gramática, sintaxe, vocabulario, cultura) 20%

- Probas escritas 60%

- Exposición oral, tarefa final* de curso: 10%

- Atitude (respeto das normas, comportamento, esforzo, progreso) 10%

O cento por cen destas rúbricas representaría a nota de 10

Para aprobar o alumno debe acadar o 50%, ou a nota de 5 que supón que o alumno ten adquiridos os obxectivos mínimos.

(*)Os alumnos deberán de realizar unha tarefa final, exposé con power point, ou semellante, sen ler, so cun esquemático guión, no que falen de todos os aspectos aprendidos no curso, por exemplo en 1 ESO: Moi, ma famille, mon animal de compagnie, mes goûts... Este traballo representará 10 por cento da nota final. Este traballo deberán entregalo previamente á profesora en papel para a súa corrección e visto bo.

Notas:

-A nota da Avaliación Final, para os alumnos que teñan suspensas as anteriores avaliacións será, como máximo, 6: 3 puntos o exame escrito (no que so aparecerán os mínimos esixibles), 1 punto traballos entregados correctamente fóra de tempo, e 2 puntos a exposición oral, tarefa final de curso, realizada sen fallos, sen ler e respectando todas as consignas. Os 4 puntos restantes ata 10 non son recuperables xa que na materia de francés as intervencións en respostas acertadas durante as clases durante os 3 trimestres, co seguimento e traballo diarios e na libreta, os diálogos realizados durante as clases contan na nota daqueles alumnos que foron aprobando trimestre a trimestre traballando a diario e sobre todos os contidos, non so os mínimos.

-Se a materia non fora recuperada na avaliación final, e o alumno non conseguira daquela superar os mínimos esixibles poderá recuperala como materia pendente nos prazos establecidos do seguinte curso.

-Aquel alumno que falte sistemática e inxustificadamente perderá o dereito a avaliación trimestral tendo a posibilidade de presentarse á proba final.

Sendo condición indispensable para aprobar a materia a asistencia a clase, chegar sempre a tempo, e a xustificación coherente das faltas.

-Non puntuarán positivamente os traballos individuais ou colaborativos nos que se falte ao respecto de compañeiros ou se faga mofa dos erros, nin os traballos copiados doutro compañeiro ou plaxiados de internet ou outros medios.

-Non superarán a materia os alumnos que abandonen a materia. Consideramos abandono a asistencia non continuada e inxustificada á clase, non traer o material reiteradamente, non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa ou deixar sistemáticamente os exámenes en branco, ou preguntas durante a clase relativas á materia.

-Os alumnos que teñan problemas de comportamento (con parte de incidencias) durante o curso non poderán asistir ás saídas extraescolares xa que pode supoñer un risco para a súa seguridade o feito de que non respete as normas tampouco nas saídas escolares.

Especificacións:

Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos das cinco destrezas mais os aspectos culturais (xeografía, historia, arte e civilización...) da cultura francófona.

Entre as probas, propóranse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, gramática, redación, probas de pronuncia, e tamén sobre os ditos aspectos culturais,

Entre as tarefas, propórase a realización e exposición de traballos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da ou das unidades didácticas nas que se encaixen.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.

- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.

- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxectivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No curso escolar 2022/23 non hai alumnado con francés pendente.

Non obstante as actuacións para a recuperación da materia, de selo caso son as seguintes:

O alumnado que promocionou coa materia pendente será convocado a unha primeira xuntanza pola Xefatura do Departamento ao longo das dúas primeiras semanas de curso. Recibirá información escrita do plan de reforzo que se levará a cabo. Elaborado polo profesorado que imparte a materia, este plan ten como referentes os obxectivos da materia e a adquisición das competencias. Nel figurará o procedemento de seguimento, recuperación e avaliación da materia. De todo este procedemento, así como do seu contido, informarase ao profesorado titor deste alumnado.

O alumnado terá tres ocasións para superar a materia pendente:

- exames parciais: xaneiro (UD1-UD2-UD3) e abril (UD4-UD5-UD6)
- examen final: maio (da UD1 á UD6)
- convocatoria ordinaria: xuño (da UD1 á UD6)

As datas de realización das probas serán penduradas nos taboleiros do centro para tal fin.

Para recuperar a materia o, e ao longo do curso, o alumnado deberá entregar 5 traballos (en decembro ou en abril), titorizados polo profesorado da materia (se a cursa no presente curso) ou pola xefatura do Departamento (se non a cursa actualmente). Os traballos substituirán aos exames e servirán para a recuperación da materia: 5 traballos, igual a 5 puntos.

Proporanse proxectos que fomenten a adquisición das competencias claves e específicas, traballarán a transversalidade e, na medida do posible, a interdisciplinidade.

O alumnado recibirá igualmente unha guía de traballo, con tarefas e unha temporalización recomendada, coa intención de facilitarlle a preparación das probas.

O alumnado será convocado mensualmente polo seu profesorado ou pola Xefatura do Departamento (se non cursa a materia no presente curso). Nas xuntanzas o alumnado presentará o traballo que leva realizado para que o profesorado poida facer un seguimento e reorientalo se fose preciso.

O alumnado que se presente unicamente ás probas finais optará deste xeito ao 100% da súa cualificación, que será sobre mínimos, e obterá como nota máxima 5.

Avaliación mediante exames parciais. A nota final será a media aritmética das dúas probas parciais. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco.

Ao alumnado que acade o cinco nalgunha das dúas probas, mais non na media aritmética, conservaráselle esa parte e non terá que examinarse dela no exame final, aínda que ten dereito a facelo se así o desexa.

O alumnado poderá presentarse a un único exame final, de non ter recuperada a materia durante o curso. O alumnado, para superar a materia, deberá acadar o cinco.

Nas xuntas de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e realizaranse os axustes necesarios.

Na avaliación ordinaria do curso en que estea escolarizado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación. En caso de non estar a cursar a materia no presente curso, corresponderalle á Xefatura do Departamento.

6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.
- e) A prolongación do tempo para realizar calquera tipo de proba: exame, exercicios, tarefas, adaptándoas aos seus condicionantes.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

- a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditalo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

- b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

-Daráselles máis tempo, se precisaran, para realizar as distintas probas: exames, exercicios, tarefas.. con explicacións detalladas sobre os distintos exercicios a realizar.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexistación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartiranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

-Daráselles máis tempo, se precisaran, para realizar as distintas probas: exames, exercicios, tarefas.. con explicacións detalladas sobre os distintos exercicios a realizar.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).

- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.

- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.

- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.

- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.

- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

-Daráselles máis tempo, se precisaran, para realizar as distintas probas: exames, exercicios, tarefas.. con explicacións detalladas sobre os distintos exercicios a realizar.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.

-Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.

- Promoverse as tarefas que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Proporánselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.
- Daráselles máis tempo, se precisaran, para realizar as distintas probas: exames, exercicios, tarefas.. con explicacións detalladas sobre os distintos exercicios a realizar.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - EDUCACIÓN EN VALORES, desenvolvemento persoal do alumno (relacións, aspectos sociais, de valores como a tolerancia e o respecto dos demais e das normas, do entorno natural, do patrimonio artístico, das diferentes culturas...). Educación emocional e en valores, respecto ás persoas e ás normas. Axudar aos demais. Participar, colabora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde, alimentación, música, teatro, historia, artes, cultura	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.4 - PROXECTO LECTOR. Comprensión lectora: diferentes tipos de texto (libros nivelados, diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro. Entoar, recitar, Lectura rápida, fluidez, resumo, lecturas dramatizadas, asociar palabras por etimoloxía latina ou grega. Estructura dunha carta formal e informal (fomentando o intercambio epistolar con centros escolares franceses)	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita, mise en page, organización da libreta e da escrita, organización do discurso, normas de cortesía	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero, respecto do diferente, coeducación, respecto pola orientación sexual, discapacidade	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico e respecto da diversidade de opinión	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Curiosidade por aprender e saber, elementos culturais, artísticos, sociais...	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Emprendemento social e empresarial, creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Comunicación audiovisual. Realización dunha curta metraxe. Exposés con power point ou semellante	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Competencia dixital e riscos. Ventaxas: acceso a outros países, outras culturas, xornais, radio, Aprendizaxe a distancia, documentos auténticos. Base de datos inesgotable para as consultas, exercicios en liña, vídeos, dicionarios. Tratamento de textos, crear, participar en blogs, ou a utilidade das redes sociais para comunicación con alumnos franceses (Skype)	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.12 - Educación para o desarrollo sostible	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación vial	X	X	X	X	X	X
ET.14 - PLAN DE CONVIVENCIA participación e implicación en celebracións de festas tradicionais francesas, con envío de postais de nadal entre os membros da comunidade educativa do IES, aportacións culinarias e con diferentes temas. Deseño de actividades que melloran o clima de convivencia. Con todas estas actuacións queremos contribuir ao desenvolvemento persoal, social e cívico dos nosos alumnos.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Esta materia é esencial para o desenvolvemento da personalidade do alumno a través do coñecemento xa que permite a través do francés como vehículo amosar aos alumnos situacións reais e fomenta a reflexión sobre as mesmas. Promove a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, a actividade física e a dieta equilibrada, que formen parte do comportamento xuvenil para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. Favorecer a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol.

O francés permite a INTERDISCIPLINARIEDADE o que redonda nunha maior comprensión do alumno do mundo académico: Historia (personaxes, feitos históricos), Literatura biografías, BD, poemas, obras, contos, comptines, Matemáticas cálculos, porcentaxes, problemas, estatísticas), Xeografía fronteiras, ríos principais, países francófonos e capitais, Ciencias Naturais desenvolvemento sostible, fauna e flora, Lingua (préstamos, étimos, semellanzas e diferencias entre linguas románicas, morfoloxía e sintaxe, esquemas, resumos. Música e Artes Plásticas cancións, debuxos, collages, arte. Tic traballar coa ferramenta power-point, ou semellantes Expresividade corporal: Teatro, coreografías Filosofía Simone de Beauvoir *zon ne naît pas femme on le devient*, existencialismo, positivismo de Comte, O método de Descartes *je pense donc je suis*, cartesianismo

En definitiva, con todas estas actuacións queremos contribuir ao desenvolvemento persoal, social e cívico dos nosos alumnos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
La Toussaint	Co gallo do samaín, lévanse a cabo actividades con temática de medo en francés. Degustación postres de rabaqueta que elaboran os alumnos en grupos. Vocabulaire, peites histoires d'horreur

Actividade	Descrición
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Proporanse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés.
Hora de ler	No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés.
Buzón de tarxetas de Nadal	Por Nadal o Dep de Fr organiza a redación e entrega de tarxetas de felicitación feitas polos alumnos a tódolos membros da comunidade educativa
Chandeleur	Arredor do 2 de febreiro celebrárase a Chandeleur, propoñendo a realización e degustación de crêpes. Recetas, elaboración de vídeos de receitas
Tarxetas Saint-Valentin	Arredor do 14 F, o día dos namorados, os alumnos adicarán unha postal feita por eles de amizade ao compañeiro de clase que lle tocara por sorteo
Échange épistolaire. Rendez-vous skype/video conferencia con alumnos fr	Os alumnos manterán correspondencia postal dirixida en clase con alumnos franceses dun centro de Normandía
Le poisson d'avril	Arredor do 1 de abril: histoires drôles, blagues, élaboration/décoration/découpage poisson d'avril
Carnaval	Journées gastronomiques. Déguisements. Vocabulaire. Culture francophone
Pâques. Élaboration de cartes de voeux.	Aspectos culturais comúns e vocabulario relativo á Pascua e Semana Santa
Semaine de la francophonie	Segundo o calendario oficial, celebrárase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de produtos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.
Fête de la musique	21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Música e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia.
Metodoloxía AICLE	Elaboración e posta en práctica dunha unidade didáctica en lingua francesa con outro departamento coa finalidade de explorar e promover a metodoloxía AICLE.
Día do pai, nai	elaboración de tarxetas de felicitación para os seus pais
Día da muller	Arredor do 8 marzo actividades para destacar o papel das mulleres na historia
Realización de curtametraxes	Teatralización gravada de algunha escena con guión en francés que se visionarán no salón de actos.
Saídas pola contorna	Saídas pola contorna para traballos de campo e vocabulario relacionado coa paisaxe, etc
Festas gastronómicas, actividades, xogos populares, concursos	O departamento de fr organizará xogos populares nos recreos onde os monitores serán alumnos de cursos superiores que lles explicarán as regras.

Actividade	Descrición
Conferencias	Conferencia do profesor-historiador, vicepresidente do IEV, Antonio Giráldez, en relación con Jules Verne e a súa presenza en Vigo, e a mención da nosa cidade na súa obra 20000 lieues sous les mers. Tamén sobre Sanjurjo Badía e o seu batiscafo.
Recitais de poesía	A poeta Stella Maris dará un recital o día da poesía
Visita ao Museo do Mar	Actividade sobre arqueoloxía. Pasado común de influencia celta
Saída teatro LE TOUR DU MONDE EN 80 JOURS	2 marzo - Centro veciñal de Beade. Reserva 2 euros (avance da Entrada 8 euros) BHM PRODUCCIONES
Visita á fábrica de automoción Stellantis	Importancia de multinacionais francesas na economía de Vigo
Visita ao monumento à Jules Verne na estación marítima de Vigo	Batalla de Rande e relación do escritor co inventor galego Sanjurjo Badía
Festival fin de curso no instituto e nos colexios da contorna	Pequenas representacións teatrais, Coreografías con música francesa no instituto e nos colexios da contorna

Observacións:

- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	UD6 - Il fait beau!	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer o sentido global moi evidente e as informacións específicas máis elementais de textos orais, escritos e multimodais breves e elementais sobre temas frecuentes e cotiáns de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma facilmente comprensible, moi clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Extraer cando menos o 50% do sentido global moi evidente e da información máis elemental.	PE	35
CA1.2 - Usar de forma guiada estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de textos moi elementais: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais moi evidentes, e uso dos coñecementos previos sobre a situación, que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e utilizando as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas do seu repertorio lingüístico.	De forma guiada, recoñecer e facer un uso suficiente de estratexias básicas de comprensión en textos moi elementais.		
CA1.5 - Redactar textos curtos e moi elementais a partir de modelos moi sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	Redactar textos curtos e moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros.		
CA1.6 - Completar formularios e documentos moi elementais nos que se solicite de maneira evidente información persoal moi básica, en soporte tanto impreso como dixital.	Completar cun grao de corrección suficiente (50%) formularios e documentos moi básicos.		
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	Ter consciencia dalgunhas estratexias e aplicalas na súa maioría de forma guiada.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección do 40% o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA1.3 - Comprender descrições, narracións, instrucións moi elementais formuladas a través de diversos soportes de xeito moi simple, sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas moi básicos previamente traballados, e, no caso da posibilidade de interacción oral, se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito cun ritmo moi pausado e articulando moi claramente.	Comprender cando menos o 50% de descrições, narracións, instrucións moi elementais.	TI	65
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais intelixibles, aínda que se cometan erros de pronuncia.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo erros de pronuncia.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Facerse comprender cando menos no 50% das veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples.		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente cando menos no 50% das veces. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela cando menos no 50% das veces.		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	Ter consciencia dalgunhas das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		
CA2.1 - Transmitirlles a terceiras persoas información moi simple e previsible, de interese inmediato, de palabras e de textos moi curtos e moi simples como sinais, paneis de información, palabras de menús, prezos, horarios etc., mostrando respecto e empatía polas persoas interlocutoras e polas linguas empregadas.	Transmitir eficazmente a información, cando menos no 50% das ocasións.		
CA2.2 - Aplicar de forma guiada estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comunicación, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Ter consciencia da totalidade das estratexias traballadas e aplicalas na súa maioría facendo uso dos recursos oportunos.		
CA2.3 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas do seu repertorio lingüístico.	Comparar e contrastar, cando menos, as similitudes e diferenzas máis básicas e evidentes (léxico, fonética, estruturas morfosintáxicas moi básicas...).		
CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e cultuais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer o 50% dos estereotipos, rexeitando o 100% dos discriminatorios e prexuízosos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente o 50% dos casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente, cando menos no 50% das ocasións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.

Contidos

- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía de aprendizaxe desta materia baséase no desenvolvemento dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

A metodoloxía didáctica será activa e participativa, baseada na aprendizaxe en espiral e favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Atenderemos tamén ao currículo que recolle as recomendacións do MCERL, que está orientado á acción, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de poñer en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situación específicas no mundo real, que lle permitan unha comunicación efectiva

por medio dun uso espontáneo e creativo da lingua.

Metodoloxía polo tanto cun ENFOQUE ACCIONAL, e aprendizaxe en espiral baseándose no adquirido nun progreso gradual. O enfoque comunicativo adáptase á diversidade dos contextos de aprendizaxe. Organízase a redor de obxectivos de comunicación, a partir de funcións (actos da fala) e de noicións (léxico, gramática, fonética, etc). Preséntase de xeito interactivo, dinámico e responde a unha búsqueda de autenticidade, à imaxe da lingua que se utiliza na vida cotiá. Igualmente cognitivo, ten en conta, no alumno, a existencia dunha interlingua, sen considerala como unha debilidade no proceso de aprendizaxe. O profesor guíao cara ao descubrimento.

A aportación do enfoque accional é o concepto TAREFA, non necesariamente lingüística, a realizar en situacións auténticas dando lugar a unha realización concreta. Detrás de cada Tarefa escóndese unha razón, unha necesidade, un obxectivo a acadar, un destinatario explícito.

Actuar á vez no uso e na aprendizaxe, é a forza motriz deste enfoque cuxo obxectivo é a realización dunha tarefa, mediante actividades preparatorias. A tarefa en si mesma é proxectada como un detonante para actuar coa lingua.

No Marco Común Europeo de Referencia para a aprendizaxe de linguas estranxeiras establece que o usuario e o alumno dunha lingua deben ser considerados ante todo como actores sociais que teñen tarefas (non so lingüísticas) para realizar nunhas circunstancias e un entorno dados, no interior dun campo de acción particular. Hai Tarefa na medida en que a acción é o feito dun (ou varios) suxeitos que movilizan estratéxicamente as competencias das que dispoñen con miras a conseguir un resultado determinado.

A tarefa obedece, entón, a unha preocupación de autenticidade, contextualiza a aprendizaxe e prepara aos alumnos para converterse en actores sociais. Ten por obxecto un resultado concreto que require a posta en marcha dun conxunto de competencias e favorece o seu compromiso personal na aprendizaxe. Co fin de evitar a rutina no proceso de ensino-aprendizaxe, se reviste de diferentes formas (xogos, posters, teatro, coreografías). Lúdica, pide un traballo cooperativo (en grupo ou en parella) de xeito que os alumnos comuniquen entre eles oralmente ou por escrito. Apóiasse e susténtase igualmente na realidade cotiá, tanxible que estimula ao alumno e o empuxa a utilizar e a apropiarse da lingua.

Para comunicar nunha lingua estranxeira, os alumnos deben adquirir coñecementos e competencias para ser capaces de transmitir, recibir e intercambiar información e mensaxes cos demais, por escrito e oralmente.

A principal ferramenta para chegar a este obxectivo reside na comunicación lingüística: os alumnos teñen necesidade de aliar os seus coñecementos de vocabulario, de gramática, de fonética e de expresión oral (actos da fala), para poder expresarse, comprender e facerse comprender en francés.

Outro aspecto da comunicación é primordial para que os alumnos consigan comprender e facerse comprender oralmente: a comunicación paralingüística. Á hora da transmisión dunha mensaxe, unha serie de competencias paralingüísticas acompañan e poden mesmo chegar a reemprazar o discurso. Trátase dos xestos, da musicalidade (entoación), e da expresión corporal para transmitir emocións e sentimentos. Traballar este aspecto da comunicación na aprendizaxe do francés permite ao alumno acadar un nivel de comunicación real.

O teatro na clase de FLE, convértese nunha ferramenta de enfoque accional e da comunicación global no sentido en que o alumno, no centro da súa aprendizaxe, convértese nun verdadeiro actor, no interior dun espazo escénico definido. Na interpretación, utiliza de maneira evidente todas as dimensións da COMUNICACIÓN GLOBAL: xestos, expresión corporal, entoación, movemento, emoción

O alumno adquire outra personalidade coa que pode experimentar, pode cometer erros, esa liberdade que lle confire outra identidade permítelle desinhibirse. Por outra banda, debe respetar as regras da interpretación (quedando a lingua nun segundo plano). O alumno debe reaccionar rápido dando lugar a intercambios espontáneos e máis naturais. Cando interpreta o alumno toma confianza en si mesmo e síntese valorado polo profesor e os compañeiros. Dende o punto de vista da aprendizaxe, co teatro, que permite traballar a lingua oral de maneira lúdica, a clase gana dinamismo, e os alumnos aprenden que a parte da palabra o xesto é moi importante na comunicación. O teatro é un motor de motivación.

Por outra banda o teatro favorece a cohesión de grupo, os alumnos habitúanse a concentrarse, a escoitarse uns a outros, respetan turnos de palabra.. Axúdanse, son solidarios. As relación entre bos e malos alumnos cambia e créase un novo equilibrio.

O Teatro axuda ao alumno a memorizar frases e léxico, a través da memoria corporal, sensorial e emocional.

O Departamento de Francés pretende contribuír ao desenrolo humanístico dos alumnos a través do pracer das artes, intentando fomentar o seu espírito creativo e artístico, co obxectivo de crear cidadáns máis críticos, capaces de analizar e opinar sobre diversos aspectos do mundo cultural, artístico, publicidade, xornalístico, modas, cociña, etc. na idea de combatir a inercia consumista na que se verían envoltos se seguen todas as tendencias sociais sen escepticismo. O modelo de alumno con pensamento crítico, e capaces de argumentar a súa opinión, sendo alumnos

responsables, non obedientes, que reflexionen sobre o mundo e se responsabilicen de poder cambiar os aspectos negativos polos que camiña a humanidade. Seguimos a corrente Art Thinking, promovida polas profesoras universitarias María Acaso e Clara Megías que imparten clase na Complutense de Madrid (2017), prona que asumir unha verdade sin cuestionala e memorizala para repetila nun exame é todo o contrario ao que se necesita para crear una sociedade máis responsable e activa.

Este departamento quere fomentar fundamentalmente a creatividade e o espírito crítico dos alumnos, á vez que lles facilita as ferramentas a través da lingua francesa.

Para que o alumno poida facer, un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, convén que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como o da aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os propios alumnos poderán comprender e producir, de xeito que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda sendo diversas e motivadoras, teñan sempre coma característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliáveis para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

A metodoloxía para o ensino de francés lingua estranxeira primeira ou segunda, fomenta a autonomía da aprendizaxe do alumno proporcionándolle unha maior conciencia lingüística e axudándoo a adoptar o seu propio proceso de aprendizaxe, de maneira que poida valorar os seus progresos ao tempo que gañará en autoestima. Ademais se lle proporcionarán diferentes recursos e estratexias de aprendizaxe para que el mesmo poida adaptar o seu ritmo. Darase unha especial importancia a iniciativa por parte do alumnado así como á súa creatividade.

As clases de francés pretenden ampliar tamén o vocabulario do alumno na súa lingua materna (lingua románica coma o francés), e axudar a entender a estrutura da súa propia lingua a través da comparación (sintaxe, morfoloxía), e tamén a desenvolver recursos lingüísticos de base coma estruturar o discurso, facer parágrafos, deixar marxes, facer unha escrita comprensible e sen tachóns, organizarse, reforzar a memoria auditiva (escoitas, ditados...) e visual (vocabulario con pictogramas, debuxos), saber estar, saber actuar en diferentes situacións, expresar as dúbidas ou sentimentos persoais... Unha serie de aspectos que contribúen á madurez do alumno.

A metodoloxía empregada potenciará a acción e a autonomía do alumno, tendo como guía ao profesor.

A metodoloxía basearase en diferentes tipos de aprendizaxe:

- aprendizaxe signigicativa: na que o proceso de ensino-aprendizaxe esté dirixido polo profesor, tendo sempre como referencia o nivel do alumno, e partindo dos seus coñecementos previos, recordándoos e activándoos de forma sistemática, xa que sobre estes asentaranse os novos; explicitar a utilidade dos contidos para aumetar a implicación dos alumnos; suscitar a interacción na aula, fomentando o protagonismo do alumno como principal actante no proceso de aprendizaxe.

- aprendizaxe comunicativa: desenvolvendo progresivamente os aspectos de comprensión e expresión tanto a nivel oral como escrito, utilizando maioritariamente o francés como lingua de comunicación na aula

- aprendizaxe interactiva: proxectando unha gran variedade de exercicios, actividades e recursos que trate temas significativos, reais, e cercanos ao alumno: lectura, búsqueda de información, cancións, exercicios estruturais, resumos, exposicións orais, presentacións, intercambios de información entre os alumnos da aula, traballos en grupo

- aprendizaxe formativa: cun plantexamento comunicativo actividades que promovan o respecto e a tolerancia. O traballo en grupo facilita o intercambio de experiencias e a cooperación.

- aprendizaxe global pola interrelación dos diferentes contidos da lingua (gramaticais, léxicos, fonéticos, estruturais, culturais). Se proporán actividades graduando a dificultade das mesmas (dirixidas ao principio, e máis libres despois), unindo actividades anteriores e posteriores de maneira progresiva, correxindo erros e ensinando ao alumno a aprender deles. Se atenderá a que o propio alumno reflexione sobre o seu proceso de aprendizaxe, a súa evolución. Se flexibilizará e adaptará a organización do espazo aula para ás distintas actividades. E na produción final, a tarefa, será onde cristalicen todos os savoirs, onde conflúan os estándares de aprendizaxe que foron aprendendo para levar a cabo unha comunicación efectiva, para a cal o alumno poderá utilizar tódolos recursos que considere oportunos: mesmo axudarse da súa lingua materna, tamén con xestos, e utilizando recursos informáticos (power-point)

A metodoloxía utilizada intentará integrar os logros das primeiras metodoloxías (método directo, audiovisual...) e das diversas tendencias comunicativas e funcionais dos últimos anos: trátase de conseguir unha aprendizaxe da lingua francesa esencialmente comunicativa, tanto oral como escrita, sobre todo funcional e centrada no alumno, nas súas necesidades, tal e como preconizan as teorías cognitivas e constructivistas da aprendizaxe, cun profesor-guía

Polo tanto utilizaremos en cada sesión de clase, ou polo menos en cada unidade as 4 habilidades ou skills:

comprensión oral, e escrita, expresión oral e escrita (sen esquecer a reflexión sobre a lingua), para tratar os diferentes temas, e as nocións culturais inherentes a cada un, sen perder de vista o que poidan ser de interese para o alumno.

Para traballar a comprensión oral se utilizarán soportes visuais e sonoros que a faciliten, dramatizacións e pequenos diálogos, seleccionando temas próximos ós intereses dos alumnos e tamén ás súas necesidades. Fixando sempre as cuestións clave: quen, onde, porque, como, cando. Exercicios de escoita onde o alumno terá que comprender o fundamental dun audio do seu nivel, cancións, ditados, verdadeiro ou falso, completar espazos en branco

Para practicar a comprensión escrita se utilizarán procedementos como ler textos (con estruturas e vocabulario para acadar os obxectivos específicos, ou exercicios de consolidación de coñecementos) dos que terán que extraer informacións diversas segundo o seu nivel: B.D., contos tradicionais, artigos de xornais, extractos de prensa en xornais virtuais, folletos, descrições, cancións, diálogos, anuncios, carteis, documentos en internet nos que haxa que buscar unha información global ou específica, coa axuda de preguntas orientativas, ou QCM, actividades de relacionar, verdadeiro ou falso, de completar espazos en branco. En fin, libros de lectura nivelados que buscan captar o seu interese e fomentar o desexo de ler polo simple pracer de facelo.

A expresión oral: trátase de estimular o uso do francés na aula mediante actividades que fomenten a interactividade, individuais, por parellas, en grupo, grupo-clase, tanto cos demais compañeiros coma co profesor, dirixidas a que o alumno acade progresivamente unha real competencia comunicativa.

Aprender a tomar notas sobre o que se vai dicir axuda a organizar o discurso e dará seguridade ao alumno.

Estas actividades son moi variadas e se adaptarán ao nivel do alumnado, poderanse propoñer modelos (escritos no encerado a partir dunha chuvia de ideas por campos semánticos...), ou propostos no libro de texto, para que utilicen as expresións, vocabulario, ou discursos cunha finalidade determinada (argumentacións, descrições, enumeracións...- : Jeux de rôles, facendo que os alumnos se identifiquen con diferentes personaxes de maneira que se plantexen diferentes situacións que máis tarde poderán aplicar en situacións reais de comunicación, facer hipóteses sobre un feito determinado, comentar unha imaxe ou describila utilizando o vocabulario axeitado, responder a preguntas sobre un texto, imaxe, película, sobre a mensaxe dunha canción..., resumir, ou saber relatar un feito pasado ou que vai suceder, que fixeron nas vacacións, fin de semana, cales son os seus proxectos para o verán..., facer presentacións orais co apoio informático

Para exercitar a expresión escrita, nun primeiro tempo, se familiarizará aos alumnos con diversos tipos de textos (cartas, poemas, cancións, chistes, adiviñas...), propoñendo algúns como modelo (onde teñan que utilizar expresións, vocabulario, ou algunha estrutura discursiva determinada (argumentacións, descrições, enumeracións...); textos máis ou menos curtos segundo o nivel, e cunha estrutura fácil, que progresivamente se irá complicando. Poden encher formularios con respostas curtas, encrucillados...

Cando a aprendizaxe progresa o texto escrito vai adquirir máis relevancia; os tipos de textos se diversificarán e se abordarán situacións simuladas ou reais en cartas (relación epistolar cun collègue ou lycée francés), postais, toma de notas, borradores, escribir pequenos artigos, resumir películas, libros, facer descrições, argumentacións... comentar unha imaxe ou describila utilizando o vocabulario axeitado, responder a preguntas sobre un texto, imaxe, película, sobre a mensaxe dunha canción..., fabricar carteis, publicidades, saber relatar feito pasado, presente, ou contar os proxectos futuros, redaccións... fabricar postais de felicitación co vocabulario e estrutura típicos da festa da que se trate

Prestarase especial atención á mise en page (fomentando e valorando sempre a creatividade),

Co obxectivo de adquirir recursos para aprender a comunicarse noutras linguas estranxeiras, hase procurar unha reflexión sobre a lingua francesa, a través de baterías de exercicios variados desenrolando a técnica da observación sistemática das realizacións orais (mesmo da linguaxe xestual) e escritas específicas do francés, para ir deducindo as regras de funcionamento do sistema lingüístico inherente a esta lingua. Esta reflexión se complementará con unha comparación coas súas linguas maternas (galego, castelán), e con outras linguas románicas como o portugués, o italiano e o suízo. Suliñaranse as semellanzas e as diferenzas entre elas. Guiarase ao alumno para que aprenda dos erros, e que os vexa como unha incidencia positiva. Proporanse técnicas de estudo de linguas estranxeiras que o alumno adaptará ao seu ritmo de aprendizaxe.

Polo que respecta a cultura e civilización francesas ou francófonas, hase procurar sempre nas clases que haxa referencias a lugares, persoaxes célebres, cadros, obras, feitos históricos, xeografía. Ou ben será nalgúns temas obxecto de investigación ou estudo por parte dos estudantes, a través de traballos/exposicións orais individuais ou de grupo.

O conxunto das actividades para o alumno terán relación coa vida práctica e cultura francófona (cociña francesa, celebracións, xeografía, persoaxes históricos, literarios e de actualidade, cancións, etc). Tentaremos que as actividades sexan dinámicas para contribuir ao non sedentarismo do alumnado: pezas de teatro, jeux de rôle, coreografías...)

Coas actividades relacionadas coa cociña, ou cos alimentos, ou hábitos diarios promoveremos un estilo de vida saudable en cuestións de alimentación, hixiene e deporte.

ADAPTACIÓN AO DELF e/ou PROBAS DE SELECTIVIDADE. As distintas actividades adaptaranse aos límites ou pautas que se propoñen nos exames do DELF, ou selectividade, segundo as necesidades dos alumnos

Dende o curso 2020/21 no IES Coruxo desapareceron as AULAS TEMÁTICAS, desapareceu a AULA DE FRANCÉS, por mor do protocolo covid. Dende este departamento estase a solicitar á dirección un AULA DE FRANCÉS, sobre todo para os alumnos de optativa Francés a partir de 3º ESO. Esta aula é parte da metodoloxía da materia, xa que permitiría ter unha variedade de materiais ao alcance: libros de lectura, BD, fichas, crucigramas, dicionarios, mapas físicos, cartéis. O diferente ritmo de aprendizaxe dos alumnos e a atención á diversidade sería moito máis factible e eficaz con esta accesibilidade. Esta aula proporcionaríaa tamén ao alumno un ambiente favorable á inmersión na cultura francófona.

A Biblioteca, ou a aula de informática serán outros espazos nos que os alumnos de francés realizarán traballos de investigación, etc

A metodoloxía aplicada nas clases de segunda lingua estranxeira basearase nos aspectos seguintes:

- Activa e participativa, favorecendo tanto o traballo individual do alumnado como o cooperativo, fomentando o traballo autónomo e a autoavaliación, de cara a procurar os progresos.
- Aprendizaxe significativa, de modo que as novas adquisicións do estudante enlacen cos coñecementos previos, tanto do seu repertorio lingüístico como do mundo, para dar lugar a reestruturacións mentais cada vez máis inclusivas, amplas e ricas.
- Aprendizaxe funcional, segundo o cal as actividades de ensino-aprendizaxe parten de situacións reais, académicas e sociais, e retornan a elas en formas diversas de aplicación científica, técnica, social, etcétera.
- Recursos didácticos diversos e fontes de información variadas, coa intención de chegar ás preferencias, gustos e habilidades dun maior número de alumnado, e ofrecer unha visión o máis ampla posible das culturas que vehicula a lingua estranxeira.
- Aprendizaxe lúdica. Na medida do posible as actividades levadas a cabo terán unha compoñente lúdica, de cara a crear un clima de traballo positivo, favorecendo que o alumnado demande máis traballo-xogo e, en consecuencia, a aprendizaxe progrese cun ritmo e profundidade maior.
- Métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo.
- Emprego do francés como lingua vehicular na maior parte dos contextos posibles, tanto nas interaccións orais como nas escritas, favorecendo que o alumnado tamén a empregue para dirixirse ao profesorado, máis tamén aos seus iguais.
- Metodoloxía de proxectos, para unha adquisición eficaz das competencias. Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.
- Interdisciplinariade. Implementaranse proxectos comúns a varias materias, que contribúan á adquisición de contidos de todas elas e poidan ser avaliados baixo diferentes aspectos, contribuindo no alumnado á percepción dun ensino máis global e coherente e rentabilizando o seu traballo e esforzo.
- Reflexión sobre o funcionamento da lingua, encamiñándoa a que o alumnado poida utilizar os coñecementos adquiridos sobre o novo sistema lingüístico como instrumento de control e autocorrección das producións propias e como recurso para comprender mellor as alleas.
- Tratarase o erro como un elemento necesario no proceso de aprendizaxe, evidenciando que calquera falante e aprendiz dunha lingua estranxeira os comete. Levaranse a cabo correccións conxuntas e sistemáticas das producións realizadas no grupo ou producións alleas, mostrando que a detección de erros contribúe a evitar os

propios. Valorarase positivamente a expresión, mesmo con erros ou recurso a outras linguais, fronte á non expresión (silencio).

- Coa finalidade de promover a comprensión lectora adicárase un tempo á lectura, así como actividades directamente ligadas ao fomento da lectura e á adquisición da competencia lingüística na súa vertente escrita (fotonovelas, banda deseñada, actividades de escritura e lectura en redes sociais, lecturas recomendadas, etc.). Estas actividades, e outras que poidan xurdir, incluíranse no plan lector do centro.

- Disposición da aula en pequenos grupos, o que facilita a interacción visual, a cooperación e promove unha mellor comunicación. Desaparecen por outra banda os lugares privilexiados de "diante-atrás", asimilados con frecuencia ao alumnado con mellor-peor rendemento e/ou actitude na aula.

- Recursos dixitais: Farase un uso cotiá da aula virtual, presentando material explicativo, tarefas a realizar, probas, etc. Propóranse proxectos que requiran documentarse ou apoiarse en ferramentas dixitais para a súa exposición, contribuíndo así á adquisición da competencia dixital, entre outras.

- No marco dun proxecto de intercambio en liña/presencial cun centro educativo estranxeiro, procurarase desenvolver destrezas comunicativas tanto receptivas como produtivas. A realización do proxecto previo e entorno ao intercambio e outros proxectos suporán tamén unha oportunidade importante para o traballo coas ferramentas dixitais.

- A integración da preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) resulta nunha mellora das destrezas lingüísticas e nun incremento da motivación do alumnado .

- A materia contribúe á competencia plurilingüe ofrecendo oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender (TIL - Tratamento Integrado das Linguas). O recoñecemento e a aprendizaxe progresiva das regras de funcionamento do sistema interno da lingua estranxeira, a partir das linguas que se coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

- De ser o caso, contar coa asignación dunha persoa auxiliar de conversa sería un elemento clave para acercar a realidade cultural e lingüística francófona ao noso alumnado e para facilitar a expresión oral. Achegaría a cultura dos países francófonos, reforzando a compoñente de multiculturalidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Manuais de clase (livre de l'élève e cahier d'exercices)
Material de elaboración propia, libreta do alumno
Documentos auténticos, prensa, mapas, BD, libros de lectura nivelados, extractos de obras literarias, cancións, cuadros, esculturas, arquitectura, arte
Páxinas web vinculadas ao FLE, cancións, video-clips, curtametraxes, extractos de películas, reportaxes, documentais, debuxos animados
Dicionarios en papel e en liña, bancos de imaxes
Recursos dixitais (quiz, tradutores, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia, listados de vocabulario con debuxos
Xogos comerciais aplicables á materia
Aula virtual

Cartelería, recetas, videoconferencia, circuitos para roteiros
Probas tipo DELF e outras certificacións
libros de lectura nivelados

- O manual de referencia empregado no centro será TRANSIT, da editorial Santillana. Servirá de folla de ruta, sen ser condición a realización de todas as tarefas.
- Completaranse as explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requerimentos do grupo.
- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos ad hoc por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía. Prensa, mapas, BD, libros de lectura nivelados, extractos de obras literarias, cancións, cuadros, esculturas, arquitectura, elementos artísticos e culturais.
- A aula virtual servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, comunicación entre iguais e co(a) docente.
- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, etc.), de consulta (diccionarios, tradutores, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.), de BD, extractos de películas, curtametraxes, vídeos, cancións, videoclips, que acheguen a actualidade dos países francófonos, e tamén aspectos históricos e xeográficos.
- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén usaranse aqueles xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.
- Exporase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas ás culturas que vehicula a lingua estranxeira, etc.
- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française e das Escolas Oficias de Idiomas para avaliar o grado de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e os perfís de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- En xeral, os alumnos de 1º ESO, salvo raras excepcións, non estudaron nunca francés polo que parten todos de cero, excepto unha alumna cuio pai é francés e ten coñecementos previos.
- Durante as 2 primeiras sesións, levaranse a cabo actividades -individuais e grupais- que permitan avaliar as capacidades ca e o grao de adquisición das cinco destrezas: comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e as aptitudes do alumnado cara á materia. De xeito que se poida entrenar aos alumnos no desenvolvemento destas habilidades para unha lingua estranxeira, neste caso parecida, por ser unha lingua románica, á súa materna (galego/castelán). Tratarase de facer entender aos alumnos a importancia de cursar esta segunda lingua estranxeira non so para o seu futuro profesional senon tamén, dende o punto de vista lingüístico, e de aprender a aprender, como apoio aos seus estudos académicos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	15	15	25	25	100
Proba escrita	35	35	35	35	35	35	35
Táboa de indicadores	65	65	65	65	65	65	65

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

O proceso de avaliación estará centrado non só nos contidos, senon tamén na forma de traballar e na disposición do alumno na clase e na materia. Entendemos que os procedementos van relacionados íntimamente cos conceptos, e coas competencias que desenvolva o alumno durante todo o curso polo que á hora de valoralos o faremos en conxunto, relacionándoos cos estándares de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será integradora e se terán en conta como referentes últimos a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación facilita que se realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Ao longo de cada curso realizaranse, para cada curso, tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación da materia pendente, se fora o caso. A derradeira destas tres avaliacións realizarase nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso.

A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Os PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O proceso avaliador levarase a cabo tendo en conta os seguintes aspectos:

- A observación directa do alumnado, tendo en conta as súas actitudes de iniciativa e interese no traballo, a súa participación nos traballos en grupo ou de posta en común, os seus hábitos de traballo, os seus avances conceptuais.
- A supervisión do traballo dos alumnos, realizado na aula e fóra da mesma (traballo na casa), obtendo información sobre a expresión oral e escrita, comprensión oral e escrita e desenvolvemento das actividades, e tarefas, uso práctico da tecnoloxía, búsqueda adecuada de fontes de información, reflexión sobre o seu proceso de aprendizaxe, progreso, evolución das súas destrezas..
- A realización periódica de probas orais e escritas de diferente natureza nas que se avaliará a calidade comunicativa (adecuación a situación comunicativa, xusteza da información, organización e coherencia do discurso oral e/ou escrito) e a calidade lingüística (corrección gramatical e lexical, pronunciación nas probas orais, presentación dos traballos escritos: ortografía, presentación, mise en page, puntuación), presentación de actividades e tarefas en tempo e forma, exposicións orais, traballos escritos, resumos, dictados, redaccións, realización de tarxetas de felicitación.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Os alumnos elaborarán un caderno en cada clase de francés con apuntes, exercicios, fotocopias e tarefas, que revisarán asiduamente, e terán que ter ben organizado e con boa presentación, fichas de vocabulario, verbos.... e seguirán, tamén, o libro de texto e o caderno de exercicios asignado a cada curso.

Realizarán probas escritas, tipo QCM, cuestionarios ou de completar/contestar/unir, respostas a preguntas desenvolvidas durante o curso, ou redaccións, realizarán traballos e exposicións orais sobre diferentes temas.

Contarán positivamente as intervencións diarias en clase cando sexan acertadas as respostas ás preguntas da profesora, a participación, a actitude, o respecto ás normas (competencias de aprender a aprender e cívica), e o grao

de implicación nas distintas tarefas, presentación apropiada dos traballos, escritos (marxes, títulos, epígrafes, parágrafos), pulcritude, orde e boa escritura.

Por outra banda, exporán os traballos de investigación, e/ou farán exposicións orais nas que terán que falar de si mesmos, da súa familia, dos amigos, animal de compañía, de rexións francesas, parques de atraccións (segundo o curso), dunha imaxe, respostar/formular preguntas, dar ou pedir datos, xustificar, falar dos temas que se propoñan para debates.

Visualizarán e comentarán ou representarán documentos sonoros ou visuais (fotografías, pinturas e no primeiro plano), a partir dos cales farán resumos, comentarios, etc.

Dialogarán cos seus compañeiros ou debatirán sobre un tema, segundo o nivel educativo.

Realizarán coreografías reforzando con movementos o vocabulario das cancións, etc.

Elaborarán pratos e receitas, para degustacións, se as normas do centro o permiten.

Respetarán os prazos previstos para a entrega de traballos, exposicións orais, tarxetas de felicitación, exercicios, fichas etc. que entregarán sempre e en tempo e forma.

Acordarase moita importancia a actitude positiva na clase de francés, á participación, á asistencia, á puntualidade, respecto ás persoas, ao profesor, compañeiros, material e normas de clase, turnos de palabra, utilización de fórmulas de cortesía.

Os alumnos deben seguir as consignas do profesor e facer os traballos de investigación, redacción, sen plaxiar a información dunha web, nin copiar entre si, nin abusar e facer un mal uso dos tradutores online, nin presentar exercicios/traballos feitos polas súas familias, profesores particulares, etc. Estas malas praxis conlevarán unha repetición do traballo para comprobar que son eles os autores, e se desta non se respetan as consignas, non haberá máis oportunidades e o traballo non contará.

Na materia de francés está prevista a realización de, mínimo, un exame escrito por trimestre. A nota dependerá do nivel de adquisición dos contidos, das competencias, dos estándares de aprendizaxe e dos obxectivos. En todo caso, para acadar a nota de 5 deben superar os mínimos esixibles e teren presentado todos os traballos do curso segundo as consignas e en prazo. Aplicarase a avaliación continua, de xeito que o alumno que aprobe na terceira avaliación aprobará toda a materia. Se non aprobara na terceira avaliación, pode recuperala no exame da avaliación final (de mínimos).

Os criterios de cualificación para a materia de francés son:

-Participación diaria na clase e en exercicios, actividades (coreografías, tarxetas de conmemoracións, elaboración de postres), traballo na clase, deberes, libreta (ordenada, con todas as anotacións ao día), corrección de exercicios pola pizarra verificando adecuadamente, lectura de libros ou extractos propostos, respostas correctas de ter estudiado e os apuntes ao día, deberes ben feitos, rapports de lecturas, exposés, representacións, redaccións, traballos, proxectos e tarefas entregados en tempo e forma (Probas orais, contestar acertadamente durante as clases: coñecemento da lingua, gramática, sintaxe, vocabulario, cultura) 10%

-Probas escritas 60%

-Exposición oral, tarefa final* de curso: 20%

-Actitude (respeto das normas, comportamento, esforzo, progreso) 10%

O cento por cen destas rúbricas representaría a nota de 10

Para aprobar o alumno debe acadar o 50%, ou a nota de 5 que supón que o alumno ten adquiridos os obxectivos mínimos.

(*)Os alumnos deberán de realizar unha tarefa final, exposé con power point, ou semellante, sen ler, so cun esquemático guión, no que falen de todos os aspectos aprendidos no curso, por exemplo en 1 ESO: Moi, ma famille, mon animal de compagnie, mes goûts... Este traballo representará 20 por cento da nota final. Este traballo deberán entregalo previamente á profesora en papel para a súa corrección e visto bo.

Notas:

-A nota da Avaliación Final, para os alumnos que teñan suspensas as anteriores avaliacións será, como máximo, 6: 3 puntos o exame escrito (no que so aparecerán os mínimos esixibles), 1 punto traballos entregados correctamente fóra de tempo, e 2 puntos a exposición oral, tarefa final de curso, realizada sen fallos, sen ler e respectando todas as consignas. Os 4 puntos restantes ata 10 non son recuperables xa que na materia de francés as intervencións en respostas acertadas durante as clases durante os 3 trimestres, co seguimento e traballo diarios e na libreta, os diálogos realizados durante as clases contan na nota daqueles alumnos que foron aprobando trimestre a trimestre traballando a diario e sobre todos os contidos, non so os mínimos.

-Se a materia non fora recuperada no exame de recuperación nas datas previstas para tal fin antes da avaliación

final, e o alumno non conseguira daquela superar os mínimos esixibles poderá recuperala como materia pendente nos prazos establecidos do seguinte curso.

-Aquel alumno que falte sistemática e inxustificadamente perderá o dereito a avaliación trimestral tendo a posibilidade de presentarse á proba final.

Sendo condición indispensable para aprobar a materia a asistencia a clase, chegar sempre a tempo, e a xustificación coherente das faltas.

-Non puntuarán positivamente os traballos individuais ou colaborativos nos que se falte ao respecto de compañeiros ou se faga mofa dos erros, nin os traballos copiados doutro compañeiro ou plaxiados de internet ou outros medios.

-Non superarán a materia os alumnos que abandonen a materia. Consideramos abandono a asistencia non continuada e inxustificada á clase, non traer o material reiteradamente, non realizar as actividades propostas nin na aula nin na casa ou deixar sistemáticamente os exámenes en branco, ou preguntas durante a clase relativas á materia.

-Os alumnos que teñan problemas de comportamento (con parte de incidencias) durante o curso non poderán asistir ás saídas extraescolares xa que pode supoñer un risco para a súa seguridade o feito de que non respete as normas tampouco nas saídas escolares.

Especificacións:

Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos das cinco destrezas mais os aspectos culturais (xeografía, historia, arte e civilización...) da cultura francófona.

Entre as probas, proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, gramática, redación, probas de pronuncia, e tamén sobre os ditos aspectos culturais,

Entre as tarefas, proporase a realización e exposición de traballos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da ou das unidades didácticas nas que se encaixen.

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Sempre que non se teñan 3 ou máis faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- Ter entregado todas as tarefas e proxectos requiridos en cada trimestre.

Criterios de recuperación:

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación seguinte serve de recuperación, debendo aprobar a 3ª para poder recuperar o curso.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo segundo o perfil de cada alumno.

c) Rematada a 3ª avaliación, o alumnado que non acadase o 5 sobre 10 no cálculo da cualificación da avaliación ordinaria, deberá realizar as probas e/ou as tarefas das destrezas nas que non acadou o grao mínimo de consecución. Procede deixar constancia no Informe de atención individualizado.

d) O alumno que non aprobe a materia deberá repetir as probas ou tarefas relativas aos mínimos esixibles durante o período reservado para as recuperacións.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Este apartado non procede neste curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Este departamento ten previsto para cada curso materiais e actividades complementarias de consolidación, e prolongación para aqueles alumnos cun nivel máis avanzado ou de reforzo para os que teñan problemas de aprendizaxe, distinto ritmo, NEAE. A finalidade é motivar ao alumnado atendendo ás súas características, necesidades e gustos dentro do posible.

Na adaptación dos tempos, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario. Prestarase atención as propostas que, en relación a avaliación, figuran nos plans, nos proxectos, nos programas, nas guías e nos protocolos elaborados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Aproveitando que as nosas clases non son moi numerosas tentamos atender as necesidades duns e doutros valorando as súas aportacións, contribucións persoais, en cada caso, ao grupo clase.

Este departamento ten a firme intención de motivar e impulsar o ritmo de todos os alumnos de francés con todos os medios dos que se dispoña. Hai que decir neste punto que os alumnos de 1º e 2º ESO, con necesidades de apoio escolar, saen de francés para teren reforzo educativo.

As Reunións de Departamento serven tamén para analizar e valorar os resultados da avaliación inicial coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado. Permiten a revisión dos obxectivos de área ou materia en cada nivel, así como das competencias clave que o alumnado podera lograr como consecuencia da adaptación das programacións.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, daráselle máis tempo para realizar exames, exercicios, etc.

Os plans de reforzo e recuperación formarán parte das programacións didácticas, así como da PXA.

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias.

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando AO o profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando

se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

a) O alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Porase en marcha un plan específico personalizado co fin de adaptar as condicións curriculares ás necesidades do alumnado, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado incluírá a identificación da alumna ou do alumno, a relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso, as medidas ordinarias aplicadas no curso anterior, as estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento, os recursos necesarios para o desenvolvemento do plan e, de ser o caso, a oferta de medidas extraordinarias.

As familias serán informadas deste plan, podendo acreditarlo.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

b) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.

- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.

- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.

- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

c) O alumnado con necesidades educativas especiais.

Na medida en que este alumnado, que afronta barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe, derivadas de discapacidade ou de trastornos graves de conducta, da comunicación e da linguaxe, escollen cursar esta segunda lingua estranxeira, poranse en marcha apoios e atencións educativas específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

- A lexislación prevé que as Administracións educativas doten este alumnado do apoio preciso desde o momento da súa escolarización ou da detección da súa necesidade, polo que, DE SER O CASO sempre que faciliten, estes recursos poranse á disposición do alumnado.

- Impartíranse as clases de maneira que o alumnado con algunha discapacidade física poida acceder aos materiais, explicacións, tarefas, instrumentos de avaliación de xeito normalizado, sen que a súa discapacidade supoña un impedimento. (Ex. material visual e tarefas escritas para o alumnado con problemas de audición, material manipulativo e sonoro para o alumnado con problemas de visión, naturalmente co apoio da Fundación Once, material adaptado dixitalmente para o alumnado con problemas motrices e dificultades para a escrita, etc.)

- Implicarase o alumnado con necesidades derivadas de trastornos graves da comunicación e da linguaxe nas mesmas tarefas que o resto do grupo aínda que con distintos niveis de apoio e esixencia, favorecendo así a súa integración no grupo.

- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.

d) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros de texto, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado tutor.

e) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Aadoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Propóranse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Propórase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Propóranse tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

f) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, e seguir cursando a materia en 3º ESO, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.
- Deixarlles máis tempo nos exames.
- Atención individualizada.
- Repasar ao principio das clases o traballado na sesión anterior.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - EDUCACIÓN EN VALORES, desenvolvemento persoal do alumno (relacións, aspectos sociais, de valores como a tolerancia e o respecto dos demais e das normas, do entorno natural, do patrimonio artístico, das diferentes culturas...). Educación emocional e en valores, respecto ás persoas e ás normas. Axudar aos demais. Participar, colaborar	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a saúde, alimentación, música, teatro, historia, artes, cultura	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X
ET.4 - PROXECTO LECTOR. Comprensión lectora: diferentes tipos de texto (libros nivelados, diálogo, carta, poesía, mail, menú, folleto turístico, obra de teatro. Entoar, recitar, Lectura rápida, fluidez, resumo, lecturas dramatizadas, asociar palabras por etimoloxía latina ou grega. Estructura dunha carta formal e informal (fomentando o intercambio epistolar con centros escolares franceses)	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita, mise en page, organización da libreta e da escrita, organización do discurso, normas de cortesía	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero, respecto do diferente, coeducación, respecto pola orientación sexual, discapacidade	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Fomento do espírito crítico e científico e respecto da diversidade de opinión	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.8 - Curiosidade por aprender e saber, elementos culturais, artísticos, sociais...	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Emprendemento social e empresarial, creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Comunicación audiovisual. Realización dunha curta metraje. Exposés con power point ou semellante	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Competencia dixital e riscos. Ventaxas: acceso a outros países, outras culturas, xornais, radio, Aprendizaxe a distancia, documentos auténticos. Base de datos inesgotable para as consultas, exercicios en liña, vídeos, dicionarios. Tratamento de textos, crear, participar en blogs, ou a utilidade das redes sociais para comunicación con alumnos franceses (Skype)	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o desenvolvemento sostible, educación vial	X	X	X	X	X	X
ET.13 - PLAN DE CONVIVENCIA participación e implicación en celebracións de festas tradicionais francesas, con envío de postais de nadal entre os membros da comunidade educativa do IES, aportacións culinarias e con diferentes temas. Deseño de actividades que melloran o clima de convivencia. Con todas estas actuacións queremos contribuir ao desenvolvemento persoal, social e cívico dos nosos alumnos.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Esta materia é esencial para o desenvolvemento da personalidade do alumno a través do coñecemento xa que permite a través do francés como vehículo amosar aos alumnos situacións reais e fomenta a reflexión sobre as mesmas. Promove a prevención da violencia de xénero e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. A actividade física e a dieta equilibrada, que formen parte do comportamento xuvenil para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma. Favorecer a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol.

Esta materia permite a INTERDISCIPLINARIEDADE o que redunda nunha maior comprensión do alumno do mundo académico: Historia (personaxes, feitos históricos), Literatura biografías, BD, poemas, obras, contos, comptines, Matemáticas cálculos, porcentaxes, problemas, estatísticas), Xeografía fronteiras, ríos principais, países francófonos e capitais, Ciencias Naturais desenvolvemento sostible, fauna e flora, Lingua (préstamos, étimos, semellanzas e diferencias entre linguas románicas, morfoloxía e sintaxe, esquemas, resumos. Música e Artes Plásticas cancións, debuxos, collages, arte. Tic traballar coa ferramenta power-point, ou semellantes Expresividade corporal: Teatro, coreografías Filosofía Simone de Beauvoir *Çon ne naît pas femme on le devient*, existencialismo, positivismo de Comte, O método de Descartes *¿je pense donc je suis*, cartesianismo.

En definitiva, con todas estas actuacións queremos contribuir ao desenvolvemento persoal, social e cívico dos nosos alumnos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
La Toussaint	Co gallo do samaín, lévanse a cabo actividades con temática de medo en francés. Degustación postres de rabaqueta que elaboran os alumnos en grupos. Vocabulaire, peites histoires d'horreur . Animaux qui font peur. Déguisements terrifiants
Chansons de Noël, coreografías	Os alumnos cantarán en coro chant de Noël e vocabulario relativo á Navidade, carnaval, fin de curso
Buzón de tarxetas de Noël	Por Nadal o Dep de Fr organiza a redacción e entrega de tarxetas postais/felicitación de Nadal a todos os membros da comunidade escolar por parte dos alumnos
Correspondencia postal. Rendez-vous Skype con alumnos de centros educativos franceses	No marco das convocatorias Eduexchanges e/ou Galimiens da CCEFPU desenvolverase un proxecto de intercambio epistolar en liña / presencial cun centro educativo estranxeiro en lingua francesa.
Chandeleur	Arredor do 2 de febreiro celebrarase a Chandeleur, propoñendo a realización e degustación de crêpes. Recetas. Elaboración de vídeos de cociña
Tarxetas Saint-Valentin	O 14 feb é o día dos namorados pero tamén da amizade. Os alumnos adicarán por sorteo unha tarxeta de felicitación a un colega de clase. Lectura de poemas, realización de calligrammes...
Le poisson d'avril	histoires drôles. blagues. élaboration découpage décoration poisson d'avril. Comparación de culturas
Carnaval	Journées gastronomiques de produits typiques. Déguisements.
Pâques. Élaboration de cartes de vœux	Aspectos culturais comúns e vocabulario relativo á Pascua, Semana Santa
Realización de tarxetas polo día da nai e do pai	Os alumnos elaborarán tarxetas de felicitación para a súa nai (1ro domingo de maio) e para o seu pai (19 de marzo)
Día da muller	Entorno ao 8 de marzo actividades para destacar o papel na historia de algunhas mulleres

Actividade	Descrición
DéfiHebdo	Concurso semanal de investigación. Propóñense cuestións breves de tipo xeográfico, histórico, artístico, lingüístico, musical, cinematográfico, literario, gastronómico, etc. sobre as que o alumnado debe investigar. Resólvense dunha semana a outra na primeira sesión semanal de clase, dando pé a explicacións máis amplas sobre aspectos que con frecuencia non hai ocasión de abordar nas UD. Aporta ao alumnado coñecementos varios sobre a cultura francófona e contribúe á adquisición da competencia lingüística, aprender a aprender e competencia dixital.
cine /courtmetraxes/ videoclips en francés	visionado de película/videoclips en francés
Hora de ler	No centro adícase unha hora semanal á lectura libre. O Departamento fará recomendacións de lecturas adaptadas en francés.
Club de lectura	Dende a Biblioteca propóñense varios clubs de lectura. Propóranse lecturas de autoras/es francófonas/os e/ou en francés.
Semaine de la francophonie	Segundo o calendario oficial, celebrarase a semana da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtas, degustación de produtos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.
Fête de la musique	21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia 1982 que se recreará no centro, en colaboración co Departamento de Música e outros que desexen vincularse. Crearanse diferentes puntos no centro onde escoitar música, bailar e tocar, recreando o que se podería ver nesta data en calquera punto de Francia.
Festas gastronómicas, actividades, xogos populares, exposicións, concursos, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, xogos, exposicións, certames ou actos culturais co gallo de fomentar a integración dos alumnos.
Certificacións oficiais - DELF SCOLAIRE	No marco do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Embaixada de Francia, o Departamento informará e colaborará co alumnado interesado en presentarse aos exames para obter certificacións oficiais como o DELF Scolaire da Alliance Française. O Departamento prepara rá e orientará o alumnado para que poidan presentarse ás probas de certificación do DELF scolaire A2, B1 o B2 da Alianza Francesa. Isto proporcionaralle ao alumnado un título oficial a nivel europeo dentro do MECR que certifica os seus coñecementos de lingua francesa.
Saídas pola contorna con reportaxe fotográfica etc, cuaderno de notas e de debuxo	Saídas pola contorna para traballos de campo e vocabulario relacionado coa paisaxe, etc
Conferencias, recitais de poemas	Conferencia do Profesor-Historiador Antonio Giráldez , vicepresidente do IEE, en relación co escritor JULES VERNE e a súa presenza no Vigo do século XIX: Sanjurjo Badía e a súa transcendencia como inventor. Recitais de poemas en francés por poetas
Visita á fábrica de automoción Stellantis	Importancia na economía de Vigo

Actividade	Descrición
Visita á escultura monumento a JULES VERNE: O calamar xigante na Estación marítima de Vigo	explicarse a relación do escritor co inventor galego Sanjurjo Badía, as súas dúas visitas á cidade maila mención da Ría de Vigo na súa obra 20.000 lieues sous les mers
Festival fin de curso	Coreografías con música francesa, e cancións francesas, actuacións no instituto e no colexio de primaria Carrasqueira

Observacións:

Todas estas actividades pretenden motivar aos alumnos e fomentan o traballo en equipo e a iniciativa persoal, desenvolver as relacións interpersoais, a capacidade organizativa, e o respecto

Os alumnos poderán actuar (coreografías, representacións) nos colexios da zoa, onde eles foron alumnos, nas actuacións de final de curso

NOTA:

Os alumnos que teñan problemas de comportamento, partes de incidencias, durante o curso non poderán realizar saídas extraescolares

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Resultados de avaliación.
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Nivel de satisfacción do alumnado.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do libro de texto.

Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación de pendentes
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración das normas de convivencia, respecto, competencia persoal, social, e de aprender a aprender. A creatividade, competencia en conciencia e expresións culturais, competencia dixital no desenvolvemento da materia.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Proxectos de mellora para o próximo curso

Descrición:

a) Enquisa: Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación. Proporase unha enquisa ao alumnado de cada grupo no que se imparte a materia.

Mediante esta enquisa, preténdese acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- o material proporcionado (en todos os soportes).
- a práctica docente.
- os instrumentos de avaliación.
- os tempos asignados para facelos.
- os tempos de corrección.
- o sistema de puntuación e corrección.

b) Autoavaliación: Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- percepción da súa progresión.
- tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- a) Fomentar a coordinación do profesorado.
- b) Mellorar a formación docente.
- c) Reforzar as medidas de atención a diversidade.
- d) Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras: O Departamento levará de maneira conxunta e consensuada unha reflexión das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.

b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés en cada curso.

b) Os erros detectados recolléranse na memoria final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.

d) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:

- Enumeración das actividades realizadas e o seu grado de eficacia e cumprimento.
- Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.
- Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.
- Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
- As medidas de atención á diversidade utilizadas.
- Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

Cunha periodicidade mensual, o Departamento reunirse para, entre outros asuntos, facer o seguimento e as coordinacións oportunas para levar a cabo a aplicación da programación. Levantarase acta.

PROENS

O profesorado fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, en reunión de Departamento estableceuse que, despois establecer puntos comúns coa profesora que imparte clases de francés en 1º ESO, a xefa de departamento fará a programación de todos os niveis posto que ela da clases en todos.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.
- c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando exténdelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

9. Outros apartados